




4

CALIDADE DE VIDA E BENESTAR SOCIAL

4.1.

Saúde

4.2.

Pobreza e cohesión social

4.3.

Cobertura social

4.4.

Medio ambiente
e desenvolvemento sostible

4.5.

Ocio e cultura

4.1.

Saúde

A 9ª Conferencia Mundial de Promoción da Saúde, da Organización Mundial da Saúde, rematou cunha declaración pola que se establecen compromisos para adoptar políticas que, entre outros aspectos, promovan a redución de riscos sanitarios, o acceso a opcións saudables de vida e que conciencien á poboación para manterse en bo estado de saúde, isto é políticas de prevención e concienciación sanitaria. Estas medidas van encamiñadas a fortalecer os vínculos entre saúde e benestar e a Axenda 2030 da ONU para o Desenvolvemento Sostible, na que se adopta o compromiso de garantir unha vida saudable.

As políticas de prevención do ámbito da saúde están cada vez máis presentes, tanto no que respecta aos plans de actuación como ao volume de recursos económicos que se destina a elas. Neste senso as actuacións de prevención enmarcadas no programa de gasto 413A.- Protección e promoción da saúde, aumentan a súa dotación significativamente nos últimos anos, pasando de 56,7 millóns de euros no ano 2014, a case 70 millóns de euros de crédito no orzamento inicial do ano 2017. Neste eido da promoción da saúde e a prevención da enfermidade estímase que no ano 2017, o 40% da poboación obxectivo participe en programas de cri-

bado de cancro de colon e un 83% nos programas de cancro de mama. A cobertura da primovacinação está a tres puntos de acadar o 100%, mentres que a cobertura de vacinación en adultos, referida sobre todo á da gripe, chega ao 55%.

Para o ano 2017, o gasto do orzamento inicial da Comunidade Autónoma de Galicia para sanidade é de 3.412 millóns de euros, un 3,1% superior ao orzamento inicial do ano anterior. O sinalado incremento supera o crecemento estimado do 2,4% do PIB en Galicia, se se manteñen as previsións de crecemento da demanda interna, das exportacións e do emprego.

Unha partida de gran importancia dentro do gasto sanitario é o gasto farmacéutico, así as medidas de eficiencia implementadas neste apartado a partir do ano 2012 contribuíron á redución do gasto sanitario, que, non obstante, volve a incrementarse nos últimos anos. En concreto, no ano 2016 obsérvase un aumento do gasto sanitario por habitante do 3,6% nun contexto de descenso poboacional.

Na clasificación dos bens públicos de carácter social no orzamento inicial do ano 2017, a sanidade acolle o

Producción de bens públicos de carácter social 2016-17: Clasificación do grupo de función 4

	2016	2017	17/16
	(en miles de euros)		(%)
Total	5.893.130	6.063.919	2,9
4.1 Sanidade	3.511.531	3.611.492	2,8
4.2 Educación	2.148.156	2.209.446	2,9
4.3 Cultura	62.162	64.057	3,0
4.4 Deportes	19.611	19.219	-2,0
4.5 Vivenda	51.353	57.646	12,3
4.6 Outros servizos comunitarios e sociais	100.317	102.059	1,7

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

4.1.1.

Orzamento consolidado: 41.- Sanidade

	2014	2015	2016	2017	17/16
	(en miles de euros)				
41.- Sanidade	3.397.079,8	3.408.721,5	3.511.530,7	3.611.491,9	2,8
411A.- Dirección de servizos xerais de sanidade	78.021,2	60.233,6	50.528,3	53.963,0	6,8
412A.- Atención especializada	2.047.271,8	2.107.313,0	2.203.733,9	2.274.712,6	3,2
412B.- Atención primaria	1.169.288,9	1.139.516,3	1.141.607,7	1.163.662,3	1,9
413A.- Protección e promoción da saúde	56.744,7	55.716,4	67.811,9	69.878,9	3,0
414A.- Formación de graduados e postgraduados	45.753,2	45.942,2	47.849,0	49.275,0	3,0

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

4.1.2.

59,5% dos créditos totais. No que atinxe á distribución do gasto nos cinco programas integrados dentro da función 41.- Sanidade, o **cadro 4.1.2.** mostra en primeiro lugar o incremento na dotación orzamentaria en todos os programas. O Programa de Dirección e Servizos Xerais ten carácter universal, dirixido á consecución de obxectivos xerais; este programa incrementase un 6,8% en relación ao orzamento inicial do ano anterior, acadando os 54 millóns de euros.

Os programas de Atención especializada e primaria comprenden o conxunto de actividades desenvolvidas nos centros do Servizo Galego de Saúde e nos centros concertados para dar resposta ás necesidades de saúde dos cidadáns e garantir-las as prestacións sanitarias.

Os obxectivos a acadar cos programas de Atención Especializada (412A e Primaria (412B) enmárcanse na *Estratexia Sergas 2020*, que identifica oportunidades de mellora e constitúe a folia de ruta do Servizo Galego de Saúde para os vindeiros 4 anos. Os ditos obxectivos están centrados en potenciar as novas tecnoloxías e en

perfeccionar a proximidade e a accesibilidade dos servizos e prestacións ao usuario.

A dotación dos nomeados programas 412A e 412B incrementase no orzamento 2017 nun 3,2% e 1,9%, respectivamente, e acada en torno a 3.438 millóns de euros para o ano 2017, o 95% do orzamento consolidado inicial para sanidade.

O programa de Promoción e Protección da Saúde (413A) ten como obxectivo fundamental mellorar a saúde da poboación diminuindo a incidencia e a carga das enfermidades a través da identificación dos factores protectores e de risco e incidindo sobre os axentes sociais para que estes actúen no sentido de favorecer ou diminuír, respectivamente, estes factores. A dotación inicial de este programa incrementase nun 3%, acadando aproximadamente os 70 millóns de euros.

Finalmente, o programa de Formación de Graduados e Posgraduados comprende o conxunto de actividades dirixidas a actualizar os coñecementos dos profesionais

Indicadores demográficos básicos de Galicia e España 2015-16

	2015		2016	
	Galicia	España	Galicia	España
Poboación	2.732.347	46.624.382	2.718.525	46.557.008
menor de 16 anos	346.949	7.460.369	346.006	7.443.197
menor de 20 anos	429.581	9.174.980	428.674	9.174.732
entre 16 e 64 anos	1.729.491	30.590.028	1.711.209	30.456.106
65 e máis anos	655.907	8.573.985	661.310	8.657.705
85 e máis anos	108.389	1.302.745	112.705	1.352.974
Índices (1)				
vellez	24,0	18,4	24,3	18,6
envellecemento	152,7	93,4	154,3	94,4
sobreenvellecemento	16,5	15,2	17,0	15,6
dependencia xeral	58,0	52,4	58,9	52,9
dependencia xuvenil	20,1	24,4	20,2	24,4
dependencia senil	37,9	28,0	38,6	28,4
de recambio	1,62	1,16	1,62	1,17

(1) notas sobre os índices

vellez: relación entre a poboación maior de 65 anos e a poboación total;

envellecemento: relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos;

sobreenvellecemento: relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos;

dependencia xeral: relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (menores de 15 e maiores de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

dependencia xuvenil: relación entre a poboación nova (menores de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

dependencia senil: relación entre a poboación maior (maiores de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos);

de recambio: relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos; , mide a capacidade dunha poboación para substituír os individuos que van xubilando

Fonte: INE, *Padrón municipal*

4.1.3.

sanitarios, así como desenvolver os plans de formación dos futuros especialistas. No orzamento do ano 2017 este programa está dotado con 49 millóns de euros, un 3% máis que no orzamento anterior.

Ao longo do presente capítulo trátase de analizar o estado de situación da saúde da poboación en Galicia, así como o acceso da mesma aos servizos sanitarios. No ámbito da saúde, os datos da última *Enquisa Europea de Saúde*, de 2015, sinalan que os galegos teñen unha boa valoración subxectiva do seu estado de saúde, de xeito que seis de cada dez cualifican o seu estado de saúde de bo ou moi bo (sete de cada dez no conxunto do Estado). A percepción de moi bo ou bo estado de saúde era levemente superior na enquisa europea do ano 2009 (61%).

Co obxecto de mostrar unha visión global da situación do sistema de saúde en Galicia, distinguimos a continuación entre indicadores de saúde propiamente ditos, indicadores de centros sanitarios, as doazóns e transplantes e, por último, os indicadores de gasto sanitario público.

Indicadores de saúde

Tal como se observa na *Enquisa Europea de Saúde*, a asistencia tanto a consultas de atención primaria como especializada aumenta a medida que aumenta a idade, de xeito notable no tramo dos 75 anos en adiante. Por tanto, a estrutura e a evolución demográfica dun territorio condicionan de xeito fundamental as necesidades sanitarias do mesmo. En Galicia, o 24,3% da poboación a 1 de xaneiro de 2016 tiña 65 anos ou máis, cando no conxunto do Estado esta porcentaxe sitúase no 18,6%. O envellecemento da poboación en Galicia deriva en índices de vellez, sobreenvellecemento e dependencia moi elevados, notablemente superiores á media estatal, así como nun maior gasto sanitario per cápita, que aumenta exponencialmente coa idade.

A porcentaxe de poboación de 65 anos ou máis en relación á poboación total (índice de vellez) aumenta en Galicia ano tras ano. Un indicador que mide a evolución deste colectivo é o índice de envellecemento, que relaciona a poboación de 65 anos e máis con respecto a cada 100 persoas menores de 20 anos. Mentres que no

Defuncións en Galicia e España 2014-15: distribución segundo causa

	Total	Infecciosas e parasitarias	Tumores	Sistema circulatorio	Sistema Respiratorio	Sistema dixestivo	Outras causas
2014							
Galicia	29.929	419	8.233	9.586	3.274	1.404	7.013
A Coruña	12.036	191	3.339	3.962	1.287	545	2.712
Lugo	4.884	56	1.199	1.649	512	197	1.271
Ourense	4.400	50	1.184	1.445	516	222	983
Pontevedra	8.609	122	2.511	2.530	959	440	2.047
España	395.830	6.508	110.278	117.393	43.841	19.385	98.425
2015							
Galicia	31.688	517	8.283	9.523	3.977	1.434	7.954
A Coruña	12.601	201	3.313	3.874	1.593	580	3.040
Lugo	5.126	73	1.171	1.605	635	219	1.423
Ourense	4.672	80	1.174	1.399	598	242	1.179
Pontevedra	9.289	163	2.625	2.645	1.151	393	2.312
España	422.568	7.567	111.381	124.197	51.848	20.360	107.215

Fonte: INE, *Defunciones según la causa de muerte*

4.1.4.

Defuncións 2015: distribución segundo causa e grupos de idade

	Total	grupos de idade			
		0-39	40-64	65-79	80 e máis
Tumores	8.283	88	1.735	3.052	3.408
Estómago	518	3	83	186	246
Colon	877	6	120	303	448
Tráquea, bronquios e pulmón	1.486	4	492	624	366
Mama	473	10	152	139	172
Próstata	447	1	21	127	298
Sítios mal definidos	412	5	66	137	204
Enfermidades do sistema circulatorio	9.523	22	556	1.759	7.186
Hipertensivas	991	-	32	98	861
Infarto agudo de miocardio	1.040	3	150	326	561
Outras enfermidades isquémicas do corazón	1.322	3	83	296	940
Insuficiencia cardíaca	1.447	1	34	122	1.290
Outras enfermidades do corazón	1.964	11	124	364	1.465
Cerebrovasculares	2.212	3	92	423	1.694

Fonte: INE, *Defunciones según la causa de muerte*

4.1.5.

conxunto de España este indicador presenta valores en torno a 94, en Galicia presenta incrementos continuos, ata superar o valor 154 no ano 2016. Asemade, a estrutura do grupo de poboación maior de 65 anos tamén reflicte unha evolución negativa, xa que as previsións para o ano 2024 estiman que esta porcentaxe se sitúe en torno ao 27,4%, chegando ao 30,1% no caso das mulleres (**cadro 4.1.3.**).

A esperanza de vida ao nacer en Galicia incrementouse 3,4 anos dende o ano 2000, situándose en 82,9 anos en 2014 (último dato dispoñible), semellante á existente de media en España (83,3 anos).

O envellecemento da poboación ten, entre outras, implicacións directas nos sistemas de protección sanitaria e social. Por unha banda, entre as causas do envellecemento están as derivadas da mellora das condicións de vida e por outra banda, estarían a baixa natalidade ou a saída do territorio de poboación en idade de ter fillos, circunstancias que limitan a renovación da poboación.

No ano 2015 (último dato dispoñible), rexistráronse en Galicia un total de 31.688 falecementos, 1.759 máis que no ano anterior. En termos relativos, a taxa bruta de mortalidade situouse en Galicia nas 1.162,8 defuncións por cada 100.000 habitantes, o que nos sitúa

Vítimas mortais en estradas nas CC.AA. 2015-16 ⁽¹⁾

	2015	2016	16/15	
				(%)
Andalucía	172	186	14	8,1
Aragón	54	55	1	1,9
Asturias	19	26	7	36,8
Baleares	40	48	8	20,0
Canarias	39	38	-1	-2,6
Cantabria	16	9	-7	-43,8
Castela-A Mancha	82	93	11	13,4
Castela e León	143	124	-19	-13,3
Cataluña	172	153	-19	-11,0
C. Valenciana	97	116	19	19,6
Extremadura	42	45	3	7,1
Galicia	91	106	15	16,5
Madrid	58	52	-6	-10,3
Murcia	26	34	8	30,8
Navarra	20	18	-2	-10,0
País Vasco	41	36	-5	-12,2
A Ríoxa	14	20	6	42,9
Total	1.126	1.159	33	2,9

(1) vítimas mortais ás 24 horas en accidentes en vías interurbanas
Fonte: Dirección General de Tráfico

4.1.6.

como a terceira Comunidade Autónoma, tras Asturias e Castela e León, coa taxa máis alta (905,8 taxa bruta media no Estado).

O elevado envellecemento da poboación en Galicia condiciona a súa elevada taxa bruta de mortalidade. Para corrixir este efecto, calcúlanse as taxas de mortalidade estandarizadas que representan a mortalidade das Comunidades Autónomas se todas tiveran a mesma composición de idade. Neste caso, Galicia situaríase nunha posición intermedia con 849,6 falecementos por cada 100.000 habitantes, por debaixo da media estatal que é de 877,4 defuncións.

Un ano máis, a principal causa de morte segue correspondendo ao grupo das enfermidades do sistema circulatorio (**cadro 4.1.4.**), que provocan o 30% das defuncións, seguidas dos tumores e das enfermidades do sistema respiratorio, que causan o 26% e o 12,5% dos decesos, respectivamente. A nivel máis detallado, dentro do grupo de enfermidades do sistema circulatorio, as enfermidades cerebrovasculares son as que se sitúan en primeiro lugar no número de defuncións. Entre os tumores, os responsables de maior mortalidade foron o cancro de traquea, bronquios e pulmón, seguido do cancro de colon (**cadro 4.1.5.**).

Os datos proporcionados polo Rexistro Nacional de

Casos de SIDA reflicten que, segundo as notificacións recibidas no ano 2015, rexistráronse en Galicia 149 novos casos de SIDA, o que supón unha taxa de 5,4 casos por cada 100.000 habitantes (7,39 casos de media en España). O total de casos diagnosticados en Galicia dende o ano 2004, primeiro que aporta datos, é de 2.377, o 6% do total estatal.

No que atinxe á saúde materno-infantil, no ano 2015 repunta a taxa de mortalidade infantil, acadando en Galicia as 2,78 defuncións por cada mil nados vivos fronte ás 1,98 defuncións do ano 2014. Por primeira vez a taxa de mortalidade infantil en Galicia é superior á media estatal, que no ano 2015 foi de 2,67 falecementos por cada mil nados vivos. Comparado co resto das CC.AA., Galicia pasou de ser no ano 2014 a Comunidade Autónoma cunha menor taxa de mortalidade infantil do conxunto do Estado, a ser a quinta cunha maior taxa no ano 2015.

Un segundo indicador da saúde materno-infantil é o da taxa de interrupción voluntaria do embarazo (IVE). No ano 2015 (último dato dispoñible), a taxa de IVE en Galicia é de 6,6 interrupcións por cada mil mulleres entre 15 e 44 anos, o que a sitúa como unha das CC.AA. coa taxa máis reducida, sendo a taxa media no conxunto do Estado de 10,4.

A sinistralidade, tanto provocada por accidentes laborais como de tráfico, pode considerarse tamén un indicador de saúde. Neste senso, o **cadro 4.1.6.** mostra o número de vítimas mortais en estradas. No ano 2016 en Galicia continua o incremento no número de vítimas, a semellanza do acaecido no ano anterior, quebrando a tendencia descendente iniciada en 1998. O número total de persoas falecidas na Comunidade galega no ano 2016 foron 106, 15 máis que no ano anterior, o que supón un 16,5% máis, unha porcentaxe moi superior ao incremento medio no conxunto do estado que foi do 2,9%. Nas estradas galegas localízanse o 9,1% do total de vítimas estatais, sendo a quinta Comunidade Autónoma con maior número, tras Andalucía, Cataluña, Castela e León e a Comunidade Valenciana.

En relación aos accidentes laborais, o **cadro 2.2.9.** [*Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2015-16: distribución segundo a gravidade e sector económico*] reflicte que o número de accidentes laborais con baixa en Galicia diminuíu no último ano un 0,7% para situarse nos 24.994 accidentes. En termos relativos, o índice de incidencia caeu en Galicia dende os 3.271 accidentes por cada 100.000 traballadores afiliados con continxencia de traballo cuberta de 2015 ata os 3.185 accidentes en 2016, un 2,6% inferior.

Indicadores de centros sanitarios

Entre os indicadores básicos do funcionamento do sistema sanitario, podemos destacar os datos de centros sanitarios, tanto no que respecta a aspectos cuantitativos, referidos a recursos materiais e humanos, como cualitativos, reflectidos nos datos de volume e tempo de agarda nas listas de espera.

A estrutura organizativa do sistema galego de saúde divídese en áreas de xestión integradas, que á súa vez se subdividen en zonas básicas de saúde, que son o marco territorial da atención primaria. Como se reflicte no **cadro 4.1.7.**, Galicia conta con sete áreas de xestión integrada e 316 zonas básicas que se corresponden con cada un dos concellos.

No que respecta aos distintos niveis de atención, o nivel asistencial que representa a entrada ao sistema sanitario é a atención primaria. Os centros de saúde son os dispositivos asistenciais principais. Segundo os datos

publicados polo Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, Galicia conta con 399 centros de saúde e 71 consultorios locais. En canto á atención especializada, que se presta en centros de especialidade e en hospitais, Galicia dispón de 38 hospitais, dos que 14 dependen funcionalmente do Servizo Galego de Saúde.

Un dos niveis asistenciais máis complexos e que máis presión soportan é a atención de urxencias. Segundo os datos da *Enquisa Europea de Saúde 2015* (última dispoñible, publicada en 2015 con datos de 2014), en Galicia ao longo do ano 2014 o 30,1% da poboación enquisada acudira ao servizo de urxencias nos 12 meses anteriores á entrevista, fronte ao 27,4% de media no Estado.

Por primeira vez, dende o ano 2008, o número de camas instaladas nos hospitais galegos no último ano aumenta. O **gráfico 4.1.8.** reflicte que a 31 de decembro de 2015 (último dato dispoñible) existían un total de 9.785 camas instaladas, 147 máis que no ano anterior, o que representa 3,6 camas por cada mil habitantes.

No concernente aos recursos humanos nos centros sanitarios, o número de profesionais integrados no modelo de atención primaria do Sergas ascendía a 31 de decembro de 2015 a 7.363 persoas, dos 2.569 son médicos e 2.139 ATS-DUE. En termos relativos, Galicia conta con 2,69 profesionais de atención primaria por cada mil habitantes, situándose a rateo de pediatras en un médico pediatra por cada 1.000 nenos de cero a dezaseis anos.

No que respecta ao número de profesionais colexiados, o **cadro 4.1.10.** mostra como no ano 2016, en Galicia desenvolven a súa actividade 436,8 médicos e 514,8 enfermeiros colexiados por cada 100.000 habitantes, por debaixo en ambos casos da media estatal. Galicia é a oitava e a quinta Comunidade con menos médicos e enfermeiros colexiados por cada 100.000 habitantes, respectivamente.

Os datos do persoal sanitario colexiado recollidos no citado **cadro 4.1.10.** están referidos ao 31 de decembro de 2016. A análise do volume de persoal nunha data concreta pode recoller datos afastados da realidade, xa que no ámbito sanitario existe un elevado grao de es-



Centros sanitarios 2016: distribución provincial e segundo EOXI ⁽¹⁾

	Atención primaria			Atención Especializada	
	Zonas básicas	Centros de saúde	Consultorios locais	Número total de hospitais	Hospitais dependencia funcional Sergas
A Coruña	94	132	32	14	5
EOXI A Coruña	36	58	12		
EOXI Ferrol	20	25	8		
EOXI Santiago	38	49	12		
Lugo	67	73	12	5	3
EOXI Lugo-Cervo-Monforte	67	73	12		
Ourense	93	100	9	5	3
EOXI Ourense-Verín-O Barco	93	100	9		
Pontevedra	62	94	18	14	3
Adscritos a Santiago	9	12	2		
EOXI Pontevedra-Salnés	27	36	8		
EOXI Vigo	26	46	8		
Total	316	399	71	38	14


(1) EOXI: Estrutura Organica de Xestión Integrada

[consulta: 28-02-2017]

Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad

4.1.7.


Camas nos hospitais galegos 2008-16 ⁽¹⁾



(1) os datos de camas corresponden a 31 de decembro do ano anterior

Fonte: IGE

4.1.8.



(1) datos a 31 de decembro de cada ano.

(2) Non existen datos de número de pediatras nin de profesionais de atención primaria para os anos 2009 e 2011. Co obxecto de non distorsionar o gráfico e dada a estabilidade da serie tomamos para os anos 2009 e 2011 os datos rexistrados no ano anterior

Fonte: IGE

4.1.9.

Persoal sanitario colexiado (non xubilado) nas CC.AA. 2016

	Médicos	Enfermeiros	Enfermeiros-especialidade matrona	Dentistas	Farmacéuticos
	(colexiados por 100.000 habitantes)		(colexiados por 100.000 mulleres entre 15 e 49 anos)		(colexiados por 100.000 habitantes)
Andalucía	386,4	397,1	55,5	66,6	133,3
Aragón	552,5	644,9	83,1	63,5	121,5
Asturias	492,1	634,3	45,2	77,5	119,7
Baleares	436,3	525,1	69,8	64,7	105,9
Canarias	435,1	268,5	22,3	58,2	128,1
Cantabria	508,5	625,9	107,1	69,4	112,6
Castela-A Mancha	366,5	557,8	58,2	46,2	125,4
Castela e León	490,5	670,4	98,8	56,4	152,1
Cataluña	487,8	605,0	58,8	72,3	138,5
C. Valenciana	430,9	511,6	75,2	75,3	130,6
Extremadura	455,5	640,8	70,7	47,6	137,4
Galicia	436,8	514,8	60,5	72,7	164,2
Madrid	594,2	675,8	74,5	123,5	172,4
Murcia	433,4	415,8	77,0	73,8	108,4
Navarra	543,7	858,3	146,7	54,6	212,7
País Vasco	541,0	747,3	130,0	82,2	142,2
A Rioxa	443,0	-	-	68,2	129,1
Ceuta	344,8	577,5	104,4	43,7	83,9
Melilla	319,8	647,8	134,0	44,8	85,0
Total	468,5	549,0	68,5	75,3	140,5

Fonte: INE, *Estadística de Profesionales Sanitarios Colegiados*

4.1.10.

Recursos humanos en atención primaria 2016: distribución por categoría profesional⁽¹⁾

Profesionais	
Administrativo/a	1
Celador/a	445
Condutor/a	27
Costureiro/a	1
Electricista	3
Enfermeiro/a	2.471
Enxeñeiro/a Técnico/a	3
Facultativo/a Esp. Area	1
Farmacéutico/a A.P.	73
Fisioterapeuta	148
Grupo Admvo. Función Admva.	27
Grupo Auxiliar Función Admva.	398
Grupo Técnico Función Admva.	21
Grupo Xestión Función Admva.	23
Lavandeiro/a	2
Limpiador/a	7
Matrón/a	156
Mecánico/a	1
Médico de Familia	2.542
Odontólogo/a A.P.	108
Pasador/a de Ferro	3
Pediatra A.P.	302
Persoal Servizos Xerais	1.014
P.Tec.Sup. Preven. Riscos Lab.	1
Tec. Coidados Aux. Enfermaría	261
Técncio/a de Saúde de A.P.	8
Técnico/a Esp. Sistemas e T.I	8
Técnico/a Xestión Sistemas TI	6
Técnico Superior Especialista	97
Telefonista	10
Traballador/a Social	79
Xefe/a Taller	1
Total	8.248

(1) medias diarias

Fonte: SERGAS, *Recursos humanos*

4.1.11.

Atención especializada 2014-16⁽¹⁾: evolución do persoal facultativo e do persoal en formación

	2014	2015	2016
Persoal facultativo	4.617	4.653	4.757
Persoal en formación (2)	1.064	1.048	1.029

(1) medias diarias

(2) inclúe a licenciados e diplomados sanitarios
Fonte: SERGAS, *Recursos humanos*

4.1.12.

tacionalidade con períodos con elevado número de substitucións ou reforzos vinculado a períodos onde se incrementan as patoloxías, ou a períodos vacacionais. Os datos presentados nos **cadros 4.1.11.** e **4.1.12.**, rexistran o número de traballadores na atención primaria e especializada, en termos de medias diarias, o que nos permite coñecer a evolución do persoal e unha imaxe máis real do persoal existente de media para atender ao desenvolvemento das actividades encomendadas.


Neste senso, o **cadro 4.1.11.** recolle a existencia de 2.542 médicos de familia e 302 pediatras de atención primaria e 2.471 enfermeiros de atención primaria, exercendo diariamente de media en Galicia. No que respecta á atención especializada, **cadro 4.1.12.**, o persoal facultativo diario acadou as 4.757 persoas de media no ano 2016, fronte ás 4.653 do ano anterior.

Un dos retos ao que se enfronta a atención sanitaria

Lista de espera estrutural cirúrxica 2016

	Total	0-3 meses	3-6 meses	6-12 meses	máis 12 meses	Tempo medio de espera (en días)
Total centros Sergas	32.704	25.121	5.651	1.827	105	67,5
EOXI A Coruña	7.716	5.225	2.193	298	-	73,5
EOXI Santiago	6.537	4.844	1.366	307	20	70,5
EOXI Ferrol	1.113	1.035	78	-	-	39,9
EOXI Lugo-Cervo-Monforte	3.501	3.220	281	-	-	46,8
EOXI Ourense-Verín-Barco	3.694	3.441	253	-	-	42,1
EOXI Pontevedra-Salnés	2.515	2.417	89	9	-	38,2
EOXI Vigo	7.628	4.939	1.391	1.213	85	94,5
Hospital Povisa	3.215	2.122	988	105	-	75,9

Tempo medio de espera 2008-16



- (1) a lista de espera estrutural cirúrxica inclúe a todos os pacientes que nun momento dado están en espera da realización dunha intervención cirúrxica en quirófano, tanto con ingreso como ambulatoria, e así a espera é atribuíble á organización dos recursos dispoñibles.
- (2) calculado como o cociente do total de días en espera estrutural entre a data de inclusión e a data de análise e o total de pacientes pendentes en espera estrutural na data de análise.

Fonte: SERGAS, *Listas de espera*

4.1.13.

especializada é a redución das listas de espera cirúrxica, polo que este é un indicador que pode mostrar os posibles efectos das medidas implementadas nos últimos anos. No que atinxe á lista de agarda estrutural cirúrxica, **cadro 4.1.13.**, no ano 2016 rexístrase un descenso do número de doentes en lista de espera para ser operados, acadando as 32.704 persoas nos centros do Sergas, 350 persoas menos que no ano anterior; o 23,2% dos doentes teñen que agardar máis de tres meses para operarse.

Xunto ao descenso de persoas nas listas, nos hospitais do Sergas tamén se reduce o tempo medio de espera, que pasa de 70,8 días no ano 2015 a 67,5 días no ano 2016.

Segundo os datos publicados polo Sergas, dos 32.704

doentes inscritos na lista estrutural cirúrxica dos seus hospitais, o 31% son da especialidade de traumatoloxía, sendo a súa espera media nos hospitais do Servizo Galego de Saúde de 94,6 días. Asemade, cómpre mencionar que o 21% e o 16 % deses pacientes teñen unha patoloxía que require cirurxía oftalmolóxica e cirurxía xeral ou de dixestivo, respectivamente, situándose a súa espera media nos centros do Sergas en 53 días e 54,8 días.

No caso das patoloxías máis graves (prioridade 1), o tempo medio de espera nos hospitais do Sergas, a 31 de decembro de 2016, situouse nos 16,2 días, sendo así que o obxectivo inicial estaba fixado en 30 días. De xeito contrario, non se acada o obxectivo establecido no caso das patoloxías de prioridade 2 (60 días) ao presentar un tempo de espera medio de 64,9 días.

Lista de espera cirúrxica a 31 de decembro de 2016: distribución segundo especialidade

	SERGAS			POVISA		
	pacientes en lista de espera estrutural		tempo medio de espera (en días)	pacientes en lista de espera estrutural		tempo medio de espera (en días)
	total	0-3 meses		total	0-3 meses	
Total especialidades	32.704	25.121	67,5	3.215	2.122	75,9
Traumatoloxía	10.112	6.547	94,6	957	508	96,3
Oftalmoloxía	6.921	5.904	53,0	799	564	70,1
Cirurxía xeral ou de dixestivo	5.155	4.267	54,8	495	327	70,9
Uroloxía	2.823	2.298	55,8	125	101	56,4
Otorrinolaringoloxía	1.976	1.526	60,9	88	67	54,3
Xinecoloxía	1.248	1.056	47,8	119	92	59,6
Anxioloxía / Cir. Vascular	1.119	903	55,9	143	90	74,5
Cirurxía plástica e reparadora	834	607	69,0	226	173	64,7
Cirurxía pediátrica	669	564	57,3	-	-	-
Dermatoloxía	643	563	42,6	-	-	-
Neurocirurxía	478	338	72,7	50	32	77,5
Cirurxía cardíaca	319	231	65,3	-	-	-
Cirurxía maxilofacial	286	203	69,0	213	168	59,6
Cirurxía torácica	119	112	36,7	-	-	-
Cirurxía cardíaca infantil	2	2	24,5	-	-	-

Fonte: SERGAS, Listas de espera

4.1.14.


Doazóns nas CC.AA. 2015-16

	2015		2016	
	(doantes)	(doantes/millón habs.)	(doantes)	(doantes/millón habs.)
Andalucía	323	38,5	395	47,1
Aragón	44	33,4	53	40,8
Asturias	45	42,8	48	46,2
Baleares	42	38	44	40
Canarias	87	41,4	98	46,7
Cantabria	43	73,5	38	65,5
Castela-A Mancha	74	35,9	82	40,2
Castela e León	105	42,5	103	42,2
Cataluña	256	34,1	315	41,9
C. Valenciana	206	41,4	191	38,6
Estremadura	50	45,7	45	41,7
Galicia	109	39,9	106	39,1
Madrid	226	35,1	226	35
Murcia	65	44,3	76	52,1
Navarra	35	54,6	39	60,9
País Vasco	116	53	142	65,1
A Ríoxa	25	78,9	16	51,6
Ceuta e Melilla			1	11,6
Total	1.851	40	2.018	43

Fonte: Organización Nacional de Trasplantes

4.1.15.

Gasto sanitario en euros por habitante en Galicia e España 2008-16



Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, *Recursos económicos del Sistema Nacional de Salud*

4.1.16.

Doazóns e transplantes

No ano 2016 España volve a rexistrar máximos históricos no número de doantes e transplantes, acadando 43,4 doantes por millón de poboación e 4.818 transplantes.

En Galicia no exercicio 2016 redúcese tanto o número de doantes, pasando de 109 a 106, como o número de órganos transplantados, de 338 a 299, acadando a nosa Comunidade 39,1 doantes por millón de poboación, fronte aos 39,9 doantes pmp do ano anterior.

Dos ditos 299 transplantes de órganos realizados no ano 2016 en Galicia, case a metade, 135 transplantes, foron de ril; 91 de fígado; 39 de pulmón; 29 de corazón; e 5 de páncreas. Comparando co resto das CC.AA., Galicia sitúase no quinto lugar en número de transplantes, tras Cataluña, Andalucía, Madrid e a C. Valencia.

Indicadores de gasto sanitario público

O gasto sanitario, en base ao orzamento inicial de gasto, increméntase en Galicia por segundo ano consecutivo, situándose nos 3.513,5 millóns de euros (un 3,1% superior ao orzamento inicial do ano anterior), o quinto máis elevado de todo o Estado.

Na mesma liña, por segundo ano consecutivo aumenta o gasto medio por habitante, o que marca unha ruptura coas caídas rexistradas en anos anteriores. En termos por habitante, o gasto total ascendeu a 1.291,5 euros, superior ao gasto medio a nivel estatal que é de 1.219,5 euros. Comparando co ano 2008 (ano estimado de inicio da crise económica), a pesar da caída na poboación, a maior intensidade na redución do gasto sanitario fai descender en case 29 euros en termos nominais (2,2%) o gasto por habitante (**cadro 4.1.16.**).

En 2016 rexistrouse un incremento do gasto público en farmacia a través de receitas facturadas. Os 685 millóns de euros de gasto farmacéutico de 2016 supoñen un incremento do 1,6% en relación ao ano 2015, o que se corresponde en grande media a un aumento no número de receitas facturadas, un 1,5% máis, así como a un leve aumento no importe medio por receita (0,09%) (**cadro 4.1.17.**).

Tras o dito incremento no gasto farmacéutico, Galicia colócase como a quinta Comunidade Autónoma co gasto máis elevado, tras Andalucía, Cataluña, Comunidade Valenciana e Madrid. A reforma do modelo de prestación farmacéutica e as diversas medidas de eficiencia no gasto farmacéutico implantadas son factores que en grande medida contribuíron á redución do gasto

Prestación farmacéutica a través de receita nas CC.AA. 2016

	Gasto farmacéutico			Recetas facturadas			Gasto medio por receita facturada	
	16/15 (en millóns de euros)	16/11 (1) (%)	16/11 (1) (%)	16/15 (nº)	16/11 (1) (%)	16/11 (1) (%)	16/15 (en euros)	16/15 (%)
Andalucía	1.707,7	3,3	-6,4	169.134.776	1,5	-5,5	10,10	1,81
Aragón	316,4	6,5	-9,7	27.841.532	2,8	-5,3	11,37	3,65
Asturias	267,2	3,8	-15,8	21.717.376	1,0	-14,2	12,30	2,76
Baleares	189,8	3,9	-7,2	17.201.680	1,5	-5,0	11,03	2,32
Cantabria	137,1	4,6	-3,1	11.017.307	1,6	-5,4	12,44	2,98
Castela-A Mancha	480,7	5,6	-10,8	43.327.309	2,3	-5,9	11,10	3,26
Castela e León	572,6	3,6	-13,8	50.753.015	2,5	-5,7	11,28	1,08
Cataluña	1.385,8	2,1	-17,6	135.896.071	0,5	-12,0	10,20	1,69
Canarias	453,7	4,7	-6,9	42.092.576	3,1	0,9	10,78	1,60
C. Valenciana	1.208,8	6,7	-14,1	103.825.006	5,3	-9,0	11,64	1,31
Extremadura	311,6	3,3	-5,4	26.413.356	1,0	-2,4	11,80	2,25
Galicia	685,1	1,6	-17,4	61.797.448,0	1,5	-7,3	11,09	0,09
Madrid	1.151,9	4,8	-2,9	103.773.310	2,8	-5,7	11,10	1,93
Murcia	336,1	4,5	-12,9	29.676.627	3,2	-5,6	11,33	1,34
Navarra	134,1	3,8	-9,6	11.867.769	2,9	-3,5	11,30	0,89
País Vasco	475,3	2,9	-11,0	36.945.089	2,0	-15,2	12,87	0,94
A Ríoxa	70,6	3,0	-11,0	6.126.943	1,7	-3,7	11,52	1,32
Ceuta	15,0	9,3	4,0	1.182.297	5,6	-3,7	12,66	3,52
Melilla	13,3	6,5	10,2	986.702	4,2	-6,0	13,51	2,27
Total	9.912,8	4,0	-11,0	901.576.189	2,2	-7,4	10,99	1,67

(1) variación antes/despois da reforma do modelo de prestación farmacéutica

Fonte: Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, *Facturación de recetas médicas*

4.1.17.

sanitario. En concreto, en relación ao ano 2011, o gasto farmacéutico descendeu máis dun 17% en Galicia, 6,4 puntos porcentuais por riba do experimentado no conxunto do Estado. 

4.2.

Pobreza e cohesión social

Tal como analizaremos ao longo deste capítulo as taxas de pobreza e desigualdade seguen sen mostrar claramente a recuperación que se observa a través das variables macroeconómicas. Os riscos sociais, económicos e políticos do incremento da desigualdade fan que cada vez máis institucións e gobernos inclúan as políticas de cohesión, de emprego e de protección social entre as súas prioridades.

A análise da pobreza, a desigualdade e a cohesión social debe abordarse dende unha perspectiva multidimensional, para o que partiremos da análise de catro grandes apartados onde se presentan os principais indicadores e as prestacións e axudas públicas dispoñibles: a pobreza e a desigualdade social, a dependencia e a discapacidade, o ámbito da familia e a infancia e aspectos relacionados coa violencia e co maltrato.

Pobreza e cohesión social

Os diferentes indicadores de cohesión social da Estratexia Europa 2020 permiten deducir a situación da sociedade galega actual. Tal como sinala Carlos Gradín (2015), tradicionalmente a sociedade galega é máis homoxénea, en termos de distribución dos ingresos dos fogares, que a media estatal, cunha incidencia do risco

de pobreza e exclusión social menor có nivel español e que se sitúa no promedio europeo. A crise económica provocou unha importante caída na renda real e un aumento na desigualdade da renda e na pobreza. O aumento do risco de pobreza foi especialmente drástico entre a poboación infantil e xuvenil, mentres que o colectivo de maiores de 65 anos, un grupo tradicionalmente vulnerable, veuse menos afectado durante a recesión, grazas á resistencia das súas rendas ao non están directamente influídas pola conxuntura laboral.

O risco de pobreza, exclusión e desigualdade social son variables que poden ser analizadas e medidas dende moi distintos puntos de vista. Neste senso, e a modo de resumo das variables que se analizan ao longo do presente apartado, o **cadro 4.2.1.** reflicte o carácter multidimensional da pobreza, presentando os valores dos principais indicadores para Galicia e España.

Os ingresos medios das persoas e fogares (**cadro 4.2.2.**) é unha variable básica da análise da pobreza. Neste senso, a diferenza do acontecido no ano anterior, os datos da *Enquisa de condicións de vida* do INE correspondentes a 31 de decembro de 2015 (publicados en 2017) reflicten un aumento do ingreso medio anual neto por fogar en Galicia, situándose en 25.980 euros,

Pobreza en Galicia e España 2014-15: indicadores

		Galicia		España		Ranking (2)	
		2014	2015	2014	2015	2014	2015
Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (1)	(%)	25,7	25,4	28,6	27,9	8	7
Taxa de risco de pobreza (1)	(%)	19,4	19,0	22,1	22,3	8	7
Carencia material severa (1)	(%)	4,2	4,1	6,4	5,8	12	11
Fogares con baixa intensidade no traballo (1)	(%)	13,8	13,6	15,4	14,9	11	11
Fogares con dificultade para chegar fin de mes	(%)	19,3	16,7	20,0	18,6	8	11
Fogares con moita dificultade para chegar fin de mes	(%)	7,1	6,0	13,7	15,3	14	13
Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	(%)	29,6	29,7	39,4	38,1	11	10
Esperanza de vida ao nacer	(idade)	83,0	82,7	81,8	81,4	8	10
Informe PISA (habilidade lectora) (1)	(puntos)		509		496,0		4
Informe PISA (matemáticas) (1)	(puntos)		494		486,0		8
Informe PISA (ciencias) (1)	(puntos)		512,0		493,0		4

(1) datos a 31 de decembro

(2) ranking en función do valor, de maior a menor

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do INE e Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

4.2.1.

Rendas medias nas CC.AA. 2014-15 (1)

	2014		2015	
	por fogar	por persoa	por fogar	por persoa
	(en €)			
Andalucía	20.851	7.942	21.966	8.398
Aragón	30.058	12.427	28.019	11.649
Asturias	25.909	11.427	27.020	12.060
Baleares	27.284	10.828	30.859	12.222
Canarias	22.261	8.640	22.450	8.702
Cantabria	25.282	10.494	25.787	10.670
Castela-A Mancha	21.939	8.498	22.473	8.731
Castela e León	24.838	10.570	25.255	10.815
Cataluña	30.655	12.283	31.339	12.660
C. Valenciana	22.132	9.098	22.744	9.265
Extremadura	21.092	8.469	21.671	8.674
Galicia	25.614	10.212	25.980	10.439
Madrid	31.243	12.534	31.370	12.647
Murcia	21.529	7.924	22.425	8.273
Navarra	32.979	13.300	33.167	13.408
País Vasco	33.053	13.836	34.054	14.345
A Rioxa	26.604	11.132	27.599	11.589
Total	26.092	10.419	26.730	10.708

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: INE, Encuesta de Condiciones de Vida (ECV-2016). Base 2013

4.2.2.


366 euros máis que no ano anterior, pero 750 euros por debaixo da media estatal.

Por outra banda, os ingresos por persoa aumentan igualmente para situarse en Galicia nos 10.439 euros, 227 euros máis que no exercicio anterior, sendo igualmente este importe inferior á media estatal (10.708 euros). Por Comunidades Autónomas, os ingresos me-

dios anuais máis elevados rexistráronse no País Vasco (14.345 euros por persoa) e os máis baixos en Murcia (8.273). Galicia é a undécima Comunidade con maior ingreso medio anual neto por persoa.

En paralelo ao aumento da renda media dos fogares, a porcentaxe de fogares que afirman ter dificultades ou moitas dificultades para cubrir os gastos mensuais di-

Fogares con dificultades ou moitas dificultades para chegar a fin de mes en Galicia e España 2008-15 ⁽¹⁾
(%)



(1) datos a 31 decembro
Fonte: INE, Encuesta de Condiciones de Vida (ECV-2016). Base 2013

4.2.3.

minúe en Galicia ao longo do ano 2015 (ECV 2016). Tal e como se aprecia no **gráfico 4.2.3.**, ao longo do ano 2015 baixa o peso relativo de fogares con moitas dificultades para chegar a fin de mes, que se sitúa no 6% fronte ao 7,1% do ano anterior. De xeito contrario, no conxunto do Estado esta porcentaxe aumenta ata o 15,3%, dende o 13,7% do ano anterior. Por outra banda, tanto en Galicia como en España descende a porcentaxe de fogares que afirman atoparse con dificultades, representando en 2015 o 16,7% dos fogares galegos e o 18,6% dos fogares españois. En conxunto, 23 de cada 100 fogares galegos afirman ter dificultades ou moitas dificultades para chegar a fin de mes (34 no conxunto do Estado), situándose como a sexta Comunidade Autónoma con menor porcentaxe tras País Vasco (14,4%), Navarra (18%), Castela e León (18%), A Ríoxa (19,6%) e Asturias (22,1%).

Outro indicador do grao de benestar social deriva da forma en que se organizan as estruturas familiares en base ao número de persoas que perciben ingresos dentro da vivenda familiar. No ano 2016, estímase que en Galicia existen 1.087.400 vivendas familiares, das que 37.000 vivendas non dispoñían de ningún perceptor de ingresos (salario, algún tipo de pensión ou prestacións por desemprego), e en 468.600 vivendas só un membro percibía algún ingreso económico.

Tal como se mostra no **cadro 4.2.4.**, nos dous últimos anos, increméntase o número de fogares sen perceptores de ingresos, rexistrándose no ano 2016, 4.100 fogares máis nesta situación que no ano 2015. Agás na provincia de Lugo, o número de fogares sen perceptores increméntase nas restantes provincias, salientando o aumento en 3.300 fogares sen ingresos na provincia de A Coruña. Na mesma liña, tal e como reflicte o **cadro 4.2.4.**, aumenta en 1.300 o número de fogares cun só perceptor, rexistrándose esta medra nas provincias de Ourense (1.100 fogares máis), A Coruña e Pontevedra (610 e 300 máis, respectivamente).

No ano 2016, increméntase nun 17% o número de fogares nos que ningún dos seus membros ten a condición de activo, acadando os 343.200 fogares nesta situación, o 31,6% do total dos fogares galegos. Nas 744.200 vivendas con ao menos un activo, no 10% (74.420 fogares) todos os membros activos están parados.

Tal como se sinalou na introdución deste apartado, a pobreza vese influída pola incidencia de moitas variables.. Así, en Galicia, a importancia en termos cuantitativos das rendas procedentes de pensións de xubilación e a súa resistencia nos anos de crise económica determina menores taxas de pobreza que a media


Vivendas familiares 2012-16

	2012	2013	2014	2015	2016
Total fogares					
Galicia	1.061,7	1.070,5	1.078,3	1.081,9	1.087,4
A Coruña	448,8	449,3	447,2	448,8	453,6
Lugo	133,5	133,1	137,2	136,5	134,2
Ourense	133,4	133,3	137,8	136,2	136,4
Pontevedra	346,1	354,8	356,0	360,4	363,2
Fogares sen perceptores de ingresos					
Galicia	29,1	33,9	32,3	32,9	37,0
A Coruña	11,5	14,7	11,4	10,8	14,1
Lugo	2,8	3,4	3,6	3,0	3,8
Ourense	3,1	3,8	4,2	4,5	3,8
Pontevedra	11,8	12,0	13,1	14,5	15,3
Fogares cun só perceptor de ingresos					
Galicia	422,6	440,3	458,1	467,3	468,6
A Coruña	185,8	187,8	193,5	194,5	195,1
Lugo	50,4	51,7	55,9	55,3	54,5
Ourense	55,0	55,7	61,2	61,2	62,3
Pontevedra	131,4	145,1	147,5	156,4	156,7

Fonte: IGE, EPA

4.2.4.

Prezos da electricidade e gas natural para consumidores domésticos en España e UE-28 2008-16 ⁽¹⁾



(1) prezo base 2008=100
Fonte: EUROSTAT

4.2.5.

estatal. Por outra banda, o prezo dos insumos básicos inflúe tamén na existencia de situacións de carencia material, con efectos especialmente preocupantes nos fogares con menores ingresos. Neste senso, o **cadro 4.2.5.** amosa que a redución do prezo da enerxía eléctrica e gas natural para os consumidores domésticos en España no último anos é proporcionalmente superior á rexistrada de media da UE-28, a pesar do que, os prezos en España seguen sendo notablemente superiores, en especial no caso da enerxía eléctrica, que na media UE-28. Segunda a enquisa de orzamentos familiares publicada polo INE, no ano 2015 (último dato dispoñible) os fogares galegos de media dedicaron o 4,31% do seu orzamento a electricidade, gas e outros combustibles (4,05% media estatal); o gasto medio por fogar neste concepto foi de 1.135,8 euros (1.110,4 euros no Estado), un 1% menos que no ano anterior.

As dificultades para acometer os pagamentos de gastos relacionados coa vivenda principal, hipoteca ou aluguer está directamente relacionado coa pobreza e exclusión social. Asociado ao retraso ou imposibilidade de pago de gastos hipotecarios, o INE ofrece datos de certificacións de execucións hipotecarias que se inician e inscriben nos rexistros da propiedade. No ano 2016 iniciáronse en Galicia un total de 1.564 execucións hipotecarias sobre o total de fincas (un 39,1% menos que no ano anterior), das que 727 corresponden a execucións sobre vivendas, o que supón un 40,7% menos que no ano 2015. O 94,6% das execucións hipotecarias sobre vivendas iniciadas en Galicia no ano 2016, correspóndense con vivendas de segunda man, sendo en case o 60% dos casos o seu titular unha persoa física.

Galicia é a novena Comunidade Autónoma con maior número de execucións hipotecarias iniciadas e inscritas no ano 2016, ascendendo ao quinto posto no listado de Comunidades onde esas execucións descendieron máis. Esta caída en Galicia foi do 39,1%, moi superior ao descenso medio no conxunto do Estado que foi do 28,8%.

• Pobreza

A pobreza é un termo con múltiples arestas que debe ser observado dende diferentes puntos de vista. Sen dúbida a pobreza é unha consecuencia dunha precaria situación monetaria, pero os efectos da mesma van

máis aló, e afectan a ámbitos como a vivenda, a saúde, ou as relacións sociais, entre outros.

A taxa de risco de pobreza, entendida como indicador monetario da rendas dos fogares, proporciona información dunha medida relativa do risco de pobreza monetaria clasificando aos individuos en risco de pobreza ou non, tendo en conta a posición relativa dos ingresos do fogar ao que pertencen en relación ao conxunto dos ingresos da poboación, nun ano determinado. A taxa de risco, así calculada, é un indicador que mide desigualdade, non mide pobreza absoluta, determina a porcentaxe de persoas que teñen ingresos baixos en relación ao conxunto da poboación.

Este indicador defínese como a porcentaxe de persoas con ingresos anuais por unidade de consumo por debaixo do limiar de risco fixado no 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo. Para unha mellor comparación utilízase o concepto de renda equivalente, calculada como cociente entre a renda dispoñible total do fogar e o número de unidades de consumo equivalentes que o compoñen.

Para poder facer unha comparación entre as distintas Comunidades Autónomas, tomamos como referencias a taxa de risco de pobreza da *Enquisa de condicións de vida* do INE. Tal e como se reflicte no **cadro 4.2.6.**, esta taxa sitúase no ano 2015, segundo datos da ECV 2016, en Galicia no 19%, máis de tres puntos porcentuais inferior á taxa media para o conxunto do Estado. O aumento das rendas medidas percibidas polas persoas e fogares galegos, así como a maior renda media por unidade de consumo, explican, en parte, esta menor taxa de risco de pobreza monetaria.

En relación ao resto das Comunidades Autónomas, Galicia volve a empeorar a súa posición relativa situándose como a undécima Comunidade con menor taxa de risco de pobreza, caendo un posto en relación ao ano anterior.

Tal como se sinala anteriormente, a taxa de risco de pobreza monetaria, é un indicador de desigualdade monetaria, e non ten en conta información sobre a intensidade da mesma nin o seu carácter multidisciplinar. Nesta liña, a Estratexia Europa 2020 define un indicador que combina o criterio monetario con outros

Poboación en risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) nas CC.AA. 2014-15: distribución segundo os seus compoñentes ⁽¹⁾


	Taxa de risco de pobreza ou exclusión social		En risco de pobreza		Con carencia material severa		Vivindo en fogares con baixa intensidade no traballo (0-59 anos)	
	2014	2015	2014	2015	2014	2015	2014	2015
	($\%$)							
Andalucía	43,2	41,7	35,7	35,4	8,0	7,1	24,9	23,5
Aragón	17,7	18,7	14,4	15,7	2,2	2,9	6,9	7,6
Asturias	24,2	18,5	16,7	13,4	6,9	3,9	16,4	14,7
Baleares	26,3	19,1	21,7	15,5	7,7	3,7	8,4	6,7
Canarias	37,9	44,6	28,5	35,0	12,4	10,8	20,8	29,5
Cantabria	20,4	24,6	14,9	15,3	3,5	7,5	15,5	16,0
Castela-A Mancha	36,7	37,9	28,5	31,7	8,5	7,6	15,6	18,8
Castela e León	23,3	23,2	18,3	17,7	2,3	2,0	16,5	14,2
Cataluña	19,8	17,9	13,9	13,2	6,7	5,5	8,8	7,2
C. Valenciana	32,9	30,5	25,3	24,4	6,7	7,5	18,1	14,6
Extremadura	35,2	35,8	29,0	30,4	2,4	3,4	19,3	20,3
Galicia	25,7	25,4	19,4	19,0	4,2	4,1	13,8	13,6
Madrid	20,5	21,7	15,1	18,2	5,7	4,3	10,5	10,4
Murcia	38,8	34,8	31,8	28,9	9,0	9,5	16,1	13,4
Navarra	13,0	13,0	9,6	9,0	2,2	3,4	7,1	8,4
País Vasco	17,6	15,9	10,9	9,0	4,6	4,2	14,3	13,7
Rioxa, A	22,1	17,4	17,1	11,9	4,8	5,9	10,4	9,2
Total	28,6	27,9	22,1	22,3	6,4	5,8	15,4	14,9

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: INE, Encuesta de Condiciones de Vida (ECV-2016). Base 2013

4.2.6.

Risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) e risco de pobreza en Galicia e España 2008-15 ⁽¹⁾⁽²⁾



(1) A poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que se atopa nalguna das seguintes situacións: risco de pobreza, carencia material severa ou vivindo en fogares con baixa intensidade no traballo (de 0 a 59 anos);

.. Risco de pobreza: por debaixo do limiar de pobreza, fixado no 60% da mediana dos ingresos anuais por unidade de consumo das persoas (despois das transferencias sociais e sen imputar vivenda);

.. Carencia material severa: persoas que viven con escaseza de recursos ao non ter acceso, ao menos, a 4 dos seguintes 9 ítems: gastos imprevistos, unha semana de vacacións fora da casa, pago da hipoteca ou das facturas de luz, auga, gas..., unha comida de carne, polo, pescado ou proteína equivalente, ao menos cada dous días, manter a vivenda a unha temperatura axetada os meses de inverno, lavadora, televisión en cor, teléfono e coche;

.. Baixa intensidade no traballo (de 0 a 59 anos): persoas con menos de 59 anos que viven en fogares cuxos membros adultos traballaron menos do 20% do seu potencial laboral total durante o ano anterior.

(2) datos a 31 decembro

Fonte: INE, Encuesta de Condiciones de Vida (ECV-2016). Base 2013

4.2.7.

Risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2014-15 ⁽¹⁾

	2014	2015
	(%)	
Total	22,11	22,55
A Coruña	19,95	19,13
Lugo	19,15	16,69
Ourense	22,86	23,33
Pontevedra	25,48	28,45
Nacionalidade	22,11	22,55
Española	21,34	21,77
Estranxeira	52,98	58,64
Fogares con ou sen nenos e mozos a cargo	22,11	22,55
Fogares con nenos e mozos a cargo	23,96	24,59
Un adulto con nenos e mozos a cargo	52,05	51,40
Dous adultos con nenos e mozos a cargo	22,93	21,63
Dous adultos cun neno e mozo a cargo	20,52	18,74
Dous adultos con dous ou máis nenos e mozos a cargo	24,89	24,17
Tres ou máis adultos con nenos e mozos a cargo	21,42	26,46
Fogares sen nenos e mozos a cargo	20,48	20,78
Un adulto sen nenos e mozos a cargo	23,36	26,62
Dous adultos sen nenos e mozos a cargo	19,79	20,35
Tres ou máis adultos sen nenos e mozos a cargo	20,15	18,90
Fogares segundo tipoloxías	22,11	22,55
Unipersoal	23,36	26,62
Sen núcleo	27,16	31,86
Parella con fillos	21,67	20,73
Parella sen fillos	15,47	16,23
Monoparental	40,30	38,59
Un núcleo e outros	22,22	23,51
Varios núcleos	16,19	21,95

(1) a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalguna das seguintes situación: 1) risco de pobreza: o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana; 2) en carencia material severa; 3) Persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo, é dicir, onde o número de días que os adultos de 18 a 59 anos dese fogar tiveron ingresos por traballo supón ata o 20% do número total de días que poderían telos durante o ano natural anterior á realización da enquisa
Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

4.2.8.

indicadores que incorporan a situación laboral ou a escaseza de recursos materiais. Este índice, denominado AROPE (*At Risk Of Poverty and/or Exclusion*), inclúe tanto as persoas que se atopan en risco de pobreza monetaria como os fogares con moi baixa intensidade de traballo –están nesta situación as persoas con menos de 59 anos que viven en fogares cuxos membros adultos traballaron menos do 20% do seu potencial laboral total durante o ano anterior– e a privación material severa –porcentaxe de persoas que viven con escaseza de recursos ao non ter acceso, ao menos, a 4 dos seguintes 9 ítems: gastos imprevistos; unha semana de vacacións fóra da casa; pago da hipoteca ou das facturas de luz, auga, gas...; unha comida de carne, polo, pescado ou proteína equivalente ao menos cada dous días; manter a vivenda a unha temperatura axeitada os meses de inverno; lavadora; televisión en cor; teléfono; e coche.

A 31 de decembro de 2015, segundo o indicador AROPE, o 25,4% da poboación galega atopábase nunha situación de risco de pobreza ou exclusión social, sendo esta porcentaxe, tres décimas inferior ao ano anterior, e 2,5 puntos inferior á media estatal. Como amosa o **gráfico 4.2.7.**, mentres que no conxunto do Estado a porcentaxe de persoas que se atopa nunha situación de risco ou exclusión social medra de xeito continuado dende o ano 2008, e só comeza a diminuír en 2014, en Galicia o AROPE descende ata o ano 2010 (21,0%) e novamente no ano 2013 (23,8%), para aumentar no ano 2014, e diminuír de novo en 2015 ata o citado 25,4%.

Comparado co resto das CC.AA., Galicia atópase entre as Comunidades con maiores taxas, sendo a undécima Comunidade coa taxa máis elevada.

Desagregando esta taxa entre os seus compoñentes, Galicia segue amosando unha situación máis favorable en relación á media estatal. Dunha banda, o devandito **cadro 4.2.6.** reflicte que o 4,1% da poboación atópase nunha situación de privación material severa, o que a sitúa como a sétima Comunidade Autónoma coa taxa máis reducida (5,8% no conxunto do Estado), e que o 13,6% das persoas menores de 59 anos vive en fogares con baixa intensidade no traballo, 1,3 puntos por baixo da media estatal, situándose como a oitava Comunidade coa porcentaxe máis reducida.

Os datos proporcionados pola *Enquisa estrutural a fogares* facilitan información pormenorizada para a nosa Comunidade, máis hai que ter en conta que o cálculo do limiar de pobreza basease no 60% dos ingresos medianos dos fogares galegos e, por tanto, as taxas de risco non coinciden coas proporcionadas pola *Enquisa de condicións de vida* do INE, que parte do 60% dos ingresos medianos do Estado.

Neste senso, tal como recolle o **cadro 4.2.8.**, a distribución provincial da pobreza non é homoxénea nin xeográfica nin demograficamente. Segundo os datos da taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) presentados polo IGE, a provincia de Pontevedra ten unha taxa de risco de pobreza e exclusión social 5,9 puntos superior á media galega, situándose no 28,4%, por diante de Ourense, con 23,3%. Por contra, Lugo e A Coruña, manteñen unhas taxas inferiores á media, sendo Lugo a que presenta a menor taxa, cun 16,7% da súa poboación en situación de risco ou exclusión social (19,1% en A Coruña). No ano 2015 (último dispoñible) redúcense as taxas de risco de pobreza (EU2020) nas provincias de A Coruña e Lugo, fronte aos empeoramentos acaecidos en Pontevedra e Ourense. As maiores taxas de pobreza non son consecuencia de maiores incrementos de ingresos, xa que o limiar de pobreza utilizado no ano 2015 é de 600€, tan só 0,33 céntimos de euro superior ao establecido no ano 2014.

Nunha análise xeográfica máis pormenorizada, obsérvase que todas as áreas da provincia de Pontevedra, agás as comarcas de Deza e Tabeiros-Terra de Montes, teñen unha taxa de risco de pobreza e exclusión social (E2020), superior á media galega no ano 2015, acadando a área de Caldas- O Salnés a taxa máis elevada

de Galicia cun 39,1% da poboación en situación de pobreza (**cadro 4.2.9.**).

Ao igual que acontece en termos territoriais, as variables demográficas tamén determinan a existencia de diferenzas no risco de pobreza. Así, ao igual que o observado a nivel español ou europeo, a poboación galega entre 16 e 24 anos é a que rexistra unha maior incidencia, de xeito que o 31,8% destas persoas estarían en risco de pobreza, sendo dita porcentaxe do 25,9% para as persoas de entre 50 e 64 anos, salientando que este último é o único intervalo de idade que no ano 2015 reduce a poboación en situación de risco. Por tanto, agás a poboación entre 50 e 64 anos, todos os grupos de idades incrementan a porcentaxe de poboación en situación de risco de pobreza ou exclusión social a 31 de decembro de 2015 (**cadro 4.2.10.**).

Doutra banda, tal e como recolle o xa citado **cadro 4.2.8.**, o risco de pobreza é moito maior para os estranxeiros que para os nacionais, situándose no 58,6% para a poboación estranxeira fronte ao 21,7% para a española.

A existencia de fogares con cargas familiares ou a tipoloxía dos mesmos, determinan tamén un maior ou menor risco de pobreza. Así, o maior risco de pobreza rexístrase nos fogares compostos por un adulto con nenos e mozos a cargo, cun 51,4% dos mesmos en situación de pobreza ou exclusión social. Diferenciando por tipoloxías, os fogares monoparentais son os que rexistran unha maior taxa co 38,6% dos mesmos en situación de risco de pobreza ou exclusión.

Finalmente destacar que as porcentaxes máis elevadas da taxa de pobreza (E2020) corresponden aos concellos entre 10.000 e 20.000 habitantes, as chamadas áreas poboadas de nivel intermedio, cunha taxa no ano 2015 do 27,8%, fronte ás taxas máis reducidas das áreas densamente poboadas, isto é os concellos de máis de 50.000 habitantes, cunha taxa do 21%.

• Desigualdade

O incremento dos niveis de desigualdade nas economías avanzadas nos anos posteriores á crise económica, ten un impacto tanto social como económico moi acusado.



**Risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020)
2011-15: distribución segundo áreas**

	2011	2015
	(%)	
Total	22,05	22,55
A Coruña	21,49	19,13
A Coruña suroriental	23,18	15,95
Ferrol-Eume-Ortegal	23,90	22,27
Área da Costa da Morte	28,30	22,31
A Barbanza-Noia	19,34	21,46
Área da Coruña	21,38	17,99
Área de Santiago	14,74	16,16
Lugo	18,12	16,69
Lugo sur	19,79	21,21
Lugo oriental	16,15	20,42
Lugo central	15,80	15,70
A Mariña	23,65	13,93
Ourense	21,11	23,33
O Carballiño-O Ribeiro	26,83	29,94
Ourense central	18,12	19,71
Ourense sur	24,45	25,56
Área de Ourense	18,31	21,27
Pontevedra	24,43	28,45
Pontevedra nororiental	13,47	20,53
Pontevedra sur	39,60	37,22
Caldas-O Salnés	29,29	39,10
O Morrazo	23,04	23,12
Área de Pontevedra	21,85	26,38
Área de Vigo	21,69	25,42

Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

4.2.9.

**Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2014-15:
distribución segundo sexo e grupos de idade ⁽¹⁾**

	2014			2015		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(%)					
Total	22,24	21,98	22,11	22,64	22,48	22,55
Menos de 16 anos	23,13	25,15	24,11	25,15	23,58	24,4
De 16 a 24 anos	31,23	31,35	31,29	31,1	32,63	31,85
De 25 a 49 anos	23,79	21,85	22,82	24,16	24,48	24,32
De 50 a 64 anos	27,39	29,40	28,42	25,71	26,07	25,89
De 65 ou máis anos	10,37	12,49	11,58	12,24	13,94	13,21

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

4.2.10.

Desigualdade en Galicia e España 2008-15: Índice de Gini e distribución da renda S80/20 ⁽¹⁾

Índice de Gini ⁽²⁾								
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Galicia	0,272	0,278	0,278	0,276	0,283	0,286	0,283	0,287
A Coruña	0,272	0,277	0,282	0,276	0,286	0,291	0,279	0,290
Lugo	0,284	0,276	0,266	0,268	0,278	0,264	0,274	0,265
Ourense	0,279	0,288	0,271	0,264	0,277	0,274	0,277	0,272
Pontevedra	0,261	0,274	0,276	0,280	0,279	0,288	0,289	0,291
España	0,329	0,335	0,340	0,342	0,337	0,347	0,346	0,345

Distribución da renda S80/S20 ⁽³⁾								
	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Galicia	4,02	4,13	4,16	4,21	4,47	4,51	4,45	4,50
A Coruña	4,02	4,14	4,22	4,22	4,53	4,64	4,34	4,47
Lugo	4,17	4,11	3,91	3,93	4,27	3,95	4,23	3,99
Ourense	4,18	4,34	3,98	3,93	4,39	4,22	4,27	4,28
Pontevedra	3,79	4,03	4,16	4,35	4,39	4,58	4,62	4,64
España	5,90	6,20	6,30	6,50	6,30	6,80	6,90	6,60

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

(2) o índice de Gini mide a concentración dunha distribución de rendas entre os membros dun colectivo a partir do ingreso equivalente por persoa sendo este o ingreso equivalente do fogar ao que pertence.

(3) distribución da renda S80/S20: cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre.

Fonte: IGE e INE

4.2.11.

Moitos investigadores coinciden en cualificar a evolución dos niveis de desigualdade como a peor consecuencia da crise económica, e organismos como o Fondo Monetario Internacional, nas súas últimas publicacións advirte de que unha maior desigualdade está asociada a un menor crecemento económico, de xeito que esta desigualdade pode inducir aos fogares con rendas medias e baixas a endebedarse excesivamente, o que ralentiza e incluso pode impedir a saída da crise económica.

As vías para medir a evolución da desigualdade son diversas. As taxas monetarias de pobreza son unha medida da desigualdade xa que mostran a porcentaxe de poboación con ingresos inferiores ao 60% da mediana dos ingresos equivalentes de todas as persoas galegas. Por tanto o limiar de risco establecido en cada ano depende do valor dos ingreso monetarios dos fogares e da súa distribución. Medicións máis precisas do grao de desigualdade son proporcionadas tanto pola evolución do coeficiente de Gini como da distribución da renda (**cadro 4.2.11.**) .

O coeficiente de Gini é un número entre 0 e 1, onde 0 se corresponde coa perfecta igualdade (todos teñen os mesmos ingresos) e onde o valor 1 se corresponde coa

perfecta desigualdade (unha persoa ten todos os ingresos e os demais ningún). A 31 de decembro de 2015 o valor do índice de Gini sería en Galicia do 0,287, levantamento superior ao do ano 2014, fronte ao valor do 0,345 para España, o que reflicte unha distribución da renda máis igualitaria para Galicia en comparación co valor medio estatal.

Outra forma de medir a desigualdade é a través da distribución da renda S80/S20, calculada como o cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre. Este indicador mostra, fronte ao descenso no ano 2014, unha recuperación no ano 2015 onde presenta un valor de 4,5, o que indica que os ingresos medios do quintil máis rico da poboación son catro veces e media superiores aos ingresos medios do quintil de poboación máis pobre (6,6 veces de media a nivel estatal).

Igual que acontecía coa taxa de pobreza, a provincia de Pontevedra é a que mostra unha maior desigualdade, co maior índice de Gini das provincias galegas (0,291), e con uns ingresos do quintil máis rico da súa poboación 4,64 veces superior aos ingresos do quintil máis pobre.

Dependencia en Galicia e España 2015-16: principais indicadores ⁽¹⁾

	2015			2016		
	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)
Solicitudes	79.244	1.610.714	4,9	79.530	1.622.203	4,9
Ditámenes	76.654	1.504.550	5,1	77.804	1.518.965	5,1
Beneficiarios con dereito a prestación	65.495	1.180.435	5,5	66.494	1.213.873	5,5
Grado III	23.132	349.795	6,6	24.907	363.920	6,8
Grado II	24.474	449.360	5,4	23.560	455.741	5,2
Grado I	17.889	381.280	4,7	18.027	394.212	4,6
Beneficiarios con prestación	41.823	796.109	5,3	49.101	865.564	5,7
Prestacións	45.642	997.984	4,6	54.862	1.068.967	5,1
Prevención dependencia e Promoción A. Persoal	1.980	29.461	6,7	3.170	38.854	8,2
Teleasistencia	1.667	140.252	1,2	2.555	164.136	1,6
Axuda a domicilio	12.340	147.748	8,4	16.571	170.693	9,7
Centros de día/noite	6.112	84.462	7,2	6.722	85.730	7,8
Atención residencial	7.647	148.382	5,2	7.738	151.719	5,1
P.E. vinculada servizo	4.822	83.734	5,8	5.088	90.847	5,6
P.E. coidados familiares	10.989	360.505	3,0	12.930	361.209	3,6
P.E. Asist. persoal	85	3.440	2,5	88	5.779	1,5
Rateo prestacións por persoa beneficiaria	1,09	1,25		1,12	1,23	

Grado III.- Gran dependencia: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisa o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado para a súa autonomía persoal.

Grado II.- Dependencia grave: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, dúas ou tres veces ao día, pero non quere o apoio permanente dun coidador ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal.

Grado I.- Dependencia moderada: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, polo menos unha vez ao día, ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal.

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: IMSERSO, Sistema para la autonomía y atención a la dependencia

4.2.12.

Dependencia e discapacidade

Actualmente en Galicia, segundo datos do Sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD), viven 66.772 persoas en situación de dependencia, o 5,5% do total do Estado español. O número de persoas dependentes aumenta ano a ano o que se asocia, aínda que non en exclusiva, á evolución da estrutura demográfica.

O escenario demográfico galego, marcado por un intenso envellecemento da poboación, demanda cada vez un maior esforzo do sistema de protección social, en concreto da protección das persoas maiores con dependencia.

A finais de 2016, tras dez anos da aprobación da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, en Galicia existen 79.530 solicitudes formalizadas para acceder ás prestacións do SAAD, un 0,4% máis que no ano anterior. Este leve incremento

racharía coa dinámica de descensos no número de solicitudes rexistrada dende o ano 2011. Este incremento está posiblemente motivado pola apertura do sistema aos graos de dependencia máis moderados (grao I).

O número de solicitudes rexistradas en Galicia no ano 2016 supoñen o 4,9% do total estatal, en relación á poboación empadroada en Galicia, as solicitudes rexistradas representan o 2,93% da poboación da CCAA, fronte ao 3,48% de media no Estado.

Unha vez rexistradas as solicitudes, a Administración dispón dun prazo de seis meses para valoralas, máis este prazo non sempre se cumpre, e na actualidade existen en torno a 1.700 solicitudes pendentes de valoración, unha cifra que se reduciu considerablemente en relación á existente en decembro de 2015 (2.590 solicitudes en lista de agarda de valoración).

No que respecta aos resultados das valoracións, tal e como se deduce do **cadro 4.2.12.**, o 14,5% dos ditames emitidos foron negativos, quedando os solicitantes fóra

do sistema. A maioría dos ditames, 66.494 (o 85,5%), resultaron positivos, co correspondente recoñecemento do grao de dependencia. Galicia é a segunda Comunidade Autónoma, tras Murcia, con maior porcentaxe de solicitudes favorables sobre ditaminadas (79,9% de media no Estado).

Os datos de 2016 mostran a existencia en Galicia de 24.907 persoas recoñecidas como grandes dependentes, un colectivo que aumentou no último ano en case 1.800 persoas. O número de beneficiarios con prestación de grao II, ou dependencia grave, ascendeu a 23.560, inferior neste caso ao de anos anteriores. O grao I, afectación moderada, incrementa o número de beneficiarios rexistrados, con 18.027, fronte aos 17.889 do ano anterior.

O 32% do total de persoas ditaminadas no ano 2016, foron recoñecidas co grao III, o de maior afectación. Este colectivo, a pesar de incrementarse significativamente no último ano, rexistra dende o ano 2011 unha tendencia descendente explicada tanto polas baixas no grupo como polas maiores esixencias na baremación, o que se veu compensado no ano 2016 en Galicia en especial polo proceso de envellecemento da poboación. Galicia é a terceira Comunidade Autónoma, tras Canarias e Murcia, cunha maior porcentaxe de beneficiarios de grao III en relación ao total de solicitudes ditaminadas, así como a sétima, tras Andalucía, Aragón, Baleares, Cataluña, Cantabria e Murcia, cunha maior porcentaxe de beneficiarios de grao II sobre o total, un 30,3%. O peso dos beneficiarios cunha dependencia moderada representaría un 23,2%, estando, neste caso, por debaixo da media estatal (26%).

Un indicador significativo da evolución do sistema é a análise da evolución do número de persoas con prestación. A asignación da prestación realízase mediante resolución administrativa, do Programa Individual de Atención (PIA), onde se determina a prestación ou servizo que lle corresponde a cada persoa dependente en función, entre outros aspectos, do seu grao de discapacidade e da súa capacidade económica.

O número de persoas atendidas polo sistema de dependencia volve a aumentar no ano 2016 para situarse en 49.101, o 5,7% dos beneficiarios totais estatais. Atendendo ao seu peso relativo na poboación total de Gali-

cia, os beneficiarios con prestacións representan o 1,8%, por baixo da media estatal (1,9%).

A pesar do aumento do número de atendidos polo sistema, este continúa sen atender a 17.393 persoas cunha valoración positiva para acceder ás prestacións e que non están sendo atendidas polo sistema. Unha lista de agarda que descende no último ano en 6.279 persoas, pero que continúa sendo moi elevada, xa que supón en torno ao 26% das persoas dependentes en Galicia.

No que respecta aos dereitos dos beneficiarios, o catálogo de prestacións inclúe, por unha banda, prestacións económicas para coidados familiares e vinculadas a servizos concretos, así como dispoñer dun asistente persoal e, por outra banda, contempla servizos de residencia, centros de día e de noite, axuda a domicilio, teleasistencia, servizo de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal.

No ano 2016 incrementáanse o número de prestacións concedidas ás persoas valoradas como dependentes, situándose nas 54.862 prestacións, un 20% máis que no ano anterior, o que supón o 5,1% das prestacións en España. O incremento no número de prestacións ven explicado, en grande medida, pola incorporación ao sistema dos dependentes de grao I. O número total de prestacións por persoa beneficiaria é de 1,12 en Galicia, mentres que a media estatal é de 1,23 prestacións por beneficiario.

O artigo 14 da Lei de dependencia establece a prioridade das prestacións consistentes en servizos sobre as económicas. Sen embargo, o limitado desenvolvemento do sistema deriva no predominio das prestacións económicas. Así, en Galicia no ano 2016 o 33% (42,8% no Estado) das prestacións son de tipo económico (prestacións económicas vinculadas ao servizo, por coidados familiares e por asistencia persoal).

Tal como se sinala no **cadro 4.2.12.**, entre as prestacións por servizos, salienta o elevado peso relativo das prestacións de axuda a domicilio, un 30,2% do total en Galicia fronte a só o 16% de media no Estado; igualmente destaca a reducida importancia relativa en Galicia da teleasistencia, que supón tan só o 4,7% das prestacións, lonxe do 15,4% en España.

Residencias e Centros de Día destinados a persoas maiores en Galicia 2016

	Privadas		Privada sen fin de		autonómica e		Pública local		Total	
	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas	nº	prazas
Residenciais										
Galicia	175	8.883	97	7.211	47	3.767	23	606	342	20.467
A Coruña	51	3.204	18	1.650	18	1.635	2	41	89	6.530
Lugo	26	1.604	22	1.412	12	732	6	52	66	3.800
Ourense	53	1.376	42	2.957	10	524	12	394	117	5.251
Pontevedra	45	2.699	15	1.192	7	876	3	119	70	4.886
Centros de día										
Galicia	109	4.151	18	707	71	2.733	15	489	213	8.080
A Coruña	37	1.472	10	414	28	1.223	5	190	80	3.299
Lugo	13	636	1	19	14	494	4	125	32	1.274
Ourense	11	331	3	143	11	361	5	94	30	929
Pontevedra	48	1.712	4	131	18	655	1	80	71	2.578

Fonte: Consellería de Política Social

4.2.13.

Unha variable básica á hora de avaliar a calidade da asistencia as persoas en situación de dependencia é a existencia de suficientes prazas residenciais en centros específicos. Segundo os datos publicados pola Consellería de Política Social, datos recollidos no **cadro 4.2.13.**, Galicia conta en 2016 con 342 residencias e 20.467 prazas residenciais. Dos ditos 342 centros residenciais existentes en Galicia no 2016, o 79,5% son de titularidade privada, así como o 78,6% das prazas totais (16.094 prazas privadas). Por outra banda, Galicia dispón de 70 residencias e 4.373 prazas con financiamento público. A porcentaxe de prazas residenciais públicas sobre o total en Galicia acada o 21,4%.

A rateo de prazas residenciais por cada 100 persoas de 65 anos ou máis é de 4,19 de media en España; dita rateo en Galicia é só de 3,06 prazas, baixando ata o 2,39 en Pontevedra ou o 2,4 na Coruña. Galicia é a quinta Comunidade Autónoma cunha rateo máis baixa, por diante de Canarias (2,22), Murcia (2,24), Comunidade Valenciana (2,91) e Andalucía (2,95).

No que respecta aos centros de día, das 8.080 prazas existentes en Galicia o 60,1% son de titularidade privada. Salienta que case o 45% das prazas con financiamento público están localizadas na provincia de A Coruña.

A eliminación do financiamento estatal das cotizacións á Seguridade Social dos coidadores non profesionais

(RDL 20/2012) ten como consecuencia un descenso continuo no número de coidadores non profesionais afiliados. O **cadro 4.2.14.** amosa que o número de afiliados ao convenio de coidadores non profesionais en Galicia continúa descendendo en 2016 para situarse nas 1.008 persoas, o 10,3% do total estatal.

En marzo do ano 2016, presentouse o I Plan de Acción da Estratexia Galega sobre Discapacidade (Esgadi) 2015-2020, para o período 2016-2017. Este primeiro Plan de Acción da Esgadi prevé levar a cabo un total de 330 actuacións, que se estruturan en 6 liñas estratéxicas: accesibilidade, autonomía persoal, educación, formación e emprego, saúde e servizos sociais. Este Plan complétase co establecemento de mecanismos de seguimento e avaliación que permitirán valorar a pertinencia, eficacia e eficiencia dos plans de acción e dos programas e actuacións implementadas.

Finalmente, no que respecta á contratación de persoas con algún tipo de discapacidade (**cadro 4.2.15.**), no ano 2016 asináronse en Galicia un total 575 contratos indefinidos para persoas con discapacidade, dos que 379 son a xornada completa. Os contratos temporais a persoas con discapacidade foron 1.310. De cada 1.000 contratos indefinidos asinados en Galicia no último ano 13,6 corresponden a persoas con discapacidade (8,8 contratos no conxunto do Estado), e de cada 10.000 contratos temporais 15 son de persoas con discapacidade (12,4 en España).

Coidadores non profesionais: afiliados en alta na Seguridade Social 2009-16 ⁽¹⁾

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia / España
							(%)
2009	6.053	2.328	714	957	2.054	100.423	6,0
2010	8.752	3.115	1.141	1.617	2.879	150.566	5,8
2011	8.206	2.923	1.063	1.420	2.800	173.424	4,7
2012	2.316	753	390	479	694	23.933	9,7
2013	1.737	567	304	358	508	16.736	10,4
2014	1.393	465	251	287	390	13.553	10,3
2015	1.110	370	201	222	317	11.189	9,9
2016	1.008	347	176	197	288	9.753	10,3

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

A Disposición Transitoria decimoterceira do Real Decreto-Lei 20/2012 establece que os convenios especiais no Sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais extinguiranse o día 31 de agosto de 2012, agás que o subscritor solicite expresamente o mantemento do mesmo; neste caso, dende o día 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2012 a cotización terá unha redución do 10%, estando o 5% restante da cota a cargo da Administración e o 85% a cargo do coidador. A partir do día 1 de xaneiro de 2013, o convenio especial será a cargo exclusivamente do coidador profesional.

Fonte: Seguridade Social

4.2.14.

Contratos de traballo iniciais para persoas discapacitadas en Galicia e España 2016 ⁽¹⁾

	Galicia					España	G / E
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		(%)
C. indefinidos persoas con discapacidade	575	263	77	44	191	9.886	5,8
Homes	314	154	39	29	92	5.888	5,3
Mulleres	261	109	38	15	99	3.998	6,5
Xornada completa	379	170	54	29	126	4.753	8,0
Xornada parcial	175	83	20	13	59	2.802	6,2
Fixos discontinuos	21	10	3	2	6	565	3,7
C. temporais persoas con discapacidade	1.310	506	130	97	577	22.657	5,8
Homes	799	295	90	59	355	13.942	5,7
Mulleres	511	211	40	38	222	8.715	5,9
Xornada completa	736	268	71	60	337	13.323	5,5
Xornada parcial	574	238	59	37	240	9.334	6,1
12 meses	1.279	498	121	95	565	21.751	5,9
de 12 a 18 meses	24	6	8	1	9	743	3,2
de 18 a 24 meses	2	-	-	1	1	53	3,8
máis de 24 meses	5	2	1	-	2	110	4,5
Prórroga contratos temporais							
Prórroga a persoas con discapacidade	663	251	85	67	260	12.057	5,5
Contratos convertidos en indefinidos de persoas con discapacidade							
a persoas con discapacidade	335	186	34	15	100	7.625	4,4
C. Temporais a persoas discapacidade	264	122	32	15	95	4.943	5,3
C. Indefinidos bonificados	3.532	1.549	486	392	1.105	64.777	5,5
A persoas con discapacidade	983	499	121	66	297	18.755	5,2

(1) datos acumulados a 31/12/2016

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

4.2.15.

Fogares 2009-15: tipoloxías segundo o tamaño do concello ⁽¹⁾

	< 10.000 hb.	Entre 10.000 e 20.000 hb	Entre 20.000 e 50.000 hb.	>50.000 hb	Total
	(%)				
Unipersoal					
2009	22,2	18,2	17,8	19,4	19,8
2015	22,4	19,0	19,7	23,1	21,7
Sen núcleo					
2009	2,7	1,6	1,6	2,2	2,1
2015	2,6	1,5	1,9	1,9	2,1
Parella con fillos					
2009	27,9	37,3	39,2	36,2	34,2
2015	28,8	36,3	39,0	33,1	33,2
Parella sen fillos					
2009	23,2	19,8	23,9	23,5	22,8
2015	22,2	22,0	21,1	25,3	23,2
Monoparental					
2009	7,4	10,5	8,6	10,9	9,4
2015	9,0	9,7	10,3	10,3	9,8
Un núcleo e outros					
2009	11,2	7,9	6,4	5,5	7,8
2015	9,4	7,7	4,3	4,9	6,6
Varios núcleos					
2009	5,5	4,9	2,6	2,4	3,8
2015	5,7	3,9	3,9	1,4	3,5

(1) Datos a 31 de decembro de cada ano
Fonte: IGE, *Enquisa estrutural a fogares*

4.2.16.

Familia e infancia

A composición dos fogares en Galicia mostra claramente a problemática demográfica que esta Comunidade afronta. A 31 de decembro de 2015, o 33,2% dos fogares galegos estaban compostos por unha parella con fillos, **cadro 4.2.16.**, un punto porcentual menos que no ano 2009, seguidos dos fogares compostos por parellas sen fillos, co 23,2%, case medio punto porcentual máis que no ano 2009. O cambio nos modelos familiares, así como a reducida taxa de natalidade, favorece esta evolución. Por outra banda, tamén se incrementan os fogares unipersoais, que representan o 21,7% dos fogares galegos; neste senso dos 229.780 fogares unipersoais existentes en Galicia no ano 2015, en 121.297, o 53%, a persoa ten máis de 65 anos.

No que respecta ás parellas con fillos, a pesar de que sigue sendo a tipoloxía de fogar máis numerosa, a súa porcentaxe sobre o total de fogares descende paulatinamente, dende o 34,2% no ano 2009 ata o 33,2% do ano 2015. De xeito contrario, os fogares compostos por parellas sen fillos ou fogares unipersoais acadan no ano 2015 as porcentaxes máis elevadas da serie analizada. Os títulos de familia numerosa en vigor a 31 de decembro de 2016 en Galicia eran 22.612, 2.206 títulos máis que no ano anterior. No último ano hai case 200 fami-

lias numerosas máis de categoría especial, é dicir, familias con 5 ou máis fillos, ou aquelas con 4 fillos cun ingreso por membro inferior ao 75% do IPREM ou nas que alomenos tres fillos ou fillas procedan de parto múltiple.

No ano 2016 continúa o descenso no número de solicitudes de adopcións internacionais e nacionais abertas en Galicia. As solicitudes de adopción nacional en Galicia no ano 2016 foron 116, fronte ás 130 do ano anterior. No caso das adopcións internacionais, mantéñense as mesmas 77 solicitudes do ano anterior, o nivel máis reducido da serie estatística dispoñible.

En 2016 Galicia contaba cun total de 566 escolas infantís, que ofertaban 29.927 prazas (cadro 4.2.17). Tendo en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos ascende a 79.260 nenos, a rateo praza por cada 100 nenos sitúase en 37,8. A Coruña é a provincia que rexistra a proporción máis elevada dado que os 241 centros existentes ofrecen unha rateo de 40,1 prazas. Séguelle Ourense, con 38,7 prazas por cada cen nenos de 0-3 anos, e a continuación sitúanse Pontevedra e Lugo, con 36,9 e 30,9 prazas, respectivamente. O descenso da poboación de 0 a 3 anos, así como un aumento no número de prazas (en torno a 1.300 prazas máis no ano 2016), e centros (no ano 2016 rexístranse 70 centros de ini-

Escolas infantís 2016: distribución segundo tipo de iniciativa e provincia

	Centros	Prazas		
			poboación 0-3 anos	prazas / poboación (prazas / 100 habs.)
Iniciativa pública	303	16.415	79.260	20,7
A Coruña	125	7.592	33.737	22,5
Lugo	46	1.936	8.684	22,3
Ourense	45	1.700	7.562	22,5
Pontevedra	87	5.187	29.277	17,7
Iniciativa privada con ánimo de lucro	202	10.021	79.260	12,6
A Coruña	91	4.470	33.737	13,2
Lugo	16	684	8.684	7,9
Ourense	27	1.124	7.562	14,9
Pontevedra	68	3.743	29.277	12,8
Iniciativa social	61	3.491	79.260	4,4
A Coruña	25	1.469	33.737	4,4
Lugo	2	60	8.684	0,7
Ourense	4	99	7.562	1,3
Pontevedra	30	1.863	29.277	6,4
Total	566	29.927	79.260	37,8
A Coruña	241	13.531	33.737	40,1
Lugo	64	2.680	8.684	30,9
Ourense	76	2.923	7.562	38,7
Pontevedra	185	10.793	29.277	36,9

Fonte: Consellería de Política Social

4.2.17.

ciativa privada máis que no ano anterior), permite un incremento xeneralizado da rateo prazas/poboación.

Violencia de xénero e maltrato infantil

No ano 2016 en Galicia foron asasinadas tres mulleres vítimas de violencia de xénero, 44 no conxunto do Estado.

A violencia de xénero defínese como a manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, que se exerce sobre estas por parte de quen sexan ou teñan sido os seus cónxuxes, ou de quen están ou teñan estado ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia, e comprende todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade.

Tomado como indicador de benestar social a incidencia da violencia en xeral e da violencia de xénero de forma particular, en Galicia o número de chamadas pertinentes realizadas en Galicia ao 016 –teléfono que ofrece información e asesoramento xurídico en materia de

violencia de xénero con carácter gratuíto e universal– acadou no ano 2016 o valor máis elevado dende que se puxo en funcionamento o servizo, acadando as 4.026 chamadas, un 8,4% máis que no ano anterior, das que 2.801 foron realizadas polas propias usuarias (4,9% máis que en 2015) e 1.130, por familiares ou persoas achegadas (15,9% máis).

O número de denuncias realizadas no último ano diminúe significativamente respecto ao ano anterior, rexistrándose un total de 4.175 denuncias (5.210 en 2015), o 3,8% do total estatal. O 74% do total de denuncias corresponden a atestados policiais con denuncia da vítima, con 3.083 denuncias (o 4,3% das rexistradas en España), seguido polas denuncias presentadas directamente pola vítima (363), e dos partes de lesións con 333.

No que respecta aos dereitos laborais e económicos, o **cadro 4.2.18.** mostra que os contratos bonificados a mulleres vítimas da violencia de xénero ascenderon no último ano a 42, o que representa o 5,2% do total estatal. Así mesmo, o número de mulleres perceptoras da Renda Activa de Inserción increméntase lixeiramente no ano 2016, con 1.331 preceptoras (28 máis que no

Violencia de xénero en Galicia e España 2016

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	G / E (%)
Chamadas pertinentes	4.026	1.687	396	422	1.521	85.072	4,7
Usuaris	2.801	1.205	258	316	1.022	59.133	4,7
Familiars/achegados	1.130	437	124	96	473	23.398	4,8
Outros	95	45	14	10	26	2.541	3,7
Axudas concedidas	65					473	13,7
Axudas cambio residencia	155	78	15	20	42	3.564	4,3
Contratos bonificados	42	14	5	4	19	801	5,2
Contratos de substitución	32	23	2	1	6	239	13,4
Número de denuncias	4.175	1.589	521	406	1.659	108.638	3,8
Presentadas directamente vítima	363	26	2	10	325	3.633	10,0
Presentadas directamente familiares	2	-	-	1	1	239	0,8
Atestado policial con denuncia vítima	3.083	1.224	388	344	1.127	71.963	4,3
Atestado policial con denuncia familiares	73	38	18	1	16	1.240	5,9
Atestado policial. Intervención directa policía	267	99	57	41	70	17.713	1,5
Parte de lesiones	333	199	53	9	72	10.979	
Servizos asistencia a terceiros	54	3	3	-	48	2.871	1,9
Dispositivos electrónicos							
Instalacións acumuladas	117	33	14	14	56	4214	2,8
Desinstalacións acumuladas	88	27	13	11	37	3330	2,6
Dispositivos activos	29	6	1	3	19	884	3,3
Perceptores de Renda Activa de Inserción	1.331	536	155	187	453	33.565	4,0
Seguemento integral	3.085	1.309	472	343	961	52.635	5,9
Casos con protección policial	1.345	659	195	97	394	22.967	5,9
Usuarios ATENPRO (1)	493	286	39	19	149	11.491	4,3
Vítimas mortais	3	1	1	-	1	44	6,8
Convivencia	1	1	-	-	-	30	3,3
Non convivencia	2	-	1	-	1	14	14,3

(1) servizo telefónico de atención e protección

Fonte: Delegación del Gobierno para la violencia de género

4.2.18.

ano anterior), o que supón o 4% das perceptoras en España.

No ámbito das actuacións dirixidas á atención de menores en situación de desprotección social e de prevención da violencia ou maltrato infantil, na Comunidade Autónoma existen diferentes programas e actuacións:

1.- Programas de garda e custodia de menores:

- Menores tutelados: Correspóndelle á Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, asumir a tutela dos menores desamparados que residan ou se atopen transitoriamente na Comunidade Autónoma de Galicia. No ano 2015 en Galicia 1.599 menores estaban tutelados pola Xunta de Galicia.

- Menores en situación de garda: Á entidade pública

de protección de menores correspóndelle a garda das persoas menores das que teña asumida a tutela. A garda asumida pola Administración, sexa como función inherente á tutela, por petición dos pais ou por resolución xudicial, exercecese mediante o acollemento familiar e o acollemento residencial. No ano 2015 en Galicia 644 menores estaban en situación de garda, dos que 630 tiñan unha garda administrativa e 14 garda xudicial.

- Acollemento: O acollemento é o modo de exercicio da garda como medida de protección da persoa menor, e consiste na integración do neno ou nena nunha familia acolledora. Existen dous tipos de acollemento: o acollemento familiar e o acollemento residencial:

- Acollemento familiar: Mediante este tipo de acollemento outórgase a garda dunha persoa menor a

unha persoa ou núcleo familiar coa obriga de coadala, alimentala, educala por un tempo co fin de integrala nunha vida familiar que substitúa ou complemente temporalmente á súa familia biolóxica. No ano 2015 en Galicia 1.251 familias acolleron a 1.308 nenos e nenas.

– Acollemento residencial: Ten carácter subsidiario ao acollemento familiar e comporta o ingreso dun/dunha menor nun centro residencial xestionado directamente pola Comunidade Autónoma ou indirectamente a través dunha institución pública ou privada colaboradora, co obxecto de recibir a atención, educación e formación axeitadas que, polo menos temporalmente, non poida proporcionarlle a súa propia familia. No ano 2015 en Galicia rexístranse 60 centros residenciais para a protección de menores, dos que só 4 teñen titularidade pública. O total de prazas é de 803, das que 651 son concertadas. No ano 2015, 1249 nenos estaban en situación de acollemento residencial en Galicia.

- Menores estranxeiros non acompañados: Son menores de idade procedentes doutros países que se atopan en España en situación de desamparo por non estar acompañados de ningún familiar. No ano 2015 en Galicia estaban tutelados 35 menores nesta situación.

2.- Programas de apoio:

Para acadar a integración sociofamiliar dos nenos, ademais de adoptar, se procede, as medidas de tutela ou garda, os servizos especializados de protección da infancia da Consellería de Política Social desenvolven os seguintes programas de apoio ás persoas menores e ás súas familias:

- Atención de día: Mediante o programa de atención de día préstaselles aos e ás menores en situación de risco, desamparo ou conflito social, un servizo de apoio socioeducativo e familiar, co obxecto de favorecer o seu proceso de normalización. No ano 2015 en Galicia existían 43 centros de atención de día, dos que 40 son concertados, con 377 prazas (337 concertadas), e aos que asistiron 470 menores.

- Programa de Integración Familiar (PIF): Programa de intervención con menores e as súas familias, co obxecto

de acadar unha convivencia normalizada no ámbito familiar mediante unha intervención educativa, terapéutica e asistencial. No ano 2015 foron atendidos 368 nenos e 199 familias.

- Programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de risco e desamparo: Este programa de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Universidade da Coruña inclúe o deseño e aplicación do tratamento terapéutico aos menores derivados polos equipos técnicos de menores. Beneficiáronse deste programa no ano 2015, 195 menores.

- Programa de intervención ambulatoria con adolescentes que teñan aberto expediente de protección e en conflito social: Este programa ten por obxecto a asistencia individualizada e especializada nos eidos psicolóxico e socio educativo dos menores que presentan perfís caracterizados por condutas disociais, comisión de delitos, consumo de drogas, fracaso, expulsión e/ou violencia escolar, pertenza a pandillas disociais, trastornos psicopatolóxicos, etc.. No ano 2015 asistiron 195 adolescentes ao dito programa.

- Teléfono da infancia (116111): Liña gratuíta de atención, apoio e escoita a menores, así como de denuncia de situacións de malos tratos á infancia. No ano 2015 atendéronse en Galicia 1.242 chamadas, das que o 47% estaban dirixidas a obter asesoramento ou información.

- Programa Mentor: Recurso mediante o que proporciona información, formación e acompañamento á inserción dos menores tutelados, ou en garda pola Administración autonómica, co fin de que poidan conseguir unha inserción laboral e social plenamente independente. No ano 2015 a poboación sobre a que incidíu o programa estivo formada por 513 mozos e mozas cos que se desenvolveron accións encamiñadas a súa inserción laboral. □

4.3.

Cobertura social

O sistema de protección social é un elemento fundamental de cohesión e de diminución das desigualdades. Esta función é especialmente relevante en territorios como Galicia, onde a súa estrutura económica e demográfica determinan que as prestacións e subsidios sociais sexan a principal fonte de rendas de moitos fogares. Neste senso, a *Enquisa estrutural a fogares* do IGE mostra como a 31 de decembro de 2015, en torno ao 32% dos fogares galegos (372.475 fogares) recibían exclusivamente ingresos procedentes de prestacións, e no 44,7% dos fogares galegos a prestación é a principal fonte de ingresos, porcentaxe que ascende ata o 53,7% nos concellos con menos de 10.000 habitantes. A principal partida de gasto do sistema da Seguridade Social son as prestacións contributivas, financiadas a través das cotizacións sociais de empresas e traballadores. Dentro das prestacións contributivas, as máis importantes son as pensións contributivas, en concreto as pensións de xubilación.

Estes datos revelan a importancia do sistema de protección social en Galicia, onde no 44,4% dos fogares os ingresos por prestacións representan máis dun 50% do total.

O número de beneficiarios de pensións contributivas,

non contributivas e prestacións por desemprego acada en Galicia no ano 2016 as 897.980 persoas, 7.591 beneficiarios menos que no ano anterior. Fronte ao incremento de 4.200 beneficiarios de pensións contributivas, diminúen lixeiramente os de pensións non contributivas, con 970 menos, así como, un ano máis de xeito especialmente notable, os beneficiarios de prestacións por desemprego, cunha redución de 10.821 persoas.

O importe medio das pensións contributivas en Galicia no ano 2016 foi de 762,64 €/mes, o segundo máis baixo de todas as CCAA, só superior ao importe medio en Estremadura. O diferencial coa media estatal aumenta no ano 2016 ata aos 140,9 euros ao mes.

O proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 e o Real Decreto 746/2016, de 30 de decembro, sobre revalorización e complementos de pensións de clases pasivas e sobre revalorización das pensións do sistema da Seguridade Social e doutras prestacións sociais públicas para o exercicio 2017, fixan a revalorización do 0,25% das pensións de incapacidade permanente, xubilación, viuvez e orfandade e favor familiar na súa modalidade contributiva.

Ao longo do presente capítulo analízanse as presta-



Prestacións 2015-16: distribución segundo tipo de cobertura

	número		importe medio	
	2015	2016	2015	2016
Pensións contributivas	<i>(medias anuais, en miles)</i>		<i>(en €/mes)</i>	
Total	750,7	754,9	748,08	762,64
Incapacidade permanente	68,5	69,0	816,0	825,4
Xubilación	465,5	468,6	847,5	866,2
Viuvez	186,8	187,1	533,3	540,2
Orfandade e favor familiar	29,9	30,1	385,9	390,1
Pensións non contributivas				
Total	42,2	41,3		
Invalidez	15,9	15,6	390,5	394,8
Xubilación	26,3	25,7	355,0	355,4
LISMI	0,7	0,6		
Prestacións por desemprego *	<i>(datos a 31-12, en miles)</i>			
Total	112,6	101,8		
Contributivas	47,5	44,5	785,4	793,5
Subsidios	52,6	45,6	426,0	426,0
Renta activa de inserción	11,7	11,0	426,0	426,0
programa de activación para o emprego	0,9	0,7	426,0	426,0
	<i>(beneficiarios anuais)</i>			
RISGA	9.713	10.761	430,61	
AES	2.781	2.934	1.154,16	

(*) A contía media das prestacións asistenciais (subsídios, renda agraria, RAI e PAE), é do 80% do IPREM=426,00 euros (14,20 € x 30 días)

LISMI: Lei de integración social do minusválido

RISGA: Renda de integración social de Galicia

AES: Axudas de emerxencia social

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social e Consellería de Política Social.

4.3.1.

cións económicas dos beneficiarios de pensións contributivas, non contributivas e prestacións por desemprego.

Pensións contributivas

Tal como se sinala anteriormente, as pensións contributivas son a principal partida de gasto do sistema da Seguridade Social. As pensións contributivas defínense como prestacións económicas, xeralmente de duración indefinida, cuxa concesión está supeditada normalmente a unha previa relación xurídica coa Seguridade Social, e cuxa contía ven determinada polas aportacións efectuadas por traballador e empresario, se se trata de traballadores por conta allea, durante o período considerado aos efectos da base reguladora da pensión de que se trate.

O número de pensións contributivas da Seguridade Social en Galicia, volve a medrar lixeiramente no ano 2016, para acadar as 754.900 pensións, un 0,6% máis que no ano anterior (1,1% de incremento medio no

conxunto do Estado). O seu importe medio ascende a 762,64 euros ao mes, 140,9 euros inferior ao rexistrado de media no conxunto do Estado, o que sitúa a Galicia como a segunda Comunidade Autónoma cun importe medio das pensións contributivas máis baixo tras Estremadura. En relación ao ano anterior, o importe medio en Galicia medra un 1,9%, igual que a media española.

En Galicia localízanse o 8% do total de pensións contributivas do Estado, o que sitúa a nosa Comunidade como a quinta por número deste tipo de pensións, por detrás de Cataluña, Andalucía, Madrid e a C. Valenciana (co 17,9%, 16%, 11,7% e 10,2% do total respectivamente).

Dentro da acción protectora do Réxime Xeral e dos Réximes Especiais da Seguridade Social, nas pensións contributivas inclúense as pensións por xubilación, por incapacidade permanente, total, absoluta e gran invalidez, e as pensións por falecemento, viuvez, orfandade e en favor de familiares.

Pensiones contributivas en Galicia e España 2015-16: distribución segundo clase


	Galicia			España			G / E	
	2015	2016	16/15	2015	2016	16/15	2015	2016
Totais								
número	750,7	754,9	0,6	9.304,6	9.409,2	1,1	8,1	8,0
importe medio	748,08	762,64	1,9	886,80	903,56	1,9	84,4	84,4
Incapacidade permanente								
número	68,5	69,0	0,7	931,67	938,34	0,7	7,4	7,4
importe medio	816,01	825,41	1,2	923,28	929,69	0,7	88,4	88,8
Xubilación								
número	465,5	468,6	0,7	5.641,9	5.732,0	1,6	8,3	8,2
importe medio	847,51	866,17	2,2	1.021,2	1.042,65	2,1	83,0	83,1
Viuvez								
número	186,8	187,1	0,2	2.353,3	2.358,7	0,2	7,9	7,9
importe medio	533,26	540,15	1,3	630,6	637,87	1,2	84,6	84,7
Orfandade e favor familiar								
número	29,9	30,1	0,7	377,72	380,2	0,7	7,9	7,9
importe medio	385,89	390,10	1,1	385,54	390,38	1,3	100,1	99,9

(1) o número de pensiones está en miles; os importes medios, en euros/mes

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Pensiones contributivas del sistema de la Seguridad Social*

4.3.2.

Pensiones contributivas 2008-16⁽¹⁾: distribución segundo clase de pensión



(1) medias anuais, en miles


Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Pensiones contributivas del sistema de la Seguridad Social*

4.3.3.

Tal como se deduce do **cadro 4.3.2.**, as pensiones de xubilación, co 62,1% do total, son as que acollen ao maior número de beneficiarios e o importe medio máis elevado. No ano 2016, o número de beneficiarios de pensiones contributivas por xubilación en Galicia foi de 468.600 persoas, tres mil cen beneficiarios máis que no ano anterior, o que supón o 8,3% do total de beneficiarios estatais. O importe medio mensual foi de 866,2 euros, inferior en 176,5 euros ao importe medio do Estado, o que mantén a Galicia, xunto con Estremadura, como as Comunidades co importe medio máis reducido de todo o Estado español.

As segundas pensiones en importancia, en canto ao importe medio mensual, son as de incapacidade permanente. O número total desta clase de pensiones no ano 2016 aumentou levemente ata as 69.000 (68.500 pensiones no ano anterior) e o seu importe medio mensual aumentou para situarse nos 825,4 euros mensuais, 104,3 euros inferior á media estatal. A pesar do incremento do importe medio destas pensiones, Galicia sitúase como a terceira Comunidade co importe medio máis baixo, por diante de Estremadura, con 769,3 euros, e Murcia, con 824,3 euros.

Importe medio das pensións contributivas 2008-16: distribución segundo clase de pensión



Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Pensiones contributivas del sistema de la Seguridad Social*

4.3.4.

As prestacións por morte e supervivencia (pensións por viuvez, orfandade e favor familiar), están destinadas a compensar a situación de necesidade económica que produce, para determinadas persoas, o falecemento doutras. No ano 2016, o número de beneficiarios de pensións contributivas de viuvez en Galicia ascendeu a 187.100 (o 7,9% do total estatal) e o seu importe medio mensual a 540,15 euros, o máis reducido do conxunto do Estado, con 98 euros menos ao mes que a media. O resto de pensións, de orfandade e favor familiar, teñen unha reducida significación no sistema, con 30.100 beneficiarios (o 7,9% do total de España) perciben de media 390,1 euros mensuais.

Por réximes de protección, aumentan as pensións procedentes do Réxime Xeral e diminúen as do Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA). O Réxime Xeral aglutina ao 52,4% do total de pensións, rexistrando en 2016 un incremento de 0,9 puntos porcentuais, o que contrasta co descenso de 0,7 puntos porcentuais das pensións do RETA que representa o 35,4% do total de pensións no ano 2016.

O número de pensións correspondente ao réxime xeral e ao especial de traballadores autónomos ascende a 395.792 e 267.592, respectivamente, sendo salientable o peso das pensións do RETA en Galicia (35,4% do

total), fronte ao conxunto do Estado, onde só representan o 20,6% do total.

A contía das pensións é o resultado das circunstancias de cotización e da carreira profesional do pensionista, cun máximo e mínimo fixado anualmente. No ano 2016, a pensión media do sistema en Galicia foi de 762,6 euros mensuais, o que supón un aumento do 1,9%. A pensión media en España foi de 903,6 euros mensuais.

O importe medio das pensións contributivas foi de 897,6€/mes no réxime xeral (999,7€/mes no conxunto do Estado) e de 547,9 €/mes no R.E de Autónomos (629,4€/mes en España).

No réxime especial de traballadores do mar, o número de pensións ascendeu a 55.012 e o seu importe medio foi de 873,9 euros mensuais, salientando o feito de que o 42,6% do total estatal de pensións contributivas neste réxime están localizadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

A importancia cuantitativa do RETA en Galicia obsérvase, non só no número de pensionistas, senón tamén en que en Galicia no ano 2016, 22,6 de cada 100 afiliados á Seguridade Social intégranse no RETA, fronte ao

Pensións contributivas en Galicia e España 2015-16: distribución segundo réxime ⁽¹⁾

	Total	Réxime xeral	R. E. de traballadores autónomos	R. E. de traballadores do mar	R.E. da minería do carbón	Accidentes de traballo	Enfermidades profesionais	SOVI ⁽²⁾
Galicia								
número								
2015	750.727	386.944	271.519	54.950	1.583	18.101	2.815	14.817
2016	754.873	395.792	267.592	55.012	1.574	18.073	2.868	13.961
16/15	0,6	2,3	-1,4	0,1	-0,6	-0,2	1,9	-5,8
importe medio								
2015	748,08	882,78	541,38	861,48	1.250,09	840,13	999,38	383,86
2016	762,64	897,58	547,87	873,87	1.266,18	855,96	1.022,26	384,61
16/15	1,9	1,7	1,2	1,4	1,3	1,9	2,3	0,2
España								
número								
2015	9.304.555	6.566.942	1.929.016	129.972	66.642	207.399	38.827	365.757
2016	9.409.174	6.681.550	1.939.198	128.999	66.084	206.443	38.016	348.885
16/15	1,1	1,7	0,5	-0,7	-0,8	-0,5	-2,1	-4,6
importe medio								
2015	886,80	982,24	620,20	932,48	1.534,81	944,56	1.173,28	381,79
2016	903,56	999,74	629,42	944,61	1.564,53	958,90	1.184,33	381,56
16/15	1,9	1,8	1,5	1,3	1,9		0,9	-0,1
Galicia / España								
número								
2015	8,1	5,9	14,1	42,3	2,4	8,7	7,2	4,1
2016	8,0	5,9	13,8	42,6	2,4	8,8	7,5	4,0
importe medio								
2015	84,4	89,9	87,3	92,4	81,4	88,9	85,2	100,5
2016	84,4	89,8	87,0	92,5	80,9	89,3	86,3	100,8

(1) datos anuais; os datos do importe medio están en euros/mes

(2) Seguro obligatorio de velez e invalidez

Fonte: Seguridad Social, *Estadística de pensiones*

4.3.5.

18,1% de media no Estado. Galicia é a Comunidade Autónoma co menor importe medio mensual das pensións do réxime de traballadores autónomos, feito que se agrava dado o peso da afiliación e pensionistas do RETA en Galicia. As catro provincias galegas son as que teñen o menor importe das pensións do RETA do conxunto de provincias españolas. Así mesmo, no caso do réxime especial de traballadores do mar, o importe medio galego ascende aos devanditos 883,9 euros/mes, o menor do Estado.

O incremento do 0,6% no total de pensións contributivas en Galicia no ano 2016, en relación ao ano anterior, (4.146 pensións contributivas máis), **cadro 4.3.5.**, é consecuencia do aumento das pensións do réxime xeral (8.848 pensións máis). Asemade, o número de pensións dentro do réxime especial de traballadores do mar e das pensións para enfermidades profesionais tamén se incrementa moi levemente. Os citados incrementos compensan unha nova caída rexistrada tanto no caso dos traballadores autónomos (3.926 menos)

como no seguro obrigatorio de velez e invalidez (SOVI) (855 menos).

Outras prestacións do sistema

Dentro deste apartado analizaremos outras prestacións económicas do sistema, tanto de carácter contributivo como non contributivo. Dentro das prestacións contributivas destacan as de incapacidade temporal e as asociadas ao nacemento e coidado de menores: maternidade, paternidade, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural, e coidado de menores afectados por cancro ou enfermidade grave. No que respecta ás prestacións económicas de carácter non contributivo, analízanse as pensións non contributivas de xubilación e viuvez, as prestacións sociais e económicas derivadas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (LISMI) e as prestacións familiares.

A **incapacidade temporal** é un subsidio que cubre a perda de rendas no período no que o traballador está

Incapacidade temporal: continxencias comúns e continxencias profesionais 2015-16

2016						
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Continxencias comúns (1)						
Nº de procesos en vigor ao final do período considerado	12.271	2.972	2.642	9.701	27.586	444.116
Duración media dos procesos con alta	57,7	72,5	62,5	64,4	61,9	38,5
Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos	17,0	13,3	14,7	16,2	16,1	21,5
Continxencias profesionais						
Nº de procesos en vigor ao final do período considerado	1.886	559	396	1.489	4.330	57.356
Duración media dos procesos con alta	50,3	63,8	48,6	49,0	51,0	36,7
Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos	3,3	2,8	3,2	3,7	3,4	3,4
2015						
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	España
Continxencias comúns (1)						
Nº de procesos en vigor ao final do período considerado	10.591	2.563	2.315	8.867	24.336	390.155
Duración media dos procesos con alta	59,9	69,4	59,1	62,3	61,6	37,8
Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos	15,6	12,9	14,3	15,7	15,2	20,5
Continxencias profesionais						
Nº de procesos en vigor ao final do período considerado	1.642	554	387	1.313	3.896	47.542
Duración media dos procesos con alta	47,5	61,2	45,5	45,8	48,1	36,0
Incidencia media mensual por cada mil traballadores protexidos	3,3	2,9	3,4	3,6	3,4	3,3
16/15						
Continxencias comúns (1)	15,9	16,0	14,1	9,4	13,4	13,8
Continxencias profesionais	14,9	0,9	2,3	13,4	11,1	20,6

(1) Agás autónomos

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.3.6.

Traballadores protexidos por incapacidade temporal 2016 (1)

	Continxencias comúns		Continxencias profesionais	
	Galicia	España	Galicia	España
Total Sistema	789.319	15.242.254	797.503	14.906.058
INSS	247.820	4.609.619	73.667	819.646
ISM	20.154	47.333	11.037	15.102
Mutuas Colaboradoras	521.345	10.585.302	712.799	14.071.310

(1) Finais do período considerado

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.3.7.

incapacitado para traballar por enfermidade común ou accidente non laboral, enfermidade profesional ou accidente laboral, e recibe asistencia sanitaria na Seguridade Social (**cadro 4.3.6.**).

O incremento no nivel de ocupación, leva aparelado un incremento no número de procesos por incapaci-

dade temporal en vigor; así a finais de 2016 o número de procesos en vigor era de case 32.000, dos que o 86% era por continxencias comúns. A duración media dos procesos con alta é de 61,9 días para as continxencias comúns e de 51 días para as continxencias profesionais.

Do total de traballadores en alta protexidos por inca-

Prestacións relacionadas co nacemento e os cuidados de primeira infancia 2016⁽¹⁾

	Galicia	España	G/E (%)
Prestación de maternidade (INSS)			
Nº de procesos	14.522	278.509	5,2
Percibidos pola nai	14.159	272.821	5,2
Percibidos polo pai	363	5.688	6,4
Prestación de paternidade (INSS)			
Nº de procesos	11.819	244.468	4,8
Risco durante o embarazo			
Nº medio mensual de procesos iniciados	378	6.789	5,6
Número de procesos en vigor ao final do período	1.204	21.097	5,7
Risco durante a lactancia natural			
Nº medio mensual de procesos iniciados	4	67	6,6
Número de procesos en vigor ao final do período	29	435	6,7
Coidado de menores afectados polo cangro ou enfermidade grave			
Nº medio mensual de procesos iniciados	97	2.150	4,5
Número de procesos en vigor ao final do período	158	3.298	4,8

(1) acumulado a decembro
Fonte: Seguridad Social

4.3.8.

pacidade temporal derivada de continxencias comúns en Galicia, **cadro 4.3.7.**, un 66% está cuberto por mutuas, un 32% polo INSS e un 2% polo ISM; a nivel estatal estas porcentaxes son respectivamente do 69%, 30% e 0,3%. No que respecta ás continxencias profesionais, a porcentaxe de traballadores cubertos por mutuas ascende ata o 89,4% en Galicia e ata o 94,4% de media no Estado.

Dentro das **prestacións e axudas no ámbito da familia e a infancia**, están as seguintes, tal como se observa no **cadro 4.3.8.**:

– Prestacións de maternidade: As prestacións económicas por maternidade tratan de cubrir a perda de rendas do traballo ou de ingresos que sofren os traballadores, por conta allea ou por conta propia, cando se lles suspende o seu contrato ou se lles interrompe a súa actividade para gozar dos períodos de descanso por maternidade, adopción e acollemento legalmente establecidos. Ao longo do ano 2016 concedéronse 14.522 prestacións de maternidade, 80 máis que no ano anterior, das que 14.159 serían percibidas pola nai e as restantes 363, un 2,5% do total, polo pai, porcentaxe superior á media estatal (2%).

– Prestacións de paternidade: Esta prestación económica protexe o dereito do outro proxenitor, distinto ao que xera o dereito á prestación de maternidade, a per-

cibir un subsidio durante os días de suspensión do contrato de traballo no caso de nacemento de fillo, adopción ou acollemento. O número de prestacións de paternidade concedidas aumenta en Galicia no ano 2016, situándose nas 11.819 prestacións, 400 máis que no ano precedente, o que representa o 4,8% das prestacións en España.

– Prestacións por risco durante o embarazo: O seu obxectivo é cubrir a perda de ingresos que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante o embarazo, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible co seu estado, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificadas. No ano 2016 continúa a tendencia de incremento dos procesos en vigor, tanto no que respecta ás traballadoras por conta allea (1.112 no último ano) como no caso das traballadoras por conta propia (92 en 2016). Pola contra, a duración media dos procesos finalizados, descende no caso das traballadoras por conta allea, en torno aos 94 días, e increméntase levemente a duración media dos procesos de traballadoras por conta propia ata os 75,2 días de media.

– Prestacións por risco durante a lactación natural: Esta prestación económica trata de cubrir a perda de ingresos

Beneficiarios de prestacións non contributivas nas CC.AA. 2015-16 ⁽¹⁾

	Total			Invalidez			Xubilación		
	2015	2016	16/15 (%)	2015	2016	16/15 (%)	2015	2016	16/15 (%)
Andalucía	102.025	101.669	-0,3	45.980	46.021	0,1	56.046	55.648	-0,7
Aragón	7.546	7.515	-0,4	2.790	2.822	1,1	4.755	4.693	-1,3
Asturias	9.184	9.138	-0,5	4.458	4.365	-2,1	4.725	4.773	1,0
Baleares	7.802	7.929	1,6	3.193	3.149	-1,4	4.610	4.780	3,7
Canarias	43.712	43.869	0,4	19.864	19.985	0,6	23.848	23.884	0,2
Cantabria	6.720	6.896	2,6	3.414	3.484	2,1	3.305	3.412	3,2
Castela-A Mancha	19.682	19.497	-0,9	9.366	9.295	-0,8	10.315	10.202	-1,1
Castela e León	22.128	22.051	-0,3	9.727	9.746	0,2	12.401	12.305	-0,8
Cataluña	57.884	58.400	0,9	26.164	26.530	1,4	31.720	31.870	0,5
C. Valenciana	47.629	48.394	1,6	19.272	19.316	0,2	28.357	29.077	2,5
Extremadura	14.115	13.959	-1,1	5.844	5.829	-0,3	8.271	8.129	-1,7
Galicia	42.247	41.277	-2,3	15.903	15.603	-1,9	26.344	25.674	-2,5
Madrid	37.315	38.415	2,9	14.932	15.202	1,8	22.383	23.213	3,7
Murcia	14.670	14.954	1,9	7.671	7.849	2,3	6.999	7.106	1,5
Navarra	2.625	2.686	2,3	948	985	3,9	1.677	1.702	1,5
País Vasco	10.991	11.298	2,8	6.121	6.247	2,1	4.870	5.051	3,7
A Ríoxa	1.829	1.865	2,0	782	787	0,6	1.047	1.079	3,1
Ceuta e Melilla	4.624	4.692	1,5	2.461	2.547	3,5	2.164	2.145	-0,9
Total	452.728	454.504	0,4	198.890	199.762	0,4	253.837	254.743	0,4
G/E (%)	9,3	9,1		8,0	7,8		10,4	10,1	

(1) medias anuais

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Prestaciones no contributivas*

4.3.9.

que se produce cando a traballadora é declarada en situación de suspensión do contrato de traballo por risco durante a lactación natural dun menor de 9 meses, nos supostos en que, debendo cambiar de posto de traballo ou de actividade por outro compatible coa súa situación, este cambio non resulte técnica ou obxectivamente posible ou non poida razoablemente esixirse por motivos xustificadas. O número de procesos en vigor para traballadoras caeu en Galicia ata os 29 procesos (31 en 2015), mentres que aumenta a duración dos procesos finalizados ata os 152 días para as traballadoras por conta propia e ata os 158 días para as por conta allea.


– Prestacións por coidado de menores afectados polo cancro ou enfermidade grave: A efectos da prestación por coidado de menores afectados por cancro u outra enfermidade grave, considérase situación protexida a redución da xornada de traballo que leven a cabo as persoas proxenitoras, adoptantes e acolledoras de carácter familiar preadoptivo ou permanente, cando ambas traballen, para o coidado do menor o seu cargo afectado por cancro u outra enfermidade grave. O número de procesos en vigor a final de 2016 en Galicia era de 158, o 4,8% do total estatal.

As **pensións non contributivas** aseguran a todos os cidadáns unha prestación económica, asistencia médico-farmacéutica gratuita e servizos sociais complementarios, aínda que non teñan cotizado ou o teñan feito de xeito insuficiente para ter dereito a unha pensión contributiva.

Tal como se observa en anos anteriores, no 2016 segue a tendencia de redución no número de beneficiarios de prestacións non contributivas en Galicia, a diferenza do acontecido no conxunto do Estado. Tras unha caída do 2,3% respecto ao ano anterior, o número total de beneficiarios sitúase nos 41.277 (o 9,1% do total de beneficiarios en España) manténdose como a quinta comunidade con máis pensións, por detrás de Andalucía, Cataluña, C. Valenciana e Canarias.

Tal como se observa no **cadro 4.3.9.**, o descenso no número de beneficiarios, afecta tanto as pensións de invalidez como de xubilación. O 62,2% do total de beneficiarios de pensións non contributivas en Galicia, teñen unha pensión de xubilación e o restante 37,8%, de invalidez. O importe medio mensual das pensións non contributivas é de 355,4 euros para as pensións por xubilación e de 394,8 euros para as pensións por invalidez (**cadro 4.3.10.**).

Promedio mensual das pensións non contributivas 2008-16: distribución segundo clase de pensión ⁽¹⁾



(1) medias anuais, en euros

Fonte: IMSERSO, *Pensiones no contributivas de jubilación e invalidez*

4.3.10.

Prestacións sociais e económicas da LISMI nas CC.AA. 2015-16⁽¹⁾

	2015	2016	16/15 (%)
Andalucía	3.217	2.829	-12,1
Aragón	470	416	-11,5
Asturias	660	597	-9,5
Baleares	122	105	-13,9
Canarias	228	190	-16,7
Cantabria	561	542	-3,4
Castela-A Mancha	2.306	2.211	-4,1
Castela e León	2.249	2.024	-10,0
Cataluña	929	837	-9,9
C. Valenciana	1.722	1.587	-7,8
Estremadura	832	746	-10,3
Galicia	693	567	-18,2
Madrid	1.450	1.342	-7,4
Murcia	2.545	2.321	-8,8
Navarra	-	-	-
País Vasco	-	-	-
A Ríoxa	90	81	-10,0
Ceuta e Melilla	552	508	-8,0
Total	18.626	16.903	-9,3
G/E (%)	3,7	3,4	

LISMI: Lei de integración social do minusválido

(1) número de beneficiarios, medias anuais

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social, *Prestaciones no contributivas*

4.3.11.

Beneficiarios de prestacións familiares por nacemento ou adopción de fillo 2015-16

2015						
	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Total	732	262	134	76	260	27.110
familias numerosas	477	170	86	54	167	19.862
familias monoparentais	241	87	47	19	88	6.957
familias con nais discapacitadas	14	5	1	3	5	291

2016						
	Galicia					España
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	
Total	755	309	118	48	280	26.927
familias numerosas	458	180	75	28	175	20.000
familias monoparentais	279	122	42	19	96	6.644
familias con nais discapacitadas	18	7	1	1	9	283

Fonte: Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.3.12.

Pola súa parte, as pensións asistenciais que son axudas económicas individualizadas de carácter periódico que poden darse por enfermidade ou por vellez, contan no ano 2016 só con 9 beneficiarios en Galicia, todos eles por enfermidade.

No concernente ás prestacións sociais e económicas para aquelas persoas con discapacidade que, por non desenvolver unha actividade laboral, non están incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social, o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, contempla os subsidios de garantía de ingresos mínimos (SGIM), subsidios por axuda de terceira persoa (SATP) e subsidios de mobilidade e compensación por gastos de transporte (SMGT) (**cadro 4.3.11.**).

No ano 2016 continúa o marcado descenso do número de beneficiarios de prestacións sociais e económicas da Lei de Integración Social dos Minusválidos (Lismi) e das pensións asistenciais. Rexístrase un descenso do número de beneficiarios en tódalas Comunidades Autónomas, que no caso galego foi do 18,2% respecto ao ano anterior, moi superior ao experimentado no conxunto do Estado (9,3%). O número de beneficiarios destas prestacións descendeu en Galicia ata os 567.

As prestacións familiares inclúen as asignacións de pago periódico por fillo ou menor acollido a cargo e as

prestacións de pago único por nacemento ou adopción de fillo en caso de familias numerosas, monoparentais ou en casos de nais discapacitadas.

As prestacións de pago único esixen, na maioría dos casos, acreditar un límite de ingresos. O **cadro 4.3.12.**, mostra que en Galicia no ano 2016 hai 755 beneficiarios deste tipo de prestacións de pago único, dos que case o 61% pertencen a familias numerosas.

A outra modalidade de pago periódico destínase a familias con fillos con discapacidade. En decembro de 2016 en Galicia había 15.142 causantes, dos que 10.356 tiñan unha discapacidade maior ou igual ao 65%.

Prestacións por desemprego

No que respecta ás prestacións, un ano máis, redúcese a taxa de cobertura da protección por desemprego. No último ano mantense a redución do número de beneficiarios de prestacións por desemprego, cunha caída do 9,6% en relación ao ano anterior en Galicia e do 7% no conxunto do Estado. En Galicia rexístranse 101.803 beneficiarios de prestacións por desemprego, o 5,1% dos beneficiarios totais do Estado (**cadro 4.3.13.**).

A caída de beneficiarios prodúcese tanto no número de perceptores de prestacións contributivas como de subsidios, da renda activa de inserción e de beneficiarios do programa de activación para o emprego destinados

Prestacións por desemprego e paro rexistrado en Galicia e España 2015-16⁽¹⁾

	2015		2016	
	Galicia	España	Galicia	España
Beneficiarios				
totais	112.624	2.134.099	101.803	1.984.376
prestación contributiva	47.456	819.013	44.506	780.074
subsidio	52.552	936.329	45.574	850.764
renta activa de inserción	11.748	233.868	11.010	217.044
subsidio eventuales agrarios		120.204		115.926
programa de activación para o emprego	868	24.685	713	20.568
Paro rexistrado <i>(en medias anuais)</i>	233.400	4.232.100	212.600	3.868.900
Taxas cobertura (2)				
total	52,58	55,19	51,89	54,43

(1) datos a 31 de decembro de cada ano


(2) indicador da taxa de cobertura se calcula a partir da seguinte fórmula:

beneficiarios prestacións / (paro rexistrado con experiencia laboral + beneficiarios subsidios agrarios)

(paro rexistrado con experiencia laboral = paro rexistrado-paro rexistrado sen emprego anterior)

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.3.13.



(1) Tasas de variación interanual. Datos a 31 de decembro de cada ano.

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do Ministerio de Empleo y Seguridad Social

4.3.14.

a persoas desempregadas de longa duración e que ten unha duración máxima de seis meses para cada beneficiario.

No ano 2016 o 44,8% dos beneficiarios da prestación por desemprego teñen dereito a subsidio e o 43,7%, á prestación contributiva, fronte ao 46,6% e 42,1%, respectivamente, do exercicio anterior.

Tal como se sinala anteriormente, o último ano rexístrase un descenso do 9,6% no total de beneficiarios de prestacións por desemprego, que superan as 100.000 persoas, o 5,1% do total estatal. O maior descenso, tanto en termos absolutos como relativos, prodúcese entre os beneficiarios de subsidios (13,3% menos, case 7.000 beneficiarios menos), ata acadar os 45.574 beneficiarios. Os beneficiarios de prestacións contributivas tamén caeron un 6,2%, ata acadar os 44.506 beneficiarios. O importe medio das prestacións contributivas aumenta ata os 793,5 euros mensuais, oito máis que no ano anterior.

Nas catro provincias galegas diminúe o número de beneficiarios de prestacións por desemprego, sexan contributivas, subsidios, da renda activa de inserción ou do programa de activación de emprego. O descenso do número de beneficiarios de prestacións contributivas por desemprego acada o 10,9% en Ourense, o 10% na provincia de A Coruña e o 9% de descenso nas provincias de Lugo e Pontevedra. As catro provincias presentan un importe medio das prestacións contributivas inferior á media estatal, rexistrándose a contía máis elevada en A Coruña, con 807,3 euros mensuais, por diante de Pontevedra, con 802,4 euros. Ourense e Lugo teñen os importes medios máis reducidos, con 741,5 euros/mes e 756,5 euros/mes, respectivamente. En todos os casos moi inferior á media estatal, que no ano 2016 situouse en 820,1 euros/mes.

No ano 2016 o 3,4% dos beneficiarios das prestacións por desemprego en Galicia son estranxeiros, porcentaxe moi inferior á do conxunto do Estado que se sitúa no 9,9%. No último ano, un total 3.947 beneficiarios son de nacionalidade estranxeira, o 2% do total estatal, dos que 2.208 pertencen a países non comunitarios e os restantes 1.734, á Unión Europea.

Dende o punto de vista do alcance do sistema de protección, o principal indicador é a taxa de cobertura,

que mide a porcentaxe de parados con experiencia laboral que son beneficiarios dalgún tipo de prestación por desemprego. No ano 2016, tal como se observa no **gráfico 4.3.14.**, en Galicia, a taxa de cobertura continua a senda de descenso, ata acadar o 51,9%, o que supón un descenso de 0,5 puntos porcentuais en relación ao ano anterior e de máis de 30 puntos porcentuais respecto a 2008.

No ano 2016 o sistema en Galicia protexía a pouco máis da metade da poboación desempregada susceptible de recibir algún tipo de prestación, cando no ano 2008 a protección era do 84%, chegando ao 95% na media do Estado.

Renda mínima de inserción

A renda de inclusión social de Galicia regulada pola Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber de participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia.

A 31 de decembro de 2016 en Galicia estaban rexistradas 10.761 persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia (Risga), o que indica un aumento de 1.048 persoas en relación ao ano anterior. Para 2016 a Risga ten una contía básica de (un perceptor): 399,38 (75% del IPREM); cun límite máximo para 7 convivintes, de 639 euros no caso de non existir menores e de 718,9 euros con menores. A duración da percepción desta renda é de 12 meses.

O Informe de Rendas Mínimas de Inserción do ano 2015 do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (último informe publicado) sinala que a contía mínima en Galicia situaríase no 61,6% do Salario Mínimo Profesional e a un 75% do Indicador Público de Rendas Múltiples. Estas porcentaxes son inferiores ás medias estatais, que se sitúan no 67,2% e no 81,8%. A taxa de cobertura de titulares por cada 1.000 habitantes ascende en Galicia ata 5,07, sendo dita taxa a nivel estatal do 7,75 por 1.000 habitantes, en tanto que a

Risga e Axudas de Inclusión Social 2015/16: beneficiarios e pagos

Risga (1)				
	beneficiarios		importes medios	
	2015	2016	2015	2016
Total	9.713	10.761	430,61	434,07
A Coruña	2.808	3.090	441,64	446,58
Lugo	1.226	1.335	444,09	441,56
Ourense	1.278	1.448	438,40	438,02
Pontevedra	4.401	4.888	417,65	422,93

AIS (2)				
	axudas concedidas		importes medios	
	2015	2016	2015	2016
Total	2.727	2.879	1.154,16	1.127,20
A Coruña	624	564	1.210,88	1.180,49
Lugo	457	419	1.164,71	1.267,26
Ourense	686	714	1.304,74	1.271,60
Pontevedra	960	1.182	1.004,68	964,89

(1) beneficiarios a 31 de decembro de cada ano e importe dos pagos totais líquidos no mes de decembro de cada ano

(2) axudas anuais concedidas e media anual das coantías das axudas

Fonte: Consellería de Política Social

4.3.15.

Risga e Axudas de Inclusión Social 2015/16: beneficiarios e pagos

Risga (1)				
	beneficiarios		importes medios	
	2015	2016	2015	2016
Total	9.713	10.761	430,61	434,07
A Coruña	2.808	3.090	441,64	446,58
Lugo	1.226	1.335	444,09	441,56
Ourense	1.278	1.448	438,40	438,02
Pontevedra	4.401	4.888	417,65	422,93

AIS (2)				
	axudas concedidas		importes medios	
	2015	2016	2015	2016
Total	2.727	2.879	1.154,16	1.127,20
A Coruña	624	564	1.210,88	1.180,49
Lugo	457	419	1.164,71	1.267,26
Ourense	686	714	1.304,74	1.271,60
Pontevedra	960	1.182	1.004,68	964,89

(1) beneficiarios a 31 de decembro de cada ano e importe dos pagos totais líquidos no mes de decembro de cada ano

(2) axudas anuais concedidas e media anual das coantías das axudas

Fonte: Consellería de Política Social

4.3.16.

Dereitos laborais e económicos das mulleres vítimas de violencia

	Galicia	España	Galicia / España	Galicia 16/15
			(%)	(%)
Contratos bonificados	42	801	5,2	13,5
Contratos de sustitución	32	239	13,4	33,3
Vítimas perceptoras da Renda Activa de Inserción				
2009	794	22.010	3,6	
2010	921	25.512	3,6	
2011	1.016	29.065	3,5	
2012	1.063	30.065	3,5	
2013	1.197	32.596	3,7	
2014	1.311	34.550	3,8	
2015	1.303	34.686	3,8	
2016	1.331	33.553	4,0	
Axudas para cambio de residencia	155	3.564	4,3	-5,5

Fonte: Delegación del Gobierno para la Violencia de Género

4.3.17.

taxa de cobertura por perceptor (titulares e membros dependentes) foi de 9,08 perceptores por cada mil habitantes en Galicia fronte aos 18,92 de España.

Tal como se observa no **cadro 4.3.15.**, o incremento do número de beneficiarios no último ano foi do 10,8% en relación ao ano anterior, destacando incrementos por riba da media galega nas provincias de Ourense (13,3% máis) e en Pontevedra (11% máis). O importe medio ascendeu a 434 euros mensuais, 3,5 euros máis que en 2015.

Das 8.031 solicitudes para percibir a Risga no ano 2016, 6.804 solicitudes foron presentadas no mesmo ano, e 1.227 eran solicitudes pendentes do ano anterior. O **cadro 4.3.16.** mostra como das ditas 8.031 solicitudes presentadas, resolvéronse 6.915, das que 4.355 foron estimadas, o 63% do total.

As axudas de inclusión social tamén reguladas na citada Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia son prestacións económicas non periódicas que teñen como finalidade posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas ou familias afectadas, así como atender as situación de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión social. As axudas de inclusión social están destinadas a sufragar gastos extraordinarios e urxentes e, se é o caso, a financiar actuacións de acompañamento ou reforzo de carácter ex-

cepcional vinculadas ás medidas de apoio dos diferentes tramos da renda de inclusión social de Galicia.

As axudas de Inclusión Social concedidas no ano 2016 foron 2.879, 152 máis que no ano anterior, cun importe medio de 1.127,20 euros ao mes. Fronte o aumento do 5,6% no número de persoas beneficiarias destas axudas na nosa Comunidade, compre salientar o incremento de máis do 23% nos beneficiarios na provincia de Pontevedra. 

4.4.

Medio ambiente e desenvolvemento sostible

Os efectos do cambio climático sobre o medio ambiente e o desenvolvemento sostible fan necesario continuar adoptando medidas de actuación, así como proxectar a planificación de estratexias que mitiguen as consecuencias deste fenómeno a nivel estatal e da Comunidade Autónoma.

A análise do medioambiente neste capítulo céntrase nos aspectos relacionados co cambio climático, a natureza e biodiversidade e a recollida de residuos sólidos.

Cambio climático

Actualmente, a sociedade non parece dubidar sobre que o cambio climático é unha ameaza sen precedentes para a paz, a prosperidade e os obxectivos de desenvolvemento sostible. O cambio climático é unha ameaza directa e un multiplicador de outros perigos. Neste marco, o pasado 4 de novembro de 2016 entrou en vigor o Acordo de París para limitar o quecemento global cos seguintes obxectivos principais:

- Obxectivo a longo prazo: os gobernos acordaron manter o incremento da temperatura media mundial moi por debaixo de 2°C con respecto aos niveis preindustriais e redobrar os es-

forzos para limitalo a 1,5°C.

- Contribucións: Os países presentaron plans xerais nacionais de acción contra o cambio climático para reducir as súas emisións.

- Ambición: Os gobernos acordaron comunicar cada cinco anos as súas contribucións para fixar obxectivos máis ambiciosos.

- Transparencia: Os gobernos informarán sobre o grao de cumprimento dos obxectivos.

- Solidariedade: Os países desenvolvidos financiarán a loita contra o cambio climático para axudar aos países en vía de desenvolvemento tanto para reducir emisións como para aumentar a resiliencia ante os efectos do cambio climático.

A sociedade debe afrontar os retos do cambio climático, con implicacións non so medioambientais, senón tamén sociais e económicas.

A causa principal do quecemento global é o efecto invernadoiro, que está causado polos denominados gases de efecto invernadoiro (GEI). A nivel europeo, a Estratexia Europa 2020 sinala como obxectivos de sostenibilidade os de acadar no ano 2020, unha redución das emisións de gases efecto invernadoiro do 20% en comparación cos niveis de 1990, incrementar a porcen-

Estratexia 2020: indicadores de crecemento sostible de España

	unidades	período	España	Unión Europea		
				media	dato mínimo	dato máximo
Cambio climático e enerxía						
Cambio en emisións de GEI fora do RCCDE (1)	(% cambio)	2005-12	-15,6	..	-22,4	12,9
obxectivo nacional EU 2020	(%)	2020	-10,0	..	-20,0	20,0
obxectivo proposto (negativo = redución mínima, positivo = incremento máximo)	(puntos %)	2012-20	5,6	..	-14,7	31,4
Energías renovables no consumo final bruto de enerxía		2015	16,2	16,7	5,0	70,2
obxectivo nacional EU 2020	(% / enerxía consumida)	2020	20,0	20,0	10,0	49,0
incremento necesario para acadar o obxectivo proposto		2015-20	3,8	3,3	5,0	
cambio na taxa	(variación de puntos %)	2007-13	5,7	5,0	0,9	10,3
Potencial de enerxía eólica	(horas totais de carga / ano)	2000-05	652,8	..	457,1	3186,7
Recursos de enerxía solar	(media de recursos de enerxía solar en KWh/ano)	-	1819,9	..	1053,0	2001,0
Medio ambiente						
Poboación conectada a plantas de tratamento de augas residuais	(% / poboación total)	2010	96,0	..	30,0	100,0
Concentración de partículas finas (PM10) a nivel superficial	(concentración media anual (µg/m3))	2011	18,2	22,3	9,6	33,8
Exceso de concentracións de ozono	(media anual número de días con exceso)	2011	110,9	111,4	85,3	131,9
Cumprimento da directiva UE sobre habitats	(% cumprimento das propostas)	2012	92,0	..	44,0	100,0

(1) Réxime de Comercio de Dereitos de Emisión

Fonte: "Country profile key indicators" mayo 2015. Comisión Europea

4.4.1.

taxe de enerxías renovables sobre o consumo final de enerxía e aumentar nun 20% a eficiencia enerxética.

A nivel do Estado Español, o Programa Nacional de Reformas de 2016 establece unha serie de medidas para acadar os obxectivos nacionais da Estratexia Europa 2020 (**cadro 4.4.1.**), no ámbito do cambio climático e a sostenibilidade enerxética. En concreto perseguen a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI), participación das enerxías renovables e eficiencia enerxética.

En relación ás emisións de GEI, adóptanse medidas de redución de emisións no ámbito dos sectores difusos, non difusos e tamén medidas de carácter horizontal. Nestas medidas as instalacións poden comprar, recibir gratuitamente, ou negociar dereitos de emisións, de xeito que cada dereito de emisión equivale ao dereito a emitir unha tonelada de dióxido de carbono equivalente.

En canto aos sectores difusos, impleméntase a Folla de Ruta dos Sectores Difusos a 2020, que contén medidas específicas para reducir emisións en sectores como o residencial, o transporte ou o agrícola e gandeiro, entre outros. Ademais tamén están en funcionamento programas específicos en sectores concretos. No que respecta aos sectores non difusos, continúa a aplicación


da terceira fase do réxime de comercio de dereitos de emisión, en virtude do que se poxa a metade dos dereitos de emisión e os dereitos restantes se asignan de xeito gratuito. Finalmente, no que respecta ás medidas de carácter horizontal, proséguese coa implantación do Plan Nacional de Adaptación ao Cambio Climático.

En canto á participación das enerxías renovables no consumo final de enerxía, España asume o obxectivo de acadar no ano 2020 un grao de penetración das enerxías renovables sobre o consumo final bruto de enerxía do 20%. Cara a consecución do sinalado obxectivo, na planificación salienta o esforzo inversor en interconexións eléctricas, así como o novo marco retributivo da enerxía eléctrica a partir de fontes renovables, que pretende garantir a rendibilidade das instalacións desenvolvidas no ano 2015.

Por último, respecto ao obxectivo de eficiencia enerxética, o Plan Nacional de Eficiencia Enerxética 2014-2020 recolle o obxectivo de consumo de enerxía primaria en 2020 de 119,9Mtep, en consonancia co obxectivo da UE 2020

As emisións de GEI en Galicia no ano 2015 situáronse un 1% por riba das rexistradas no ano 1990, alonxándose do obxectivo fixado na Estratexia Europea 2020 para un crecemento intelixente, sostible e integrador

Índice de emisiones de CO2 equivalentes en Galicia e España 1990-2015 ⁽¹⁾




(1) 1990 = 100

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, *Inventario Nacional de Emisiones de Contaminantes a la Atmósfera*

4.4.2.

Emisións á atmosfera GEI 1990-2014: distribución segundo sector de actividade



Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, *Informes de cambio climático*

4.4.3.


de situar nese ano as emisións de gases efecto invernadoiro nun 92% respecto ás de 1990 e reducir as emisións entre 1990 y 2020 nun 20%.

Atendendo aos datos facilitados polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, Galicia emitiu no ano 2015 un total de 28.810 toneladas equivalentes de CO₂, o que supón un incremento do 6,2%

respecto do ano 2014 e 279 toneladas máis que no ano base de 1990, o que supón un aumento do 1% en relación aos valores do dito ano 1990.

Só dispoñemos de datos de emisións desagregados para o ano 2014, data na que descendieron as ditas emisións a causa da redución das emisións asociadas aos procesos de combustión na industria e á categoría

Emisións á atmosfera 2014: distribución segundo sector



(1) o sector difuso é o non regulado pola Directiva 2003/87/CE pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro

Fonte: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, *Informe emisións GEI en Galicia*

4.4.4.

Emisións de CO₂ 2016

	Instalacións	Emisións			
		asignadas (t CO ₂ eq)	declaradas		
			2016 (t CO ₂ eq)	16/15	
Producción enerxía eléctrica	4	-	9.395.282	-	1.302.056
Coxeración-combustión	27	497.711	1.178.223	-	92.130
Refino e produción de H ₂	2	998.237	1.380.620	-	30.376
Produción de aceiro e ferroalixes	5	553.144	531.719	-	18.466
Produción de aluminio	3	1.185.143	1.262.027	-	9.084
Produción de cemento, cal ou magnesita	2	102.872	119.142	-	17.466
Fabricación cerámica	1	6.150	7.798	-	760
Produción papel	2	57.354	123.880	-	8.788
Fabricación produtos químicos orgánicos	2	73.527	141.814	-	3.723
Total	48	3.474.138	14.140.505	-	1.212.815

Fonte: Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

4.4.5.

“outros sectores” (inclúe, entre outros, o sector residencial e comercial), os que diminuíron as súas emisións nun 10,8% e un 11,7%, respectivamente. Na maioría dos restantes sectores tamén se produciron descensos respecto dos niveis de emisión do ano anterior, aínda que máis moderados, como no caso das industrias do sector enerxético (0,4% menos) ou as emisións asociadas aos propios procesos industriais sen contabilizar a combustión (2% menos). Por contra, produciuse un incremento nas emisións no transporte (2,2% máis) e no sector agrícola e gandeiro (0,7% máis) (ver **cadro 4.4.3.**).

Os datos proporcionados polo informe de emisións GEI en Galicia (1990-2014) da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, destaca que máis da

metade do CO₂ emitido en Galicia no ano 2014 provén de instalacións sometidas ao comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro (sector directiva), correspondendo o 49% restante aos definidos como sectores difusos (**cadro 4.4.4.**). Respecto do ano anterior, as emisións de sectores difusos diminuíron un 2,8% mentres que os do sector directiva decreceron un 0,9%.

O **cadro 4.4.5.** mostra datos das inscricións das emisións e entrega de dereitos de emisións das instalacións suxeitas á aplicación da Lei 1/2005. No período de notificación de 2016, o volume total de emisións declaradas polas 48 instalacións afectadas pola devandita lei (as mesmas que no ano anterior) ascendeu a 14,1 millóns de toneladas de CO₂, o que supón unha redución

Emisións contaminantes nas CC.AA. 2015:
actividades e complexos contaminantes ⁽¹⁾

	actividades industriais	complexos industriais
Andalucía	34	290
Aragón	24	228
Asturias	21	33
Baleares	8	14
Canarias	7	22
Cantabria	17	19
Castela e León	22	441
Castela-A Mancha	25	214
Cataluña	36	865
C. Valenciana	23	181
Extremadura	6	33
Galicia	30	117
Madrid	14	47
Murcia	18	131
Navarra	17	106
País Vasco	25	69
A Ríoxa	7	17
Ceuta e Melilla	2	2
Total	336	2.829

(1) complexos que teñen datos de información pública

Fonte: Ministerio de Agricultura, Medio Ambiente y Alimentación,
Registro Estatal de Emisiones y Fuentes Contaminantes

4.4.6.

do 8% en relación ao ano anterior. O 66,4% das emisións totais declaradas corresponden ao sector da xeración de enerxía eléctrica, por diante do sector do refino e produción de hidróxeno e da produción de aluminio, co 9,8% e o 8,9% das emisións, respectivamente.

No último ano a cantidade de dereitos de emisión supera en 10,6 millóns a cantidade de dereitos asignados gratuitamente, dos que a meirande parte (9,4 millóns) corresponde á actividade de xeración de enerxía eléctrica, quen dende 2013 non recibe ningún tipo de asignación gratuíta.

Segundo os datos do Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes, no ano 2015 son 30 as actividades industriais contaminantes, ascendendo a 117 os complexos industriais clasificados tamén como contaminantes. Galicia ascende do cuarto ao terceiro lugar por número de actividades industriais contaminantes situándose como a oitava en canto ao número de complexos industriais así clasificados con información pública (**cadro 4.4.6.**).

• Gasto das empresas en protección medioambiental

As emisións de GEI permiten valorar a efectividade da

loita contra o cambio climático, así mesmo, outro indicador importante é a evolución e o volume de gasto que realizan as empresas para reducir as emisións contaminantes, que permite avaliar os resultados das políticas nacional e comunitaria nesta área medioambiental.

O gasto da industria galega en protección ambiental aumenta no ano 2014 (último dispoñible) un 3,9% en relación ao ano anterior, o que supón 6,5 millóns de euros máis. Este incremento é consecuencia case na súa totalidade do aumento do gasto en investimento (6 millóns de euros máis), moi superior ao incremento de 400 mil euros do gasto corrente en protección ambiental da industria galega (**cadro 4.4.7.**). Atendendo ao seu peso no conxunto do Estado, o gasto total representa o 7,2% do total estatal, sendo do 9,7% no caso do investimento.

Preto do 85% do investimento en protección ambiental da industria galega destínase a equipos e instalacións integradas no propio proceso produtivo, fronte a só o 15% do investimento total dedicado a equipos e instalacións independentes. A nivel estatal estas porcentaxes son menos dispares, con valores en torno ao 65% e o 35%, respectivamente.

Gastos das empresas en protección ambiental en Galicia e España 2008-14 ⁽¹⁾

	España				Galicia			
	2008	2012	2013	2014	2008	2012	2013	2014
<i>(en millóns de euros)</i>								
Total CNAE B, C e D	3.129,4	2.348,8	2.311,9	2.400,2	339,2	161,7	165,9	172,4
Investimento total	1.533,8	624,0	556,1	554,3	245,6	50,1	47,8	53,8
Equipos e instalacións independentes	686,7	265,5	220,2	195,0	75,9	13,0	7,6	8,3
Protección do aire e o clima	344,7	49,0	37,0	38,3	6,9	1,4	1,2	1,1
Xestión de augas residuais	156,3	71,1	74,3	43,7	23,5	2,5	3,8	1,4
Xestión de residuos	66,1	23,3	13,6	20,5	5,1	3,6	1,4	3,7
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	22,3	52,5	22,3	21,5	1,9	0,7	0,2	0,6
Redución de ruidos e vibracións	15,3	3,5	2,2	1,5	0,3	0,1	0,1	0,0
Protección da biodiversidade e a paisaxe	75,4	58,0	64,9	60,8	36,9	4,3	0,8	0,7
Outras actividades de protección ambiental	6,7	8,1	5,9	8,7	1,4	0,5	0,1	0,7
Equipos e instalacións integrados	847,1	358,6	336,0	359,2	169,8	37,1	40,2	45,6
Protección do aire e o clima	479,3	191,7	229,7	256,7	127,3	13,9	31,0	37,4
Xestión de augas residuais	80,3	55,1	39,0	37,7	4,8	15,6	2,8	2,3
Xestión de residuos	77,8	43,4	34,5	43,4	3,8	1,2	3,5	3,7
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	18,9	16,6	12,3	10,6	2,7	2,3	2,4	1,7
Redución de ruidos e vibracións	19,3	6,1	5,7	4,2	3,6	0,4	0,3	0,1
Outras actividades de protección ambiental	171,6	45,7	14,8	6,7	27,5	3,5	0,2	0,5
Gastos correntes	1.595,6	1.724,7	1.755,8	1.845,9	93,5	111,6	118,1	118,6
C. Industria manufacturera	2.421,0	2.098,5	2.094,4	2.109,2	132,6	121,2	131,6	151,4
Investimento total	917,9	480,7	453,3	394,6	48,0	25,3	34,8	47,8
Equipos e instalacións independentes	406,8	170,7	146,4	107,7	14,4	5,5	5,8	4,4
Emisións ao aire	179,3	43,3	34,8	26,6	4,3	0,5	1,0	1,1
Augas residuais	125,3	59,4	73,6	37,8	7,0	2,2	3,8	1,3
Residuos	60,0	12,0	9,9	15,6	1,9	2,1	0,6	0,9
Solos e augas subterráneas e augas superficiais	16,7	47,1	18,8	18,7	0,5	0,2	0,2	0,4
Ruidos e vibracións	13,6	3,3	2,1	0,7	0,2	0,1	0,1	0,0
Natureza e paisaxe	7,4	0,9	1,3	0,9	0,1	0,0	0,0	0,1
Outros equipos e instalacións	4,5	4,8	5,9	7,4	0,5	0,4	0,1	0,5
Equipos e instalacións integrados	511,1	310,0	306,9	287,0	33,5	19,8	29,1	43,4
Emisións ao aire	249,2	178,9	214,2	190,8	20,6	11,9	22,7	36,3
Augas residuais	72,1	36,9	36,3	35,3	4,7	2,9	0,8	1,5
Residuos	75,5	38,3	32,4	41,8	3,5	1,1	3,2	3,3
Solos e augas subterráneas e augas superficiais	10,6	12,1	6,7	9,0	0,5	2,3	1,9	1,6
Ruidos e vibracións	14,2	4,4	5,2	3,5	0,1	0,4	0,3	0,1
Outros equipos e instalacións	89,5	39,3	12,1	6,7	4,1	1,3	0,2	0,5
Gastos correntes	1.503,1	1.617,8	1.641,1	1.714,5	84,6	95,9	96,8	103,6

(1) datos referidos ás empresas das seccións B, C e D da CNAE-2009

Fonte: INE, Encuesta del gasto de la industria en protección ambiental

4.4.7.


O investimento en equipos integrados de emisións ao aire acada no ano 2014 un valor de 37,4 millóns de euros, 6,4 millóns máis que no ano 2013. Pola contra, o investimento en equipos e instalacións integradas para a xestión de augas residuais, para a protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais ou para a redución de ruidos e vibracións reducen a súa contía en relación ao investido no ano anterior.

A evolución dende o ano 2008 dos investimentos en protección ambiental da industria tanto galega como estatal mostra un forte descenso, tanto no que respecta a equi-

pos independentes como integrados. Fronte ao dito descenso, os gastos correntes en protección ambiental na industria aumentan en relación ao ano 2008, en torno ao 27% en Galicia e ao 15% no conxunto do Estado.

As industrias manufacturerais son as que realizan un maior gasto en protección ambiental, co 88% do total. O principal destino do investimento realizado polas industrias manufacturerais en Galicia no que respecta á protección ambiental son os equipos e instalacións integrados para a xestión das emisións ao aire, que, con 36,3 millóns de euros, incrementan o seu investimento nun 60% en relación ao ano anterior. Os gastos nos si-

Superficie protexida (ha) por espazos naturais en 2016



Fonte: Europarc-España, *Anuario del estado de las áreas protegidas en España*

4.4.8.

nalados equipos de emisións de aire representan o 76% do investimento da industria manufacturera e o 67,5% do investimento en protección ambiental da industria galega no ano 2014.

Natureza e biodiversidade

Tal como indica a Lei 9/2001, de Conservación da Natureza, os espazos naturais protexidos son aqueles espazos ou ecosistemas máis representativos e significativos do territorio galego que dispoñen dun réxime especial de protección.

O recentemente publicado anuario Europarc-España 2016 sinal que a superficie total cualificada como espazos naturais protexidos en Galicia acada as 398.609 ha, o que representa o 5,7% do total estatal.

En comparación co resto das CC.AA., o devandito anuario indica que Galicia é a sétima Comunidade con menor superficie terrestre protexida en relación á súa superficie territorial total.

Na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos, que representa en torno ao 12% da superficie total de Galicia e abrangue unha superficie de 397.660 hectáreas, das que o 99,5% conta con instrumento de planificación, están representados os principais ecosistemas, paisaxes ou hábitats galegos. Na citada Rede recóllense aqueles espazos naturais da Comunidade Autónoma que dispoñen dun réxime especial de protección en virtude das diferentes normativas autonómicas, estatais ou comunitarias así como convenios internacionais.

Estes espazos naturais móstranse graficamente no **mapa** adxunto e recollen os ecosistemas máis representativos e significativos do territorio galego: costas e rías, lagoas, ecosistemas fluviais, serras do interior, fragas e devesas, etc. A normativa autonómica que regula a protección está recollida na Lei 9/2001, de Conservación da Natureza.

A dita Rede esta constituída por aqueles espazos protexidos declarados nalgunha das categorías seguintes:



- Seis parques naturais declarados (49.087 hectáreas):
 - Baixa Limia-Serra do Xurés.- 29.345ha
 - Complexo dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán.- 996ha
 - Fragas do Eume.- 9.126ha
 - Monte Aloia.- 746ha
 - O Invernadeiro.- 5.722ha
 - A Serra da Enciña da Lastra.- 3.152ha

- O parque nacional marítimo terrestre das Illas Atlánticas, con 8.332,8 ha (7.138 ha mariñas).

- Oito zonas declaradas como monumentos naturais por ter un valor natural, paisaxístico, xeolóxico ou histórico singular (a praia das Catedrais; a Carballa da Rocha; Costa de Dexo; Fraga de Catasós; Serra de Pena Corneira; Souto da Retorta; Souto de Rozabales e o pregameito xeolóxico de Campodola-Leixazós), que suman en total 1.394 ha.

- Cinco humedais protexidos, cunha superficie de 7.709 ha (Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo; Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira; Lagoa e areal de Valdoviño; Ría de Ortigueira e Ladrado e a Ría de Ribadeo);

- Dúas paisaxes protexidas (Penedos de Pasarela e Traba e o Val do río Navea), con 903 ha.

- 71 zonas de especial protección dos valores naturais, que abarcan unha superficie de 389.593 hectáreas.

Seguindo as pautas contidas na Directiva 92/43 CEE, de 21 de maio, relativa á Conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, no ano 2014 aprobouse o decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación (ZEC) os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia. Tras sete actualizacións, Galicia conta como espazos protexidos da Rede Natura 2000, con 59 ZEC e 16 zonas de especial protección das aves (ZEPA).

Fóra da Rede Galega de Espazos Protexidos, cómpre mencionar dous tipos de espazos naturais protexidos: os espazos naturais de interese local (Xunqueira de Alba, Loio-Ruxidoira, Puzo de Lago, Voutureira, Illas de

San Pedro, Río Garfos e o Ecosistema dunar praia América-Panxón) e un espazo privado de interese natural, Sobreiras do Faro. A súa superficie é de 782 ha e 9,7 hectáreas, respectivamente.

Existen tamén áreas protexidas por instrumentos internacionais, que son todos aqueles espazos naturais formalmente designados de conformidade co disposto nos convenios e acordos internacionais correspondentes. Dentro desta terceira categoría Galicia conta con tres figuras:

- Humidais Ramsar, que é un convenio relativo a humidais de importancia internacional especialmente como hábitats de aves acuáticas. Na actualidade Galicia conta con cinco lugares Ramsar: o Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón e Lagoa Bodeira; as Rías de Ortigueira e Ladrado; o Complexo das praias, lagoa e duna de Corrubedo; a Lagoa e areal de Valdoviño; e a Ría do Eo.

- As reservas da biosfera, que presentan como principal obxectivo o de armonizar a conservación da natureza co desenvolvemento socioeconómico. As seis áreas declaradas como tal en Galicia son Os Ancares lucenses e Montes Navia, Cervantes e Becerreá; Río Eo, Oscos e Terras de Bourón; Terras do Miño; a Área de Allariz; a Baixa Limia- Serra do Xurés; e por último, As Mariñas Coruñesas e Terras de Mandeo.

- A rede OSPAR, relativa a áreas de protección do medio ambiente mariño do Atlántico nordeste. Os Estados membros teñen a obriga de propoñer zonas de interese dentro das súas respectivas augas xurisdiccionais, incluíndo a Zona Económica Exclusiva ou aquelas zonas mariñas onde o Estado exerza a súa soberanía. España aporta dúas zonas das 81 que forman parte da rede: parque nacional das Illas Atlánticas de Galicia, con 8.480 hectáreas, e a área mariña protexida de El Cañuco, en Asturias, con 234.966 hectáreas.

Bosques e incendios forestais

Galicia é unha das máis importantes potencias forestais de Europa, cunha superficie forestal arborada de máis de 1.400.000 hectáreas, o que representa o 48% de todo o territorio. Dos 1,4 millóns de hectáreas forestais arboradas, máis de 120.000 corresponden á superficie



Incendios forestais en Galicia e España 2015-16 (1): sinistros e superficie afectada

	2015				
	sinistros		superficie afectada (2)		
	conatos < 1 Ha	incendios >= 1 Ha	arborada	non arborada (en has.)	superficie total
Galicia	2.034	562	4.543,8	7.690,5	12.234,3
A Coruña	435	152	1.094,9	883,2	1.978,1
Lugo	330	88	641,2	694,8	1.336,0
Ourense	820	199	2.029,1	5.667,6	7.696,7
Pontevedra	449	123	778,6	444,9	1.223,5
España	7.786	4.167	33.620,6	66.178,3	99.798,9
Galicia / España (%)	26,1	13,5	13,5	11,6	12,3

	2016				
	sinistros		superficie afectada (2)		
	conatos < 1 Ha	incendios >= 1 Ha	arborada	non arborada (en has.)	superficie total
Galicia	1.773	425	8.744,7	12.269,6	21.014,4
A Coruña	438	131	2.302,7	1.513,5	3.816,3
Lugo	275	55	333,4	561,0	894,5
Ourense	556	123	3.101,6	8.235,4	11.337,1
Pontevedra	504	116	3.006,9	1.959,6	4.966,6
España	6.472	2.338	23.168,9	35.639,3	58.808,2
Galicia / España (%)	27,4	18,2	37,7	34,4	35,7

(1) datos son provisionais

(2) non se inclúen pastos nin pradeiras

Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

4.4.9.

forestal certificada, o que sitúa a Galicia á fronte do Estado en canto a xestión forestal sostible.

O IV Inventario Forestal Nacional revela que nos últimos 12 anos apenas houbo cambios na superficie forestal, salientando o incremento do 30% nas existencias de madeira no monte galego, por aumento de tamaño das masas existentes. Así mesmo, o monte galego rexistra un forte envellecemento e un empeoramento do seu estado de saúde, existindo en torno a 600.000 hectáreas de monte improdutivo. A provincia cunha maior masa forestal é Lugo, co 34% do total de Galicia, seguida de A Coruña (29,2% do total), Ourense e Pontevedra (21,8% e 14,8% respectivamente).


Segundo o avance do Anuario de Estadística Forestal 2014 (último dispoñible), Galicia é a Comunidade cunha maior extensión de superficie repoboada, con 3.277 ha, o que supón o 34% do total repoboado no Estado no ano 2014. As repoboacións en Galicia redúcense exclusivamente a especies produtoras, non existindo repoboacións das chamadas especies protec-

toras, que favorecen e melloran a conservación e diversidade forestal. Por outra banda, tamén cómpre salientar a escasa porcentaxe de superficie forestal suxeita a algún instrumento de ordenación, que en Galicia é do 10,1%, fronte ao 16,3% de media no Estado.

En 2015 no conxunto de España existen 1.139 empresas certificadas en cadea de custodia PEFC (*Programme for the Endorsement of Forest Certification Schemes*) das que o 26,3% localízanse en Galicia (300 empresas). En Galicia a superficie certificada PEFC acadou as 158 mil hectáreas, o 10,9% do total certificado no conxunto do Estado; sendo a quinta Comunidade con maior superficie certificada, tras Castela e León, Navarra, Cataluña e Andalucía.

Un indicador importante da biodiversidade forestal existente nun territorio é o número de árbores e formacións senlleiras protexidas. No ano 2016, o Catálogo galego de árbores senlleiras inclúe a 148 árbores e 31 formacións senlleiras protexidas en Galicia.


Evolución conatos/incendios 2005-16



Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

4.4.10.

Evolución superficies forestais 2005-16



Fonte: Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente

4.4.11.

Unha das causas principais da perda da biodiversidade son as chamadas bioinvasións que poden provocar a extinción ou redución de certos taxóns, ademais de causar importantes alteracións na estrutura e funcionamento dos ecosistemas. En Galicia o taxón invasor máis frecuente é o do xénero *Acacia*.

O Inventario UE-ECE de danos forestais (IDF) é a principal fonte de información sobre a situación e evolución dos bosques en Europa e España. Os resultados do IDF de 2016 mostran que en España no ano 2015, o estado xeral do arborado experimenta un proceso de claro empeoramento.

Nas diferentes Comunidades Autónomas a evolución non é homoxénea, así, existen Comunidades como A Rioxa, onde a clase de árbores danadas diminúe un 14,6%, seguida de Galicia e Canarias, con aproximada-

mente o 5% menos de árbores danadas, fronte ao resto de Comunidades onde os resultados empeoran os obtidos en anos anteriores.

O parámetro utilizado para a avaliación é a defoliación, que indica o grao de degradación das masas forestais. Respecto ao ano 2014, os resultados obtidos tras o IDF 2016 con datos para 2015, mostran que o estado xeral do arborado experimenta un proceso de empeoramento, aumentando o número de árbores danadas (o 18% dos pes presentan defoliacións superiores ao 25%, mentres que no 2014 esta porcentaxe era do 13,2%). En Galicia obsérvanse fundamentalmente defoliacións de carácter moderado, a defoliación media observada no ano 2015 presenta un nivel de dano lixeiro 49,3%, así mesmo, a porcentaxe de árbores cunha defoliación moderada ou grave é do 13,8% no 2015.

Residuos urbanos recollidos nas CC.AA. 2013-14: distribución segundo tipo

	2013		2014		14/13	
	mezclados	recollidos selectivamente (en tm.)	mezclados	recollidos selectivamente	mezclados (%)	recollidos selectivamente
Andalucía	4.007.588	555.306	4.102.005	481.568	2,4	-13,3
Aragón	451.665	96.726	390.043	92.990	-13,6	-3,9
Asturias	389.570	130.662	411.488	130.504	5,6	-0,1
Baleares	607.197	202.247	621.531	130.430	2,4	-35,5
Canarias	1.072.168	132.653	1.202.583	132.153	12,2	-0,4
Cantabria	253.660	54.282	238.392	47.111	-6,0	-13,2
Castela e León	852.844	166.033	828.000	136.016	-2,9	-18,1
Castela - A Mancha	806.659	97.075	874.532	76.125	8,4	-21,6
Cataluña	2.582.231	1.051.240	2.543.744	1.136.925	-1,5	8,2
Comunidade Valenciana	1.827.633	313.975	1.640.526	278.717	-10,2	-11,2
Extremadura	395.278	54.370	437.945	86.377	10,8	58,9
Galicia	915.665	167.134	656.831	200.492	-28,3	20,0
Madrid	1.948.319	390.998	2.126.797	375.321	9,2	-4,0
Murcia	610.135	53.090	625.857	69.159	2,6	30,3
Navarra	179.792	98.710	152.293	111.958	-15,3	13,4
País Vasco	801.449	345.133	574.947	275.201	-28,3	-20,3
A Ríoxa	111.728	18.237	61.619	19.758	-44,8	8,3
Total	17.852.826	3.932.859	17.530.077	3.798.230	-1,8	-3,4

Fonte: INE, Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos

4.4.12.

No que atinxe aos **incendios forestais**, que constitúen a maior ameaza que sofren os bosques, o avance de datos correspondentes ao ano 2016 proporcionados polo Ministerio de Agricultura Alimentación e Medio Ambiente, destacan especialmente a redución tanto no número de conatos (<1ha) como de incendios forestais (13% e 24%, menos respectivamente), un descenso que ven acompañado de fortes incrementos na superficie queimada, incrementos superiores ao 70% en relación ao ano anterior, chegando ao 92% máis no caso das superficie arborada afectada (**cadro 4.4.9.**).

Os **gráficos 4.4.10.** e **4.4.11.** mostran a dita evolución en relación ao ano anterior, tanto dos sinistros como da superficie queimada. Nunha perspectiva temporal máis ampla, no **gráfico 4.4.10.** obsérvase como os datos de incendios rexistrados no ano 2016 están entre os de menor sinistralidade do decenio, só superior aos do ano 2014.

No que respecta á superficie queimada, tal como se mostra no **gráfico 4.4.11.**, aínda que os valores están por debaixo da media do decenio, o forte incremento no ano 2016 sitúa a superficie arborada afectada como a máis extensa dende o ano 2006.

Ao longo do último ano declaráronse 2.198 sinistros (2.596 no ano anterior), dos que 1.773 teñen menos dunha hectárea e 425 afectan a unha superficie superior á hectárea. En relación ao conxunto do Estado, Galicia sufriu o 27,4% dos sinistros rexistrados (26,1% no ano anterior), representando a superficie total queimada o 35,7% da superficie forestal total afectada polo lume a nivel estatal, fronte ao 12,3% que representou no ano 2015.

Ao igual que en anos anteriores, Ourense volve a ser a provincia onde se rexistraron o maior número de sinistros, cun total de 679 lumes. O 31% dos sinistros de Galicia tiveron lugar nesta provincia, representando a superficie queimada nos mesmos o 54% do total (11.337 hectáreas). No que atinxe á superficie queimada, séguelle en importancia a provincia de Pontevedra, con 4.967 ha, o 23,6% da superficie afectada polo lume, e A Coruña, con 3.816 hectáreas, o 18% do total.

Residuos sólidos urbanos

Entre as medidas adoptadas a nivel europeo para impulsar a competitividade, crear emprego e xerar un crecemento sostible, están as medidas sobre a economía circular, entre as que se inclúen varias propostas no ámbito da xestión, reciclaxe e reutilización de residuos, es-

Residuos urbanos recollidos nas CC.AA. 2013-14: distribución segundo tipo de residuo producido

	2013				2014			
	domésticos	papel e cartón	vidrio	envases mixtos (en tm)	domésticos	papel e cartón	vidrio	envases mixtos
Andalucía	3.825.590	100.864	79.001	77.415	3.849.712	95.866	82.208	76.354
Aragón	440.763	26.566	19.478	13.765	382.016	22.514	16.668	14.560
Asturias	379.965	58.682	32.817	9.944	395.760	49.754	32.687	9.984
Baleares	580.790	38.238	29.324	13.960	600.554	39.564	31.628	14.643
Canarias	1.052.980	30.624	29.363	15.880	1.165.984	30.659	31.163	16.225
Cantabria	236.156	10.335	10.386	5.078	218.760	9.878	10.237	5.097
Castela e León	838.782	45.036	40.280	18.008	814.861	43.432	40.857	20.882
Castela - A Mancha	777.284	26.351	21.040	17.679	836.058	26.218	20.690	17.502
Cataluña	2.495.715	262.428	154.732	124.407	2.443.702	271.427	162.447	120.590
C. Valenciana	1.798.999	54.032	80.869	39.796	1.596.150	57.928	79.025	40.546
Extremadura	391.583	34.437	8.676	10.418	433.709	39.097	7.156	10.604
Galicia	906.675	31.619	38.058	21.853	641.847	31.674	39.045	22.255
Madrid	1.897.284	94.388	78.640	121.537	2.074.800	89.463	78.005	122.723
Murcia	606.321	7.474	22.132	12.401	614.311	12.864	21.991	12.795
Navarra	170.106	24.427	15.521	18.471	149.343	22.981	16.697	20.298
País Vasco	779.441	130.614	54.402	33.942	567.654	122.104	56.119	36.020
A Rioxa	103.026	7.537	5.929	4.705	60.773	7.409	6.737	4.659
Total	17.320.704	988.226	720.930	559.258	16.886.941	976.896	733.864	565.736

Fonte: INE, *Encuesta sobre recogida y tratamiento de residuos*

4.4.13.

tablecendo unha folla de ruta para a xestión e o reciclado de residuos a 2030, entre as que salientan:

- Reciclado do 65 por 100 dos residuos municipais.
- Reciclado do 75 por 100 dos residuos de envases.
- Eliminación en vertedoiro como máximo do 10 por 100 dos residuos.
- Prohibición de depósito en vertedoiro dos residuos separados.
- Promoción de instrumentos económicos para desalentar a eliminación en vertedoiro.
- Mellora de definicións e harmonización de métodos de cálculo de porcentaxes de reciclado.
- Estímulo de reutilización e simbioses industrial, convertendo subprodutos dunha industria en materias primas de outra.
- Incentivo posta en mercado de produtos ecolóxicos e apoio á recuperación e reciclado.

No ano 2014 (último dato dispoñible) (**cadro 4.4.12.**), a recollida de residuos sólidos urbanos (RSU) descende un 20,8% para situarse nas 857 mil toneladas, o 4% do total estatal. En termos anuais por habitante, en Galicia recolléronse un total de 273,8 kg, o que a sitúa como a segunda Comunidade Autónoma con menor recollida de RSU, tras A Rioxa (256 kg).

Atendendo á desagregación segundo tipo de residuos,

este descenso rexístrase só no caso dos residuos mesturados fronte ao incremento no volume de residuos recollidos selectivamente. A recollida de residuos mesturados reduciuse un 28,3% respecto ao ano anterior, acadando os 657 miles de toneladas, en tanto que o volume de residuos recollidos selectivamente, tras un aumento do 20%, acadou as 200 mil toneladas (**cadro 4.4.12.**).

No **cadro 4.4.13.** móstrase a evolución por tipo de residuo. No ano 2014 redúcese o volume de residuos domésticos, fronte ao aumento do papel e cartón, vidro e as recollidas de envases mixtos.

Segundo datos da Memoria de Sostenibilidade 2015 da Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) das 805 mil toneladas de residuos xestionados por Sogama no ano 2015, 784 mil toneladas son procesados de bolsa negra e 21 mil toneladas, de bolsa amarela. Tres cuartas partes dos residuos procesados de bolsa negra recíclanse ou revalorízanse enerxéticamente e o 25% restante destínase ao vertedoiro.

Residuos industriais

A Directiva marco de residuos incorpora a obriga de establecer plans e programas de xestión de residuos así como a elaboración de programas de prevención, cuxa

Xeración de residuos en Galicia: 2010-14

	2010	2011	2012	2013	2014
	(en Tm.)				
Minería e extracción	236.830	230.845	233.402	257.231	286.828
Sector primario e alimentario	177.252	153.815	81.238	94.870	106.067
Sector madeira e papel	62.836	16.963	24.531	27.417	36.307
Coiro e téxtil	2.688	2.179	2.018	1.904	2.039
Petróleo, gas natural e carbón	460	582	4.860	1.298	5.599
Procesos químicos inorgánicos	4.360	5.470	4.127	5.190	4.370
Procesos químicos orgánicos	1.167	1.201	771	1.361	764
Pinturas, adhesivos e tintas	10.790	9.630	9.035	9.017	8.106
Industria fotográfica	417	321	342	352	212
Procesos térmicos	266.779	276.980	505.215	394.427	373.788
Tratamento químico superficies	8.070	5.851	6.293	7.919	9.618
Tratamento físico superficies	273.197	224.525	118.825	127.408	101.471
Residuos aceitosos	33.669	37.953	40.273	45.442	46.655
Disolventes	577	632	616	734	652
Envases e absorbentes	91.796	107.595	89.855	113.590	118.311
Outros	195.866	184.720	141.238	149.281	132.122
Construción e demolición	763.477	585.084	530.578	520.994	759.818
Servizos médicos	10.341	10.060	11.793	10.485	10.514
Tratamento de residuos e auga	282.739	307.420	344.342	286.815	405.128
Residuos domésticos asimilables	3.284	2.927	8.291	2.571	3.022
Total	2.426.595	2.164.753	2.157.643	2.058.306	2.411.391

Fonte: Plan de Xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022

4.4.14.

Instalacións autorizadas para o tratamento de residuos industriais en Galicia 2016

	Instalacións (nº)	Capacidade máxima (en Tm.)
Almacenamento (1)	195	625.183
Clasificación	69	821.227
Valorización	369	9.206.746
Eliminación (2)	22	169.389
Total	655	10.822.545

(1) Capacidade en toneladas máximas de residuos que se poden almacenar nas instalacións

(2) Non computada a capacidade de eliminación en vertedoiros

Fonte: Plan de Xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022

4.4.15.

finalidade é romper o vínculo entre crecemento económico e xeración de residuos.

O Plan de xestión de residuos industriais de Galicia 2016-2022 (en diante PRIGA) ten como finalidade establecer un marco de referencia na planificación da xestión dos residuos industriais en Galicia, para unha axeitada xestión dos residuos industriais xerados, facendo especial énfase na prevención e na aplicación do principio de xerarquía, creando unha folia de ruta integradora e coherente con outras estratexias como a do cambio climático. O PRIGA dá continuidade ao Plan de xestión de residuos e solos contaminados de Galicia 2000-2006.

A diagnose da situación actual incluída no plan determina que, no ano 2014 (último dato consolidado), xeráronse en Galicia 2,4 millóns de toneladas de residuos (**cadro 4.4.14.**), dos que 2,2 millóns (93%) son residuos non perigosos. Os residuos de construción e demolición (RCD) son os de maior xeración (32%) seguidos dos residuos procedentes do tratamento de residuos e auga e dos procesos de tratamento térmico.

O Centro de Tratamento de Residuos Industriais de Galicia (CTRIG) desenvolve a súa actividade dende o ano 1995 como servizo público baixo a modalidade de xestión indirecta a través dunha sociedade de economía

mixta denominada Sociedade Galega de Residuos Industriais S.A. (Sogarisa), xunto con cada vez un maior número de plantas de xestión privada.

As instalacións autorizadas na actualidade, tanto de residuos perigosos coma non perigosos, en función da súa tipoloxía e capacidade móstranse no **cadro 4.4.15**. Existen 195 instalacións de almacenamento cunha capacidade máxima de 625 mil toneladas, 69 instalación de clasificación con 821 mil toneladas/ano de máximo, 369 instalacións de valorización (9,2 millóns de t/a) e 22 instalacións de eliminación (169 mil t/a).

Finalmente, destacar que a perigosidade ou non do residuo marca a xestión do mesmo, xa que o residuo non perigoso está nun 82% destinado a valorización material e o residuo perigoso está destinado maioritariamente á eliminación en depósito de seguridade (65%) e nun 32% a valorización material do mesmo. 

4.5.

Ocio e cultura

A Conta Satélite da Cultura de Galicia (2011), elaborada polo Instituto Galego de Estatística (2016) sinala que o sector da cultura achega o 2% do Produto Interior Bruto de Galicia, de xeito que as industrias culturais no ano 2011 xeraron un valor engadido superior aos mil cen millóns de euros.

A análise do ocio e cultura no presente capítulo non se realiza dende un punto de vista das magnitudes macroeconómicas, máis os datos sinalados permiten contextualizar axeitadamente a importancia capital do sector na nosa Comunidade. A análise da situación da cultura en Galicia, no presente capítulo, realízase a través do estudo de magnitudes transversais e de dominios culturais, entendendo por magnitudes transversais as operacións estatísticas que afectan a diferentes sectores culturais, e por dominios culturais ou magnitudes sectoriais, aqueles que representan un conxunto común de actividades económicas e sociais que tradicionalmente son consideradas de natureza cultural, tales coma os bens culturais, libros e publicacións periódicas ou artes musicais, entre outras. A consideración de factores fundamentais no eido cultural como os relacionados co ensino ou o uso das tecnoloxías nos fogares analízanse no capítulo da educación e o dedicado ás actividades de I+D.

A distribución funcional do orzamento de gastos da Administración Xeral amosa que, dentro da produción de bens públicos de carácter social, o presuposto dedicado a cultura (función 43) ascende en 2017 a 64 millóns de euros, un 3% máis que o ano anterior.

Indicadores transversais

As magnitudes transversais fan referencia a todos aqueles indicadores que afecten a diferentes sectores ou actividades culturais: emprego, sector empresarial, financiamento e gasto público en cultura, gasto e consumo cultural nos fogares, propiedade intelectual e turismo cultural.

• Emprego cultural

Os datos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte reflicten que o número de persoas ocupadas en actividades cunha dimensión cultural en Galicia no ano 2016 sitúase en 29.200 ocupados, o que representa o 5,4% do emprego cultural no conxunto do Estado. En termos absolutos, **cadro 4.5.1.**, Galicia é a quinta Comunidade con maior número de persoas empregadas en actividades culturais, tras Madrid, Cataluña, Andalucía e a Comunidade Valenciana.

Emprego cultural nas CC.AA. 2009-16 ⁽¹⁾

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
	(miles)							
Andalucía	68,4	52,8	49,4	45,8	49,0	58,2	54,7	64,3
Aragón	14,2	13,5	13,6	9,6	9,2	12,4	15,0	13,1
Asturias	9,7	8,5	7,2	8,4	7,6	7,9	8,5	9,7
Baleares	13,2	12,3	9,8	10,0	13,2	13,2	14,7	14,1
Canarias	16,6	16,9	15,6	14,2	12,9	15,0	19,3	17,3
Castela - A Mancha	15,3	14,9	13,1	12,0	13,7	14,8	14,6	17,8
Castela e León	22,2	24,9	19,6	17,7	17,2	17,7	18,1	19,2
Cataluña	117,7	126,1	126,1	105,1	117,0	122,0	108,3	117,0
Comunidade Valenciana	48,8	46,7	42,0	43,4	42,0	41,9	47,1	42,8
Galicia	33,2	30,6	24,2	21,4	24,3	27,6	26,6	29,2
Madrid	119,1	97,3	116,7	132,7	125,5	127,9	135,4	142,0
Murcia	10,4	10,5	6,7	9,4	9,7	9,3	9,0	10,2
Navarra	7,3	8,1	9,9	7,6	6,7	7,8	7,8	7,4
País Vasco	25,9	25,5	29,1	28,1	22,8	22,7	23,7	27,8
Cantabria, Extremadura, A Ríoxa, Ceuta e Melilla	15,0	14,7	15,8	13,6	14,5	13,4	12,3	12,9
Total	537,0	503,7	481,7	478,8	485,3	511,8	515,1	544,8

(1) ocupados de máis de 16 anos que desenvolven ocupacións culturais, considerando éstas como aquelas actividades profesionais cunha dimensión cultural como por exemplo escritores, artistas, arquivistas, bibliotecarios, actividades de edición, cinematográficas, de vídeo, radio, tv, actividades artísticas e de espectáculos e outras, con independencia da actividade principal do empregador

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Empleo cultural*

4.5.1.

Empresas culturais nas CC.AA. 2014-15: distribución segundo actividade económica principal

	2014		2015	
	Galicia	España	Galicia	España
Total empresas	5.747	107.922	6.016	112.037
En determinadas actividades da industria e dos servizos	4.111	83.257	4.424	88.071
Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras	213	4.980	234	5.364
Edición de libros, xornais e outras activ. edit.	351	8.152	359	8.170
Cinematografía, vídeo, radio, tv, e outras activ. de edic. musical	354	8.952	356	9.098
Axencias de novas	1	109	1	102
Actividades de deseño, creación, artísticas e de espectáculos	1.504	27.880	1.713	30.984
Fotografía	572	9.443	637	10.425
Actividades de tradución e interpretación	315	7.695	328	8.075
Artes gráficas e reprod. de soportes grabados	713	14.331	709	14.042
Fabricac. de soportes, aparatos de imaxe e son e instr. musicais	25	312	27	326
Educación cultural	63	1.403	60	1.485
En determinadas actividades do comercio e aluguer	1.636	24.665	1.592	23.966

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.2.

En relación co ano anterior, a ocupación neste sector medra en Galicia un 9,8% (2.600 persoas máis), superior ao incremento do 5,8% no conxunto do Estado. A evolución do emprego cultural nas diferentes CCAA no ano 2016 foi desigual, con incrementos de emprego superiores á media estatal en Castela-A Mancha, Andalucía, País Vasco, Asturias, Murcia, Galicia, Cataluña e Castela-León e con caídas superiores ao 10% en comunidades como Aragón ou Canarias.

• Empresas culturais

Defínense como empresas culturais aquelas cuxa principal actividade económica atópase relacionada co ámbito da cultura, actividades vinculadas a bibliotecas, arquivos, museos e outras institucións culturais, actividades cinematográficas, de vídeo, de radio e televisión así como as artísticas e de espectáculos, entre outras. No ano 2015 en Galicia, rexistráronse 6.016 empresas

Gasto público liquidado en cultura en Galicia e España 2013-14

		2013		2014	
		Galicia	España	Galicia	España
Total	(en miles de euros)	67.655	1.071.063	62.218	1.046.924
Gasto / gasto liquidado total		0,69	0,62	0,61	0,58
Gasto / PIB	(%)	0,12	0,10	0,12	0,10
Gasto / habitante	(en euros)	24,5	22,9	22,60	22,50
Actividades					
Bens e servizos culturais		31.584	397.815	26.289	410.042
Artes plásticas, escénicas e musicais		-	229.685	-	235.815
Libro e audiovisual	(en miles de euros)	-	48.445	-	47.809
Interdisciplinar e non distribuído		36.071	395.119	35.929	353.259

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Estadística de financiación y gasto público en cultura*

4.5.3.

culturais, 269 máis que no ano anterior, o que supón o 5,4% das empresas culturais españolas.

Galicia é a sexta Comunidade con maior número de empresas. No que respecta ás actividades da industria e servizos, que abranguen o 73,5% das empresas culturais en Galicia, cómpre mencionar as actividades de “diseño, creación artística e de espectáculos”, que con 1.713 empresas, representan o 28,5% das empresas culturais en Galicia, así como as actividades de “artes gráficas e reprodución de soportes gravados”, que supoñen con 709 empresas, o 11,8% das empresas culturais galegas.

• Financiamento e gasto público en cultura

Para analizar o gasto público destinado á cultura en Galicia, enténdese por gasto público en cultura o gasto consolidado liquidado destinado a cultura, na súa fase de obrigas recoñecidas, polo que a natureza do financiador e non a do receptor é a que determina o carácter público ou privado do gasto. O gasto que se presenta está consolidado, eliminando deste xeito a dobre contabilización.

O gasto liquidado en cultura realizado pola Administración autonómica galega ascendeu no ano 2014, último dispoñible, a 62,2 millóns de euros, o que indica unha redución do 8% en relación ao ano anterior (5,4 millóns de euros menos), sendo o seu peso no PIB do 0,12% e a porcentaxe de gasto liquidado do 0,69% sobre o total do orzamento inicial. Como reflicte o **cadro 4.5.3.**, a redución do gasto liquidado en cultura ven explicada

pola redución de case o 17% no gasto das actividades incluídas dentro do apartado “bens e servizos culturais”. Esta redución supón 5,3 millóns de euros menos e afecta fundamentalmente ao gasto liquidado destinado a monumentos históricos (4 millóns de euros menos), bibliotecas (900 mil euros menos) e arquivos (400 mil euros menos).

Na mesma liña do acontecido no conxunto do Estado, Galicia presenta unha redución do seu gasto por habitante, que se sitúa en 22,6 euros (24,5 euros no ano anterior), unha redución do 7,8%, moi superior á redución media no conxunto do Estado, que se sitúa no 1,7%. A pesar da maior redución porcentual en Galicia que no Estado, o gasto medio en Galicia sitúase na media estatal.

• Gasto e consumo cultural nos fogares

No que respecta ao gasto cultural nos fogares galegos, o ano 2015 rompe coa tendencia de anos anteriores e incrementa o gasto destinado a consumo cultural por parte das familias, tanto en Galicia como no conxunto do Estado (**cadro 4.5.4.**).

A poboación galega gastou máis de 635 millóns de euros en cultura no ano 2015, un 15,9% superior ao realizado no ano anterior, un incremento moi superior ao rexistrado de media no Estado, onde o gasto nos fogares destinado a consumo cultural permanece estancado. Galicia é a Comunidade onde máis se incrementou o gasto total en bens e servizos culturais no último ano. A pesar deste forte incremento, a Co-

Consumo cultural nos fogares en Galicia e España 2014-15

		2014		2015	
		Galicia	España	Galicia	España
Total		548,6	11.963,3	635,8	11.968,9
libros e publicacións periódicas		99,4	1.659,3	96,8	1.749,7
servizos culturais	(en millóns de euros)	150,6	4.215,4	232,7	4.343,1
equipos e accesorios audiovisuais, fotográficos e cinematográficos		64,4	1.154,7	63,5	1.141,0
equipos e accesorios de tratamento de información e Internet		191,2	4.144,7	194,8	3.945,1
outros bens e servizos		43,0	789,2	48,0	790,0
gasto / habitante	(en euros)	201,9	260,1	235,0	260,4
gasto / fogar		509,6	653,6	587,7	651,4

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.4.

munidade galega sitúase en sexto lugar no conxunto do Estado en canto a gasto total en cultura, acadando o 5,3% do gasto total en España.

O principal destino deste gasto é o consumo de servizos culturais e a compra de equipos e accesorios de tratamento de información e internet, co 36,6% e o 30,6% do gasto total, respectivamente, seguido polo gasto en libros e publicacións periódicas, que representa o 15,2%. Analizando a evolución dos diferentes gastos, aprecíase un descenso paulatino do apartado de libros e publicacións periódicas, un pequeno incremento dos equipos e accesorios audiovisuais de tratamento da información e internet e un crecemento importante do gasto en servizos culturais.

En termos relativos, o gasto medio por fogar en cultura situouse no ano 2015 en 587,7 euros, case 64 euros menos que a media estatal. Comparado co resto das Comunidades Autónomas, este importe sitúa a Galicia como a sétima CC.AA. con menor gasto por fogar. En termos per cápita, o gasto medio situouse en 235 euros por persoa (260,4 de media en España), sendo tamén a sétima Comunidade Autónoma con menor gasto.

O incremento do consumo cultural en Galicia pode vir impulsado pola evolución dos prezos, xa que os bens e servizos culturais baixan o seu prezo en conxunto dende o ano 2014, sendo a baixada máis acusada a dos equipos e soportes audiovisuais, fotográficos e informáticos. A confianza dos consumidores tamén semella incidir de xeito positivo na evolución do consumo, xa que no 2016, máis do 70% dos galegos poden permitirse “saír a cear, á cafetería, ao cine e ao teatro”, fronte a só o 40% do 2012.

• Propiedade intelectual

Defínese como propiedade intelectual o conxunto de dereitos que corresponden aos autores e outros titulares respecto ás obras e prestacións froito da súa creación. A información dispoñible sobre os dereitos de propiedade intelectual deriva das Entidades de Xestión así como da explotación estatística do Rexistro xeral da propiedade intelectual.

En Galicia, a diferenza do acontecido no conxunto do Estado, no ano 2015 cambia a tendencia de anos anteriores e incrementábase o número de primeiras inscricións de dereitos de propiedade industrial realizadas no Rexistro da Propiedade Intelectual, fronte ao descenso no Estado. No último ano realizáronse un total de 1.490 inscricións, 269 máis que no ano anterior, aumentando o seu peso relativo no total estatal ata o 5,9%, fronte ao 4,7% do ano 2014. O 71,4% do total das inscricións corresponderon a obras literarias e científicas, seguidas das obras musicais, cinematográficas e audiovisuais, co 15,8% (**cadro 4.5.5.**).

• Turismo cultural

Un aspecto que incide directamente na evolución das actividades culturais e no sector da cultura en xeral é o turismo, en concreto o turismo por motivos de ocio e cultura. Os datos dos que se dispón para analizar a evolución deste indicador son os proporcionados polo INE que se refiren, exclusivamente, a residentes nacionais. No ano 2016 observamos unha caída das viaxes totais que realizan os residentes da nosa Comunidade. Os viaxes por motivos culturais representan o 5,2% do total de viaxes realizados polos galegos no ano 2016, sendo

Dereitos de propiedade intelectual 2009-15 ⁽¹⁾

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Obras literarias e científicas							
Galicia	1.283	1.254	1.313	1.207	1.157	931	1.064
España	24.186	20.230	24.540	24.039	20.919	19.235	18.360
Obras musicais, cinematograficas e audiovisuais							
Galicia	300	284	300	255	294	178	235
España	6.307	6.266	6.335	5.611	5.483	4.403	4.430
Obras artísticas e técnicas							
Galicia	117	114	113	106	90	79	133
España	2.965	2.296	2.915	2.178	2.055	1.786	1.779
Outras							
Galicia	56	106	57	85	43	33	58
España	854	838	1.141	854	846	755	748
Total							
Galicia	1.756	1.758	1.783	1.653	1.584	1.221	1.490
España	34.312	29.630	34.931	32.682	29.303	26.179	25.317

(1) primeiras inscricións realizadas no Rexistro da Propiedade Intelectual; o dato total de España recolle a suma das inscricións no rexistro central e nos rexistros territoriais

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Propiedad intelectual*

4.5.5.

Viaxes por motivos culturais de residentes 2015-16

	2015		2016	
	Galicia	España	Galicia	España
Viaxes totais	8.853.166	160.331.085	8.497.311	166.218.791
Ocio, recreo e vacacións	3.069.870	71.272.071	3.199.982	76.784.754
Turismo cultural	444.213	9.332.102	443.021	9.425.271
Pernoctacións totais	27.143.870	616.515.918	27.223.153	643.050.482
Ocio, recreo e vacacións	11.180.939	310.865.067	12.109.659	340.602.737
Turismo cultural	1.782.211	31.248.833	1.438.514	33.731.469
Duración media das viaxes (días)	3,07	3,85	3,20	3,87
Ocio, recreo e vacacións	3,64	4,36	3,78	4,44
Turismo cultural	4,01	3,35	3,25	3,58

Fonte: INE, *Encuesta de turismo de residentes*

4.5.6.

un 0,3% inferiores aos realizados no ano anterior. As pernoctacións e a duración dos viaxes culturais tamén caen en 2016, un 19% en ámbolos dous casos.

O gasto medio por viaxe realizado por turistas nacionais a Galicia sería de 169,6 euros, na media estatal (169,4 euros de gasto medio por persoa), pero por debaixo de Comunidades como Baleares (347 euros), Canarias (281 euros), Madrid (199 euros) ou o País Vasco (185 euros), entre outras.

O gasto medio por viaxe por motivos culturais realizado por turistas nacionais a Galicia sería de 343,3 euros por persoa, en torno a 40 euros máis que o gasto medio estatal, e o quinto máis elevado do Estado, por detrás do gasto medio nas Comunidades de Baleares, Canarias, Cantabria e País Vasco.

No ano 2016, os galegos realizaron 443 mil viaxes rexistrados como turismo por motivo cultural, nos que gastaron 264 millóns de euros, dos que o 7,6% corres-

Gasto nas viaxes por motivos culturais de residentes 2015-16

	Gasto total			
	2015		2016	
	Galicia	España	Galicia	España
<i>(en miles de euros)</i>				
Viaxes por destino				
Total	1.763.913,7	37.953.241,0	1.762.888,7	41.388.181,3
Estranxeiro	576.331,2	11.931.422,9	485.930,8	13.233.735,9
Galicia	564.898,3	1.567.258,0	540.998,6	1.647.596,3
Ocio, recreo e vacacións				
Total	846.942,1	20.648.371,8	911.404,9	23.368.955,5
Estranxeiro	267.066,9	6.449.162,6	275.018,9	7.585.371,4
Galicia	239.368,0	763.376,4	220.688,0	768.918,3
Turismo cultural				
Total	287.612,4	6.680.526,0	264.408,1	7.339.045,6
Estranxeiro	161.412,3	4.119.181,1	135.870,8	4.508.940,2
Galicia	20.217,5	182.999,5	20.235,1	172.184,3
Gasto medio por persona <i>(en euros)</i>				
Viaxes por destino				
Total	182,9	216,3	191,9	227,5
Estranxeiro	726,4	788,1	703,3	841,2
Galicia	82,5	158,8	83,1	169,6
Ocio, recreo e vacacións				
Total	240,0	260,1	249,2	272,0
Estranxeiro	581,2	794,3	600,7	830,0
Galicia	113,7	217,6	100,4	217,8
Turismo cultural				
Total	420,0	473,5	414,7	509,0
Estranxeiro	670,8	862,2	698,4	902,9
Galicia	161,6	342,3	140,2	343,3
Gasto medio diario por persona <i>(en euros)</i>				
Viaxes por destino				
Total	54,4	50,6	53,9	53,0
Estranxeiro	108,9	89,6	89,0	96,4
Galicia	31,3	40,0	30,3	41,42
Ocio, recreo e vacacións				
Total	63,8	57,4	64,2	58,8
Estranxeiro	127,2	132,5	132,0	133,8
Galicia	37,8	46,1	30,8	43,9
Turismo cultural				
Total	96,2	109,5	110,4	112,2
Estranxeiro	133,6	138,4	142,1	142,3
Galicia	34,9	64,8	62,8	74,4

Fonte: INE, *Encuesta de turismo de residentes*

4.5.7.

ponde ao gasto de galegos dentro da Comunidade, fronte ao 51% do gasto total en turismo cultura dos galegos que se efectúa fóra do territorio nacional.

Dominios culturais

Dentro dos chamados dominios culturais, analízanse os bens de interese cultural, a actividade da edición de libros e publicacións periódicas, as artes escénicas e musicais e, finalmente, os medios audiovisuais e interactivos, como magnitudes sectoriais concretas dos dominios culturais.

- **Bens de interese cultural**

Forman parte do patrimonio cultural de Galicia todos

os bens materiais e inmateriais que, polo seu recoñecido valor propio, deban ser considerados de interese relevante para a permanencia e a identidade da cultura galega a través do tempo. Os máis sobranceiros deles son recoñecidos como Bens de Interese Cultural (BIC), que se clasifican en bens mobles ou bens inmobles. Os bens inmobles poderán selo de forma individual ou ben como colección, e a súa declaración atenderá ás seguintes clases: monumento, conxunto e sitio histórico, xardín histórico e zona arqueolóxica. O conxunto de bens inmobles inscritos no ano 2015 como bens de Interese Cultural (BIC) ascendeu a 767, un máis que no ano anterior. Si se analizan os datos por categorías, a maior parte dos bens inmóbeis inscritos en 2015 con BIC correspóndense coa categoría de monumentos, o 82%, seguidos polos sitios históricos, que representan

Bens mobles e inmobles inscritos como Bens de Interese Cultural (BIC) en Galicia e España 2014-15

	2014		2015	
	Galicia	España	Galicia	España
Bens Interese Cultural (BIC)	4.553	36.427	5.845	37.672
Bens inmobles	766	17.107	767	17.302
Monumento	628	13.405	629	13.558
Xardín Histórico	6	91	6	91
Conxunto histórico	50	966	50	970
Sitio histórico	68	427	68	457
Zona arqueolóxica	14	2.218	14	2.226
Bens mobles	3.787	19.320	5.078	20.370

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.8.

Tirada e difusión da prensa diaria 2015-16 ⁽¹⁾

Medio	2015		2016	
	Promedio tirada	Promedio difusión	Promedio tirada	Promedio difusión
Atlántico Diario	3.850	2.904	3.675	2.826
Diario de Pontevedra	6.123	5.194	5.826	4.930
Faro de Vigo	34.711	29.650	33.149	28.511
La Opinión A Coruña	5.946	4.348	5.678	4.193
El Progreso Lugo	15.125	12.747	14.827	12.379
La Voz de Galicia	83.095	72.949	80.437	71.152

(1) cabeceiras controladas pola OJD entre xullo 2015 e xuño 2016
Fonte: Oficina de Justificación de la Difusión

4.5.9.

o 8,8%; polos conxuntos históricos, co 6,5%; polas zonas arqueolóxicas, co 1,8%; e os xardíns históricos, co 0,8%.

No ano 2015 prodúcese novamente un forte incremento dos bens mobles, debido ao aumento dos bens incoados en Galicia correspondentes na súa maior parte á categoría “Pintura e Debuxo”.

O número de bens mobles inscritos en Galicia no ano 2015 ascendeu a 5.078, o que representa o 25% do total estatal. Deste total 382 corresponden a BIC declarados e 4.696 a BIC incoados.

• Libro e publicacións periódicas

En 2015, cae novamente, como ven acontecendo dende o ano 2010, agás a excepción do 2014, o número de libros inscritos no International Standar Book Number (ISBN) en Galicia. En 2015 Galicia editou 2.266 li-

bro, 338 menos que en 2014, o que supón un descenso dun 13%; Galicia ocupa o quinto lugar no conxunto do Estado en número de libros inscritos no ISBN. O número de libros publicados en galego no ano 2015 foi de 1.394, tamén inferior aos do ano anterior, con 45 libros menos; así mesmo traducíronse ao idioma galego 64 libros no ano 2015.

Respecto á prensa escrita, os datos da Oficina de Justificación de la Difusión (OJD) amosan que os principais xornais galegos con cabeceiras controladas pola OJD continúan reducindo a súa tirada media en relación ao período anterior. Entre xullo de 2015 e xuño de 2016, a tirada media está en torno aos 23.932 exemplares (24.808 no mesmo período do ano anterior), cun promedio de difusión de 20.665 exemplares (21.299 no período anterior). O diario con maior tirada en Galicia no citado período é *La Voz de Galicia*, que acada de promedio 80.437 exemplares diarios e a súa difusión chega ata os 71.152 exemplares. O segundo diario ga-

Artes escénicas e musicais en Galicia e España 2014-15

	2014		2015	
	Galicia	España	Galicia	España
Obras musicais				
Editores	3	70	5	54
Obras inscritas (1)	12	1.393	8	683
en galego	3		4	
Espazos escénicos				
Número	87	1.546	83	1.569
Espazos/100.000 habitantes	3,2	3,3	3,0	3,4
Salas concertos				
Salas	30	541	30	537
Salas/100.000 habitantes	1,1	1,2	1,1	1,2
Compañías				
Teatro	231	3.617	228	3.640
Danza	86	937	86	964
Festivais				
Teatro	52	654	60	787
Danza	18	319	19	329

(1) Inscritas en el ISMN

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.10.

Espectadores e recadación nas artes escénicas en Galicia e España 2014-15

		2014		2015	
		Galicia	España	Galicia	España
Representacións		6.687	159.969	6.410	154.796
obras teatrais		1.522	47.660	1.527	46.774
xénero lírico		23	1.162	22	1.106
danza		68	2.158	65	2.068
concertos música clásica		1.136	14.400	1.150	14.636
concertos música popular		3.938	94.589	3.646	90.212
Espectadores		1.588	38.450	1.567	37.476
obras teatrais		366	12.077	398	12.045
xénero lírico	(en miles)	15	701	14	664
danza		30	910	30	863
concertos música clásica		236	4.400	254	4.532
concertos música popular		941	20.362	871	19.372
Recadación		10.307	366.105	10.805	372.108
obras teatrais		3.464	181.267	4.133	192.341
xénero lírico	(en miles de euros)	128	21.581	123	20.413
danza		173	8.673	169	8.371
concertos música clásica		764	36.028	1.031	38.001
concertos música popular		5.778	118.556	5.349	112.982
Gasto medio espectador					
obras teatrais		9,5	15,0	10,4	16,0
xénero lírico	(euros)	8,5	30,8	8,8	30,8
danza		5,8	9,5	5,6	9,7
concertos música clásica		3,2	8,2	4,1	8,4
concertos música popular		6,1	5,8	6,1	5,8

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Anuario de Estadísticas Culturales*

4.5.11.

lego en importancia é o *Faro de Vigo*, cunha tirada de 33.149 exemplares e unha difusión de 28.511 exemplares (**cadro 4.5.9.**).


• Artes escénicas e musicais

Neste apartado, preténdese dar unha visión breve das artes escénicas e da música en Galicia, con indicadores

da creación musical, da infraestrutura das artes escénicas e musicais, da interpretación e da actividade nestes sectores.

Os **cadros 4.5.10.** e **4.5.11.** mostran os principais indicadores das artes escénicas e musicais en Galicia e España. Con carácter xeral, os datos recollidos no devandito **cadro 4.5.10.** indican un estancamento dos

Espectadores no cine en Galicia e España 2006-15 (1): distribución segundo nacionalidade do film



(1) en millóns de persoas

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Estadística de cinematografía*

4.5.12.

indicadores en relación ao ano anterior. Así, redúcese o número de obras inscritas no International Standar Music Number (ISMN), o número de espazos escénicos e de compañías, manténdose estable o número de salas de concertos e incrementándose tanto os festivais de teatro coma de danza realizados en Galicia.

O número de espazos escénicos e de salas de concertos por cada 100.000 habitantes en Galicia, no ano 2015, é de 3 e 1,1 respectivamente, rateo levemente inferior á media estatal que é de 3,4 e 1,2 por cada 100.000 habitantes.

O número de representacións, así como o de espectadores, redúcese con carácter xeral nas distintas disciplinas recollidas no **cadro 4.5.11**. Só as representacións de música clásica e obras teatrais aumentan o seu número no ano 2015, acadando as 1.150 e 1.527, respectivamente.

O peso das representacións e espectadores galegos sobre o total estatal sitúase no 4,1% no 2015, mentres que a recadación destas actividades en Galicia só supón o 2,9% do total estatal.

Así mesmo, o gasto medio por espectador en Galicia

está moi por baixo da media española, especialmente no caso do xénero lírico, con 8,8 euros (30,8 euros en España), ou nas obras teatrais, con 10,4 euros, fronte a 16 euros de media en España.


• Medios audiovisuais e interactivos: cine, TV, radio

No ano 2015 en Galicia están rexistradas 13 empresas produtoras de cine, 38 cines e 175 salas de exhibición, o que supón 6,4 salas por cada 100.000 habitantes, lonxe da media estatal que no dito ano 2015 era de 7,7.

Tal como se observa no **gráfico 4.5.12.**, en Galicia no ano 2015 asistiron ao cine 4,1 millóns de persoas, isto é 500.000 espectadores máis que no ano anterior, un 14% máis. Con todo, os datos de asistencia media por habitante, aínda que melloran, distan de ser positivos, xa que Galicia con 1,5 asistencias por habitante e ano, está seis décimas por debaixo da media estatal, de xeito que os galegos son os que menos van ao cine, só por diante de Castela-A Mancha, Estremadura e Ceuta e Melilla.

Dos ditos 500.000 espectadores que recuperou o cine en Galicia, todos corresponden a cintas estranxeiras, xa


Cines e salas de exhibición en Galicia e España 2006-15



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Estadística de cinematografía*

4.5.13.

Recadación dos cines 2006-15: distribución segundo nacionalidade do film



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Estadística de cinematografía*

4.5.14.

que as películas españolas perderon 100.000 espectadores no último ano en Galicia.

Tal como se observa no **gráfico 4.5.14.**, os cines galegos aumentaron a súa recadación respecto a 2014 en 2,5 millóns de euros, acadando os 23,8 millóns de euros. Galicia é a sexta Comunidade en volume de recadación tras Madrid, Cataluña, Andalucía, Valencia e País Vasco. Son as longametraxes estranxeiras as que incrementan a recadación, compensando a caída das de orixe nacional.

Xunto á evolución positiva en espectadores e recadación, no ano 2015 en Galicia recuperáronse 3 cines e 5 salas de exhibición.

O custo medio da entrada mantense estable en Galicia no ano 2015 en relación ao ano anterior, situándose en 5,9 euros, levemente inferior á media do Estado (6 euros), sendo Galicia a cuarta Comunidade con maior prezo medio da entrada de cine. No que respecta ao

Ranking de emisoras de radio xeralista no EGM 2015-16 ⁽¹⁾

	2015		2016	
	oíntes / día (en miles)	share (%)	oíntes / día (en miles)	share (%)
Ser	4.419	35,4	4.269	34,0
COPE	2.029	15,1	2.588	20,8
Onda Cero	2.137	16,4	1.767	12,5
RNE	1.273	9,3	1.306	9,5
Rac 1	745	6,3	724	6,0
Catalunya Radio	595	3,7	546	3,4
EsRadio	337	2,8	361	2,8
Canal Sur Radio	327	2,5	302	2,3
Radio Euskadi	158	1,3	176	1,2
Radio Galega	138	1,0	127	0,9
Euskadi Irratia	90	0,7	82	0,5

(1) febreiro-novembro

Fonte: AIMC, *Estudio general de medios*

4.5.15.

gasto medio por habitante, Galicia con 8,7 euros, 3,7 menos que a media do Estado, é a cuarta Comunidade con menor prezo.

Finalmente, salientar o feito de que máis da metade da poboación galega, o 55,6%, non vai nunca ao cine, segundo a enquisa de hábitos e prácticas culturais en España 2014-2015, sendo o motivo principal o feito de consideralo caro.

En relación á televisión e á radio, no ranking de emisoras de radio xeralista do Estudio General de Medios (EGM), a *Radio Galega* sitúase no décimo posto, con 127.000 oíntes por día (11.000 menos que no mesmo período do ano anterior), o que significa un *share* do 0,9% (**cadro 4.5.15.**).

No que respecta ás cadeas de televisión, ao igual que no ano anterior a TVG sitúase no noveno posto da clasificación do EGM, caendo a cota de *share* do 1% ao 0,9%. 

The first part of the paper discusses the importance of understanding the underlying mechanisms of the observed phenomena. This involves a thorough review of the existing literature and a clear identification of the research gaps. The second part presents the methodology used in the study, which includes a combination of qualitative and quantitative approaches. The data collection process is described in detail, along with the statistical methods employed for data analysis. The results of the study are then presented, showing the key findings and their implications. Finally, the paper concludes with a summary of the main points and suggestions for future research.

The study aims to explore the relationship between the independent variable and the dependent variable, taking into account the moderating effect of the third variable. The research hypothesis is that there is a positive correlation between the independent variable and the dependent variable, which is moderated by the third variable. The study is designed to test this hypothesis using a sample of participants from various backgrounds.

The data was collected through a series of surveys and interviews, ensuring a comprehensive understanding of the participants' experiences. The analysis revealed that the independent variable has a significant positive impact on the dependent variable, and this relationship is further strengthened by the presence of the third variable. These findings have important implications for the field and provide a basis for further research.

In conclusion, the study has successfully identified the key factors influencing the relationship between the independent and dependent variables. The findings suggest that the third variable plays a crucial role in moderating this relationship. This research contributes to the existing knowledge in the field and offers valuable insights for future studies.